
13 xulio
agosto
setembro 1966

GRIAL



FLORENTINO L. CUEVILLAS: A economía nos tempos da cultura castrexa.

X. M. LÓPEZ NOGUEIRA: A dialéctica da eisistencia.

R. CARBALLO CALERO: El Ruedo Ibérico en el espejo plano.

X. ALONSO MONTERO: Ensayo de bilingüística: Galego e castelán frente a frente.

X. NEIRA VILAS: Catro contos.

ÁLVARO CUNQUEIRO: Parentes de Don Ramón por parte das estrelas.

AUGUSTO DE CAMPOS: Os poetas malditos do mal dizer.

VIGO

GRIAL REVISTA GALEGA DE CULTURA

N.º 13 — XULIO, AGOSTO, SETEMBRO 1966

SUMARIO

ENSAIOS — Páxinas

A economía nos tempos da cultura castrexa, por FLORENTINO L. CUEVILLAS 261

A dialéctica da eisistencia, por XOSÉ MANUEL LÓPEZ NOGUEIRA 276

El Ruedo Ibérico en el espejo plano, por R. CARBALLO CALERO 303

Ensayo de bilingüística. Galego e castelán frente a frente, por XESÚS ALONSO MONTERO 314

ESCOLMA

Catro contos, por XOSÉ NEIRA VILAS 334

Poemas, por CARLOS CASARES 341

Dúas narracións, por ARTURO REGUERA 343

PENEIRA DOS DÍAS

Parentes de Don Ramón por parte das estrelas, por ÁLVARO CUNQUEIRO 347

Italo Calvino e a novela italiana, por L. C. 352

Os poetas malditos do mal dizer, por AUGUSTO DE CAMPOS 357

La «Biblioteca Gallega», de Martínez Salazar, por ANDRÉS MARTÍNEZ-MORÁS 363

Raiz e Tempo, por X.-L. F. G. 369

LIBROS, por *R. C. C., X. M. López Nogueira, Basilio Losada*, e *S. Lorenzana* 375

O REGO DA CULTURA 389

Director periodista: **Anxel Sevillano.** — Codirectores: **Ramón Piñeiro López** e **Francisco Fernández del Riego.** — Consello de Redacción: **R. Carballo Calero - D. García Sabell - C. Fernández de la Vega S. M. López Nogueira - M. Dónega Rozas - Camilo G. Suárez Llanos Basilio Losada Castro - Ricardo García Suárez.**

A ECONOMÍA NOS TEMPOS DA CULTURA CASTREXA

Reproducimos iste orixinal inédito do prehistoriador Florentino L. Cuevillas, por consideralo de interés prós nosos leitores:

A primitiva Lusitania, ou o que é o mesmo, a terra comprendida entre o Texo e máis o promontoiro dos Ártabros, é descrebida por Polibio de Megalópolis [1] como unha terra deitosa e de vida farturenta e doada. O crima é tan bon que deixa que os homes e os animaes reprodúzanse con prodigalidade e que os froitos medren nos agros a cotío. As legumanzas e as frores fallan soio tres meses no ano. O peixe é nos mares lusitanos máis abondoso e de millor aspeito que no Mediterráneo. Unha fanega de orgo mércase por un dracma, e unha de trigo por nove óbolos de Alexandría. A ánfora de viño custa un dracma, unha xena meiana ou unha lebre, tres ou catro óbolos, unha vaca, cinco dracmas, e un boi que traballe, dez. A carne dos animaes case que non val ren; repártese sen cobrala e trócase por outras mercadorías.

Pra dármonos conta do valor distas afirmacións de Polibio, procedentes na sua maor parte da expedición de Décimo Junio Bruto, compre ter en conta que o exército diste cónsul marchou sempre sen arredarse moito da beiramar e non pasou ó norte do río Miño, percorrendo polo tanto somentes unha rexión vizosa e de crima doce. E por outra banda convén fixarse tamén en que non é posíbele elucidar, de entre os dados que consina o historiador grego, coaes son as que se refiren ós países de alén Douro, e coaes outros á porción setentrional, que máis tarde había coñecerse co nome de Galecia, podéndose supor aínda que as noticias que fan relación ó custo do viño, dos grans e dos gandos, procederían das terras da foz do Texo, que era onde estaban as bases de partida do exército romano a que denantes aludimos.

A Lusitania ostenta asimesmo en Estrabón, cuias fontes son niste caso Polibio e Posidonio, a sua sona de farturenta e ben abastada, embora se fagan xa distincións nidias entre as xentes que viven nas chairas, as que habitan na montana e as que mouran nas illas Casitérides. Díse, en xeral, que o chan dá moitos froitos e que sostén numeroso gado, mais engádese deseguida que as tribus montesías,

[1] Lib. XXXIV, frag X. In Ateneo, Lib. VIII.

por teren campos ermos e por poseer cativos bens, desexaron os alleos e armaron guerras cos que andaban millor remediados [2], e afírmase por cabo, noutra pasaxe [3], que os habitadores das Casitérides sustentábanse soio do seu gado.

Ista derradeira noticia indica que a gandeiría era a única fonte económica de certas tribus, podéndose supor que tiña tamén unha grande importancia nas restantes. Mais, ¿cómo era ista gandeiría? ¿Qué caste de animaes criábanse con meirande intensidade? ¿Predomiñaban os rebaños de bóvidos ou os fatos de avenza?

Polibio fala das xenas, mais alude asimesmo ás vacas e ós bois. Estrabón [4], pola sua parte, dínos que as xentes da montana manxaban, de xeito principal, carne de bode, e que bodes e cabalos imolábanse seguindo un rito imitante ó rito grego das hecatombes, a unha divindade da guerra que il identifica con Ares. E coincidindo cas noticias de Estrabón aparescen en Iustino [5], en Plinio [6], en Gracio [7] e en Marcial [8], referencias ós cabalos galegos e asturiáns, que son loubados pola sua marcha rápida e pola seguridade do seu paso, dexergándose duas castes difrentes: unha de pouca alzada, a dos *asturcóns*, e outra de maor tamaño, a dos *celdóns* ou *zieldóns* [9].

Na soleira dunha porta da citania de Sanfins hai representada unha ovella. No ex-voto da Arnoia [10], que lembra unha escea sagrificial na honra dun deus representado por unha serpe, aparescen un porco, unha xena e dous carneiros. No bronce do castro de Costa-Figueira [11], que reproduce outras esceas de sagrificio, míranse duas xugadas de bóvidos apostas ós cabezallos dos respeitivos carros e óllase a figura da vítima, anque tan esquematizada nos seus detalles, que non pode precisárese se é outro bóvido ou un carneiro. Nas diademas de Ribadeu, na inscultura da citania de Sanfins de Ferreira e nun testo cerámico da Franqueira hai cabalos representados co seu xinete. Os berroes de pedra, típicos da cultura dos castros casteláns, que inzan en grande número pola porción oriental de Tras-os-Montes [12] teñen indudábele relación cas cabezas de porco alcontradas nas

---

[2] III, 2, 5.
[3] III, 2, 5.
[4] III, 3, 7.
[5] XLIV, 3.
[6] VIII, 67.
[7] 514.
[8] XIV, 199.
[9] Schulten, *Hispania*, páx. 63.
[10] Ricardo Severo: *Ex-voto de bronze da "Collecção Manuel Negrão"*. "Portugalia", vol. I, fasc. III. José de Pinho: *A propósito duma velha joia ibérica*. "Trabalhos da Soc. de Antropologia e Etnologia", vol. V, páxs. 37 a 57. Porto, 1931.
[11] Eduardo de Freitas: *Estudo sobre dois bronzes arqueológicos*. Porto, 1923.
[12] A lista e distribución distes berroes pode verse en José Leite de Vasconcellos: *Religiões da Lusitania*, vol. III, páxs. 16 e seguintes, e en F. M. Alves: *Arqueologia trasmontana*, "Arch. Port.", vol. XXIII, páxina 317.

terras de Viana e de Verín, e asimesmo nos castros de Arados, Santa Marinha de Zezere, Sabroso [13] e Paderne [14]. De época posterior, que acusa xa a infruencia romana, semella ser a vaquiña de bronce atopada no castro de Taboexa [15], e coetáneo seu era de certo o touro, asimesmo de bronce, atopado en Abedes e que aparesceu posto por riba dunha coluna que tiña unha inscripción latina [16].

Se a ista enumeracin engadimos por último a vaca, o cordeiro e as ovellas que asegún a leitura feita por José de Pinho do epígrafe da ara de Marecos [17] ofrendábanse en efixie á deusa-mai *Nabicca,* teremos restituído pola arqueoloxía e polas lápidas o relatorio dos máis dos animaes domésticos que se criaban na Galecia, embora non podamos determiñar coaes eran os máis numerosos e estimados.

Polo que toca á utilización distes gados, hai que por en primeiro lugar o consumo da sua carne como alimento. Os espolios dos cuncheiros, nos que se amoreaban os rexeitos das cociñas castrexas, é posíbele que fornezan algún día precisións valiosas encol do asunto, mais polo de agora o número de cuncheiros esprorados é escaso e os seus restos osteolóxicos non foron aínda estudados dunha maneira amiudada. Sabemos así e todo que nun depósito de cunchas do Trega atopáronse cornos de xena [18], no cuncheiro do Neixón, moas de bóvidos e de porcos [19] e no de Baroña, hosos pequenos que deberon pertenceren a óvidos e cápridos [20].

Podería tirarse do eisame distes espolios, que en certo modo concordan cas noticias de Estrabón sobre a preferenza pola carne de cápridos, que na mantenza da xente dos castros empregábanse máis os animaes de veceira que o verdadeiro gado; mais sería pouco asisado o deducirmos consecuencias de informes incompretos, e que por outra banda refírense soio a poboados sitos á beira do mar, circunstancia que habería de infruir decerto no réxime alimenticio e poida ser que tamén na extensión da cría de determiñadas especies.

Fora xa do seu emprego como alimento, algunhos dos animaes domésticos que deixamos enumerados, utilizábanse aínda pra outros mesteres. Da esistencia do arado na Galecia dan fe, como aixiña veremos, Iustino e Silvio Itálico, e é de supor que entón como agora foran bóvidos os que turraban daquil aparello agrícola. Os bois xun-

---

[13] Mario Cardozo: *Citania e Sabroso,* páx. 61. Guimarães, 1930.
[14] J. L. de V.: *Castros lusitanos,* "Arch. Port.", vol. XIX, páx. 39. Lisboa, 1934.
[15] Está no "Museo de Pontevedra".
[16] C. I. L., II, 2522.
[17] *A ara de Marecos.* Penafiel, 1928.
[18] Julián López García: *La citania de Santa Tecla o una ciudad prehistórica desenterrada.* La Guardia, 1927, páx. 80.
[19] F. L. Cuevillas e F. Bouza Brey: *O Neixón.* "Boletín de la A. Gallega", tomo XVI.
[20] Noticias que debemos a Xaquín Lorenzo, que foi un dos excavadores dista estación.

guidos que se miran no bronce de Costa-Figueira, amostran dun xeito indubidábele que istes rumiantes aproveitábanse pra o trasporte apostos a carros, que debían seren moi imitantes ós que hoxe se usan no noroeste hispánico.

Unha inscultura de Vilasuso, entre a Guardia e Baiona [21], indícanos que nun tempo anterior ós castros, os cabalos usábanse na nosa terra como bestas de carga e de tiro, e unha referenza de Silvio [22] ó auriga galeco Lampou, *que en carreira desgalgada alastra atrás de sí ós rápidos ventos*, ensínanos que pasados ben anos non se esquecera a tradición de idades anteriores.

Da práitica das artes ecuestres hai tamén vellas testemuñas. Figuras estilizadas de xinetes atopáronse en Vilasuso e noutras estacións rupestres [23]. Estrabón [24] dí que os habitantes das montanas lusitánicas gostaban dos combates xímnicos, armados e dacabalo. Nas diademas de Ribadeu, no petroglifo de Sanfins e no testo cerámico da Franqueira míranse xinetes, e por cabo nunha lápida de Hardón, perto de Arjona [25], fálase dunha *Ala I Lemanorum*, cuios homes, procedentes do chairo val de Lemos, servían na cabaleiría romana, sen dúbida polas suas abelencias ecuestres.

As informacións que posuimos encol da maneira de criar e coidar os gados son moi escasas. Está así e todo fora de dúbida, que unha parte diles encortellábase no interior dos castros. Certas casopas e algúns pateos semellan teren sido utilizadas como cortes [26], e en San Cibrán das Lás e en Sanfins de Ferreira sinaláronse pías dispostas pra bebedoiros. Por outra parte é sabido canto abondan nas nosas cividades protohistóricas as pedras angulares e as providas con fura circolar, que se coñecen co nome de prisións de gado, nome que se xustifica pola sobrevivenza do tipo na arquiteitura rural de Montesinho, Alhoes, Moncorvo e Freixo [27], sendo ben citarmos aínda pra o caso os rellos atopados no Santa Trega [28], que é de supor serviran pra apreixar feixes de herba, destiñados como agora pra acomodaren as facendas na noite ou nos días de chuvia.

O pastoreio faríase nas terras adscritas a cada castro ou cividade, podendo ocurrir que nas grandes serras houbera pasteiros aproveitados en común por varias coleitividades castrexas, estando demostrada a esistencia do primeiro sistema pola frase de Estrabón [29], que dí que ós parricidas acantazábanos *fora dos límites*, e sobre todo

---

[21] Eugenio Jalhay: *Los grabados rupestres del extremo sudoeste de Galicia*. "Boletín de la C. de M. de Orense", vol. VII, n.º 167.
[22] Púnica. Lib. XVI.
[23] H. Obermaier: *Die bronzezeitlichen flosgravierungen von Norwestpanien (Galicien)*. Ipek, 1925, páx. 14.
[24] III, 3, 7.
[25] C. I. L., II, 2103.
[26] Julián López García: *op. cit.* na nota 18, páx. 62.
[27] Rocha Peixoto: *Prisiões de gado*. "Portugalia", vol. II, fasc. I.
[28] Julián López García: *op. cit.* na nota 18, páxs. 110 e 111.
[29] III, 3, 7.

pola pedra terminal de Castrocalbón [30] que sinalaba un lindeiro dos prados da *civitatem Beduniesem* cos da cohorte III, Gallica.

Dí Posidonio [31], que as xentes das Casitérides vivían aleixadas dos seus rebaños, mais iste xeito de coidar o gado en liberdade que aínda subsiste agora cos vacunos e cos cabalos da Barbanza, da Capelada e dalgunhos outros lugares, aparesce no propio texto de Posidonio como empregado soio polas xentes que vivían naquelas illas.

É de supor que nos grandes perigos os gados pertencentes á coleitividade ameazada, concentraríanse dentro dos recintos castrexos, ou millor quizáis nos fosos, parecendo máis lóxico o segundo suposto que o primeiro, ó termos en conta que non se sinalaron deica hoxe, na nosa área cultural, encerradeiros de animaes polo estilo do das Cogotas [32] e que moitas estacións ostentan os recintos cercados cheos por compreto de casarellas e pouco doados en secuenza prá garda de grandes rebaños.

Compremento do gado no aspeito alimenticio eran as aves de curral, de cuia esistencia nos castros dan fe un galiñeiro do Trega e os bebedoiros feitos nunha pedra na que se abríu unha cavidade semiesférica, que se atoparon en varias estacións, e que son por compreto idénticos ós que se miran na aitualidade nas aldeas galegas, sendo de supor que a case única especie de curro que se criaban serían as pitas, pois aínda agora é a que acada unha case escrusiva difusión.

O desenrolo da agricultura nos distintos pobos celtas acusa contrastes moi acusados. Nas Galias a laboura da terra costituía a principal ocupación das xentes [33]. César, durante as suas campañas, poido aprovisoarse abondosamente de trigo nos territorios de moitas tribus, e asegún Grenier [34], o aspeito das campías galas, no tempo da conquista romana, era idéntico ó que presentaban nos comenzos do século XIX. Ó revés do que ocurría nas Galias, paresce que na Gran Bretaña a precura dos agros tiña escasa importanza nos países do interior, e que soio frorescía na rexión da beiramar onde fora introducida polos belgas [35], e polo que toca ós celtas da meseta castelán asegura Schulten [36] que nos tempos do periplo fonte de Avieno, a gandeiría esprotábase con escrusión da agricultura.

Ora, ¿en qué estado de adianto agrícola alcontrábase a Galecia, celtizada con intensidade dende o século VI denantes de Xesucristo? As noticias dos autores clásicos son niste punto contraditorias. Estra-

[30] C. I. L. **Addend. 131.**
[31] Schulten: *Fontes Hispaniae Antiquae*, fasc. II, páx. 254.
[32] Juan Cabré: *Excavaciones de las Cogotas, Cardeñosa (Ávila). El Castro.* Memoria n.º 110 de la "Junta de Excavaciones", páxs. 37 a 40. Madrid, 1930.
[33] César: *De Bello Gallico*, III, 17.
[34] *Manuel d'Archeologie...* tomo V. 1931, páx. 110.
[35] César: *De Bell. Gall.*, XII, 14.
[36] *Hispania*, páx. 60.

bón, nun lugar [37] dí que os montaneses galegos manxaban dous terzos do ano unha caste especial de pan fabricado con landras, cousa que obriga a matinar nunha enorme escaseza de cereaes, e Orosio [38] afirma, que no noroeste hispánico e nos tempos das guerras con Roma, o bosque inzaba vizoso por todas partes, mais o mesmo Estrabón asegura noutro pasaxe [39] que as guerras figueran que os ditos montaneses descoidaran a agricultura. Iustino [40], conta que *a rella do arado* erguía ás veces torróns que contiñan ouro. Silvio [41] pra loubar o rexo alento guerreiro dos homes da Galecia, dí que entre iles pasaría por un cobarde o que deixara as armas pra *sementar nos sucos* ou pra *afundir no chan a rella do arado;* e por cabo Estrabón [42] informános de que na Galecia consumíase máis cervexa que viño, a cervexa que Plinio [43] desina cos nomes celtas de *ceria* ou *celia* e que presupón o cultivo do orgo, do que se recollían duas colleitas na Celtiberia; e o mesmo autor [44] refire que no territorio dos Zoelas fabricábase un tecido de liño moi estimado na Italia pra vestidos de caza.

Os útеis relacioados ca laboría dos campos achados nos nosos castros redúcense a cinco: duas aixadas do de Vilarinho das Paranheiras e outra do Monte do Castro, en Braga; unha fouce rouzadoira atopada no Montinho, e un anaco doutra fouce asoellada no Santa Trega. Abondan nista estación unhos pequenos fornos ó xeito de caixas que se abren nas paredes dos vestíbulos das casas, e aínda no castro de Borneiro saíu unha costrución igoal ós fornos aituaes, e en tódolos xacimentos esprorados recolléronse muiños planos ou circolares; mais moito diste material de muíños e fornos podería servir pra torrar e esmigallar as landras de carballo, que após de sometidas a un tratamento pra lles tirar o tanino, servían pra faguer pan. Falan en troques a prol dunha certa intensidade nos traballos agrícolas os achádegos de *granos tostados,* evidentemente de cereaes, alcontrados no castro de Freán, na terra do Saviñao [45], e as sementes de fabas, *faba equina,* de trigo e de centeo, tamén torradas que se sinalaron no Castelo de Faria [46], e o trigo carbonizado da cividade de Paderne [47] e dos castros de Cameixa e Barán.

Pódese deducir dos datos espostos que a cría do gado non era o único recurso económico dos galecos, e que á sua beira esistía unha agricultura que o uso do pan de landras, confirmado polos achádе-

---

[37] III, 3, 7.
[38] IV, 21, 6.
[39] III, 3, 5.
[40] XLIV, 3.
[41] Lib. III.
[42] III, 3, 7.
[43] XVIII, 18.
[44] XIX, 2.
[45] Ramón Castro López: *Reseña histórica descriptiva de la parroquia de Vilar de Ortelle y su comarca.* Monforte, 1929, páx. 32.
[46] Noticia do Dr. Santos Junior, profesor da Universidade de Porto.
[47] J. L. de V.

gos de Briteiros, Troña, Castelo de Faria, Cameixa e cividade de Paderne, fai coidar que non había ser moi intenso.

Dende logo o traballo da terra coñecíase na Galecia, polo menos nos tempos eneolíticos, como o demostran as pedras planas de moer aparescidas en mámoas do Monte do Viso, Maus de Salas e Monte da Morá, e o achádego nos fondos de cabana de Pepim-Amarante de sementes de *faba equina*, de millo miudo e tamén de landras [48], que xa entón se recollían sen dúbida pra faguer o pan do que posteriormente falou Estrabón, sendo aínda posíbele que a extensión das áreas precuradas houbera sofrido ca chegada dos celtas unha disminución semellante á que despois sufríu ca invasión sueva e sobre todo ca musulmana do século VIII.

Coida Alberto Sampaio [49] que os agros dos castrexos emprazábanse nas cumiadas dos montes, máis ceibes de arboredo que os fondaes, e de preferenza ó redor dos recintos fortificados, documentando o seu parecer ca mención das vedacións contínuas, sen obxeto na aitualidade, esistentes nos montes de Coura, no lugar que leva o nome ben siñificativo de *Campos dos Mouros*, e de socalcos ou arribadas cobertas hoxe pola frouma do monte, que se miran por baixo do castro de Capelo Vermelho e na vertente norte da cividade de Sanfins de Ferreira. Socalcos idénticos ós citados por aquil historiador portugués témolos alcontrado no Coto da Vila, en terras de Bande [50] e noutros castros da mesma rexión, e tamén no de Baroña e nos Castros, do Rosal [51].

Un dispositivo semellante haino asimesmo en Numancia [52] onde semella formar parte do sistema defensivo da cidade, mais polo que toca ós socalcos galegos a que denantes nos referimos, o seu acoplamento cas defensas castrexas non é craro nin moito menos, e tal circunstancia xunto á de seren os devanditos socalcos case que igoaes ós calzos ou arribadas que se usan por todas partes na nosa terra e que se prodigan de maneira especial nas ribeiras do Sil, do Miño e do Bibei, incrínanos a concordar co parecer de Sampaio.

Como xa atrás vimos, gababa Polibio a fartura e boa calidade do peixe que se criaba nas costas lusitanas. Iustino [53], á sua vez, asegura que o fluxo do Oceano faguía que os ríos da beiramar atlántica da Hispania estiveran cheos de pesca. Marcial, no epigrama adicado a Materno [54], pon en contraste a escasez de caza nas campías roma-

[48] José de Pinho: *Sur des grains trouvés dans la station eneolithique de Pepim-Amarante.*

[49] *As villas do norte de Portugal*, "Portugalia", 1905.

[50] *Catálogo dos castros galegos. Terra de Lobeira.* Pubricado polo Seminario de Estudos Galegos.

[51] Sebastián González García-Paz: *Noticia de las exploraciones arqueológicas en los castros de Borneiro y Baroña.* "Boletín de la Universidad de Santiago". Homenaje al Prof. Rodríguez Cadarso, páx. 11.

[52] Manuel González Simancas: *Las fortificaciones de Numancia.* Memoria n.º 74 de la "Junta S. de Excavaciones".

[53] Lib. XLIV, 1.

[54] Lib. X, 37.

nas e a magra pesca das ribeiras laurentinas ca abondosidade propia das costas e dos campos da Galecia, e louba as ostras que eiquí se recollían, decindo que eran tan grandes como as de Baias e que andaban tan bastas, que os criados podían comeren nelas canto quixeran sen teren que roubarllas ós seus amos.

Hai vestixios no noso país do exercicio da pesca que se remontan deica a industria paleolítica camposanquense, na que se atopan pedras de regular tamaño habilitadas, por meio de duas encetaduras no centro dos bordes, pra serviren de pesos de grandes redes; e xa nos castros é frecuente o achádego de anzós, de aparellos pra tranzar liñós, e sobre todo das pedriñas chamadas poutadas que aínda poden mirarse na bisbarra da Guardia, prendidas en determiñadas redes [55].

O aproveitamento de moluscos e tamén de crustáceos sinálase en moitos castros, e de xeito preferente nos situados na beiramar, nos que se teñen atopado grandes depósitos de valvas misturados con rexeitos de cociña.

Distes cuncheiros estudáronse catro deica agora, sendo as especies malacolóxicas niles recollidas, as seguintes:

No Neixón: *Littorina littorea, Cardium edule, Tapes decussatus, Ostrea eduli, Neptunia* e *Dossinia exoleta.* Abonda moito a *Littorina* e escaseia a *Neptunia* [56].

No Trega: *Mytilus edulis, Patella vulgata, Littorina littorea* e *Trochus lineatus* [57].

En Montealegre: xéneros *Patella, Solen, Pecten, Ostrea, Natica, Cardium, Mytilus* e *Littorina.* Predomiñan como no Neixón as *Littorina* e rareian as ostras [58].

En Baroña: *Patella vulgata* (moi abondosa), *Littorina littorea, Solen vagina, Pecten varius, Mytilus edulis* e pinzas de *Homarus vulgaris* [59].

Sobre dos exercicios venatorios dos nosos castrexos non posuímos outra documentación que a caza de veado que se representa na inscultura de Sanfins de Ferreira, e os vestixios de hosos de cérvidos e de suídos atopados en Montealegre, no Santa Trega e no Neixón.

---

[55] Manuel Fernández Costas: *As industrias líticas da Guardia,* separata da revista "NOS". A Cruña, 1929.

[56] F. L. Cuevillas e F. Bouza Brey: *O Neixón.* "Boletín de la A. Gallega", tomo XVI.

[57] Julián López García: *La citania de Santa Tecla...,* páx. 29.

[58] Antonio Losada Diéguez: *Excavaciones en Montealegre (Domayo).* Memoria n.º 90 da "Junta de Excavaciones y Antigüedades", Madrid, 1927, páxs. 7 a 10.

[59] Noticia que debemos a Xaquín Lorenzo, que foi un dos excavadores diste castro.

A riqueza mineiral da Galecia foi coñecida e gabada polos autores gregos e romanos. Pouco tempo despois da espedición de Décimo Bruto, escribía Posidonio [60] o seguinte: *Apud Artabros autem, qui Lusitaniae versus occasum et septentrionem ultima habent, efflorescere ait terram argento, stamno, auro albo; est enim hoc permixtum argento: hanc terram fluvis de ferri et mulieribus sarculis exauriri, labarique in colis textis in modum cistae.*

Anque foron os romanos os que intensificaron a produción mineira na Galecia, é evidente que cos procedimentos primitivos descritos por Posidonio obtíñanse cantidades de abondo de metaes pra provocaren un frorescimento industrial de grande importanza na Idade do Bronce e pra convertir o noroeste hispánico, dende ben cedo, nun aitivo centro de fabricación de alfaias áureas.

A chegada dos celtas en vez de esmorecer a práitica distes traballos prestoulles novo pulo. Traguía consigo o pobo invasor o coñecimento da nova metalurxia do ferro, que atopou na Galecia, rica en óxidos e en piritas daquil metal [61], fartura de primeiras materias, e traguía asimesmo consigo unha téinica tan adiantada nas labouras da forxa, que asombrou ós romanos cando se puxeron en contaito cas tribus galas da Francia [62].

Nada ten pois de estrano que ó verificarse a fusión dos antigos habitadores cos recén chegados, os talleres dos ourives, dos broncistas e dos ferreiros inzaran polo noso chan e que a produción de obxetos de metal, e de maneira principal de xoias, fora con enteira seguridade verdadeiramente notábele.

E a sona de abelenciosos acadada polos artífices dista terra tivo resoanzas nos libros dos autores latinos. A pasaxe de Iustino [63] en que ó falar da Galecia asegura que, *o ferro diste país é moi duro mais que a iauga engádelle nova forza,* e que *non ten estimanza unha arma que non fora temprada nas correntes do Bilbilis ou do Chalibis,* indica que o abreviador de Trogo Pompeu, xuntou trabucadamente nún, dous pobos, o galeco e o celtibero, soados ambos pola boa calidade dos seus ferros e pola pericia dos seus forxadores. Cando Silio Itálico [64] fai pasar diante de Aníbal ós guerreiros do occidente peninsuar, que ofrendan presentes ó xeneral cartaxinés, son os homes da nosa terra os que lle entregan, como obra sua, un escudo áureo cuio escintilo espallaba o terror, e coil outras armas que son gabadas pola sua fortaleza e pola fermosura dos seus enfeites; e aínda no epigrama que Marcial dirixe a Charino [65] as copas douradas da Galecia figuran nunha enumeración de obxetos preciosos á beira

---

[60] *In* Estrabón, III, 2, 8.
[61] Primitivo Hernández Sampelayo: *Hierros de Galicia*, vol. I. "Memorias del Instituto Geológico de España". Madrid, 1922.
[62] Dechelette: *Manuel...*, vol. II, páx. 550.
[63] XLIV, 3.
[64] Lib. II.
[65] IV, 3.

das obras de Fidias, Miron, Praxisteles e Escopas, o que dá ideia do seu valor artístico ou polo menos da sua grande riqueza.

Os vestixios dos talleres metalúrxicos galecos van aparescendo agora ó seren escavados ou visitados os seus lugares de habitación. Escorias de cobre e de bronce atopáronse en varias casarellas do Trega. Restos de fundición dos mesmos metaes e anacos de fíbulas e de alfinetes destiñados ó crisol, asoelláronse nunha camada de carbóns e cinsas da cividade de Troña, e desviado poucos metros diste taller, saíu un fragmento dun molde de fundición; e por cabo no Castro Pequeno do Neixón, xacimento que pertence ós inicios da nosa cultura posthallstáttica, descobriuse un molde, en arcilla branca, pra machados de alvado, en compaña dun crisol case que enteiro, con metal apegado nas suas paredes, e dalgúns anaquiños de bronce, que pola sua forma semellan seren rexeitos de fundición.

Moito máis amiudados aínda andan os sinaes arqueolóxicos do traballo dos ferreiros. O achádego de ganga de ferro é vulgarísimo nas estacións castrexas, e moitas veces tense recollido superficialmente como ocurríu entre outros casos no Coto da Vila e na Croa de San Xés, en Lobeira [66], e no castro de Ousende, no país do Saviñao. Roxóns da mesma caste alcontráronse en Montealegre de Domaio, i en cantidade notábele en Troña e nun local situado ó pé da citania de Santa Trega [67], debéndose citar tamén a iste respeito as grandes moreas de roxóns que se miran nalgunhos montes de Galicia e sobre todo nas montanas do distrito de Braganza [68], que é fácile sinalen onde se estraguía o ferro dos seus mineraes.

No sochán do xa mencioado Coto da Vila de Lobeira, aparesceu un martelo de pedra con garga central, do tipo dos chamados de mineiro, do que é lexítimo supor, dada a inesistenza de minas en toda aquela volta, é a sobrevivenza do tipo deica a época romana, que estaría destiñado pra esnaquizar o mineiral alí chegado por vía de comercio; debéndose citar asimesmo a pedra de forxa con decorado de riscos, e o barquín da citania de Troña, e as tenazas longas de ferreiro dista estación e do castro de Meirás.

Peritos no seu oficio eran os ourives, moitas de cuias obras chegaron a nós gracias ós acobillos que a inseguridade dos tempos lles obrigaron a faguer, e nos que aparescen alfaias enteiras ou en anacos e bolos de aleación de ouro e prata, de prata e cobre, ou de prata, xacendo todo, ás veces, nunha camada de cinsa e carbóns [69].

---

[66] *Catálogo dos castros galegos. Terra de Lobeira.*

[67] Julián López García: *loc. cit.*, páx. 113.

[68] P. Francisco Manuel Alves: *Memórias Arqueológico-Históricas do Distrito de Bragança*, vol. II. Porto, 1934, páx. 238.

[69] Véx. Xesús Carro e Sebastián González García-Paz: *O Tesouro de Foxados.* "Arquivos do Seminario de Estudos Galegos", vol. VI, 1933; e Ricardo Severo: *As arrecadas do castro de Laundos*, "Portugalia", vol. II, páx. 403. 1905.

Polo xeral os metaes usados na fabricación das xoias eran moi puros, e somentes cara a fase findeira da cultura castrexa nótase, como nos torques e braceletes do tesouro de Foxados, un rebaixe na lei da aleación, que por sí soio sinala xa un momento de decadencia.

En canto ás téinicas, os ourives galegos coñecían e apricaban a case totalidade das usuaes do seu tempo. Coñecían o fundido, a soldaxe, que de seguro realizaban co *chrisolle* de que fala Plinio [70], e eran moi abelenciosos na estampaxe, no martelado, na execución de pequenos riscos, na filigrana apricada e calada, no granulado que praiticaban con finura tal que sostén a comparanza cos labores análogos que se miran nas millores alfaias púnicas, e aínda nalgún caso ensaiaron o cincelado.

O cultivo de todas istas téinicas eisixía, como é natural, un utillaxe numeroso e compricado. Un dos nosos ourives castrexos tiña que contar no seu taller con crisoes, sopretes, aparello pra estirar e torcer os fíos das filigranas, matrices estampadoras, martelos, tenazas, pinzas e trépanos, e tamén con materias soldantes e con gomas pra os granulados, utillaxe e materiaes que indican que o desenrolo das artes ourivesáricas non era un feito isolado, senón que acadaba un desenvolvemento paralelo ó doutros oficios e outros mesteres.

A máis das laborías metalúrxicas praiticábanse na época dos castros diversos traballos industriaes, tales como a fabricación de vasixas de barro e de madeira, o fiado, tecido e tinguido do liño e da lá, a costrución de cestos e de barcos de polas entretecidas, a estración de manteiga e o perparo das pelicas de certos animaes.

Deica os tempos da domiñanza romana non se coñeceu na Galecia a roda de oleiro. Tódolos testos de fabrico indíxena, que en cantidade considerábele atópanse nas cividades, están feitos a man, mais apesares delo non escaseian nin as formas regulares e elegantes, nin as paredes de pequeno espesor. Polo xeral o barro presenta incrusiós, de seguro intencionadas, de grans de seixo, e o esterior de moitas pezas mírase alisado e aínda puído. Prás decoracións empregáronse os releves, os riscos con punzóns de feituras variadas, os estampaxes, os pontos, e en ocasións semellan feitas cunha rodiña. Os útеis de oleiro rareian nos nosos inventarios, podéndose citar ó caso o achádego no Trega de dous estiletes de hoso e unhas matrices estampadoras, e tamén dunhas especies de covas divididas en dous estaxes e con sinaes de teren sofrido a aición dun lume violento, que foron consideradas como fornos de ceramistas [71].

Respeito das outras industrias que denantes enumeramos, os nosos informes cínguense case que ó indispensábele pra testemuñar a sua presencia. Que eiquí fiábase e tecíase, tírase da pasaxe de Plinio, relativa ó liño dos Zoelas, e asimesmo das fusaiolas, pesos de

---

[70] XXXIII, 22.

[71] Julián López García: *La citania de Santa Tecla...*, páxs. 110 a 112.

tear, agullas, e aínda de cértas tesouras atopadas nos castros; e que había tecidos de coores acredítano por un lado algunhas estatuas de guerreiros con dibuxos nos saios, evidentemente cooreados, e por outra Estrabón [72] cando dí que as mulleres galecas usaban vestidos charramangueiros. As artes cesteiras empregáronse, como xa vimos na costrución de cabanas, no fabrico de barcos con armación de polas entretecidas, na dos escudos e capacetes dos que deixamos feita mención, e na dos queipos utilizados polas mulleres pra lavaren as areas metalíferas dos ríos. É tamén Estrabón [73] o que nos informa que os montaneses servíanse de vasixas de madeira, que a xusgar polo anaco dunha que saíu no castro de Cameixa debían estaren decoradas dun xeito imitante ás de barro, e tamén de que empregaban a manteiga no canto do aceite, e de que as pelicas, que, como logo imos ver eran obxeto de comercio, usábanse pra cobrir os barcos de armación de polas [74].

Sinálase na *Xeográfica* [75], como causa de braveza dos costumes das xentes do norte e do noroeste da Península, a circunstancia de que os camiños pra chegárense a elas eran longos pola mar e pola terra.

A situación aleixada e fisterrán dos países do noroeste hispánico está xustamente espresada no dito párrafo, mais non por elo debemos coidar que os castrexos estivesen desprovistos por compreto de calisquer vencello comercial, e que o seu isolamento fose tan compreto que non consentise ningún contaito, con outros pobos, e que aínda o bravo dos costumes e a escasa sociedade noxaran as relacións entre as distintas coleitividades que se asentaban no noso chan. Polo contrario, xa en Polibio, e asimesmo en Estrabón, atopamos informes que nos permiten afirmar dun xeito categórico a esistencia dun comercio interior e doutro esterior en tempos dende logo anteriores á conquista da Galecia polos romanos.

Á primeira caste de comercio alude Polibio [76] ó contarnos que a carne dos animaes trocábase por outras mercadorías, e ista noticia ven ser confirmada e ampriada por Estrabón [77] ó decir que os montaneses usaban os troques dunhas cousas por outras, e que no canto da moeda acuñada empregaban anacos de folla de prata. E aínda Tolomeu [78] enumera, como capitaes das respectivas civitates, os foros dos Narbasos, dos Cigurros, dos Bibalos e dos Límicos, lugares todos iles que, xusgando polo seu nome, temos que considerar como sedes de mercados.

Produto decerto do comercio esterior era o viño que chegaba eiquí de fora, quizáis do sul do Douro onde asegún nos informa Poli-

[72] III, 3, 7.
[73] III, 3, 7.
[74] XXXIV, 47.
[75] III, 3, 8.
[76] Lib. XXXVIII, fra. X. *In* Ateneo, Lib. VIII.
[77] III, 3, 7.
[78] II, 6.

bio mercábase unha ánfora por un dracma [79], falando pola sua parte Posidonio [80] do vello trato mercantil que os fenicios de Cádiz sostiveran cos habitantes das Casitérides.

A identificación distas Casitérides de Posidonio cun lugar non determiñado das costas galecas é cousa admitida hoxe case que con unanimidade, podéndose polo tanto asegurar que o autor grego refírese ó noso país cando dí que os fenicios gaditanos levaban das devanditas illas estano, chumbo e pelicas de animaes, e que deixaban alí en troques vasixas de barro, sal e obxetos de cobre [81].

Ora, ¿qué confirmacións aporta a arqueoloxía ós datos de fonte literaria que deixamos apontados? Polo que toca ás relacións comerciaes dentro do noso propio territorio é doado advertir que unha unidade cultural tan absoluta como a que se dexerga no noso circo castrexo, non sería posíbele sen unha comunicación frecuente e continuada entre as distintas rexións e as distintas tribus. Dende o Douro ó Ortegal as formas das espadas, das alfaias e das fíbulas son idénticas, como idénticos son no fundamental os motivos decorativos e a feitura das casas, e aínda nas cerámicas non se sinalaron difrencias comarcaes ben acusadas; e por cabo diremos que as excavacións dos castros de San Cibrán das Lás e de Troña forneceron valvas de moluscos marítimos do xénero *Ostrea*, que tiveron que chegar alí por vía de trato mercantil, xa que a distancia á beiramar é pra Troña de 20 kilómetros, e de 80 pra San Cibrán das Lás.

O problema de cordinar as noticias dos textos cas aportacións arqueolóxicas é, no que respeita ó comercio esterior, máis compricado. Os vestixios de contaitos de relativa intensidade con fenicios estabrecidos na Bética, séguese ben polas terras do sul do Douro. Na Fonte Velha de Bensafrim, en Chibannes, nos castros dos arredores de Figueira e en Conínbriga, asoelláronse vasixas e obxetos de adorno que debemos considerare de procedencia púnica, e aínda na mesma serra do Pilar aparesceron moedas gregas introducidas de seguro por mercaderes cartaxineses [82], mais dende as ribeiras do norte do Douro istes vestixios fanse máis raros. É certo que en Braganza atopouse unha bractea siciliana [83] e que nos castros de Grifões, S. Julião, Mantel, Briteiros, Troña, Cameixa, Elviña, no Castro de Vigo e nalgunha estación da terra da Gudiña e asimesmo en varias localidades minhotas, como S. Torcato, Moreira dos Cónegos, Soalhaes, S. João de Caldas, Santa Eulalia de Barrozas e Freixo [84], alcontrá-

---

[79] Lib. XXXVIII, frag. X.

[80] *In Xeográfica*, III, 5, 2.

[81] Seguimos a trascrición e a versión de Schulten-Bosch: *Fontes, Hispaniae Antiquae*, fasc. II, páxs. 183 e 254.

[82] A. A. Mendes Correa: *As origens da cidade de Porto*. Porto, 1935, páx. 10.

[83] A. García y Bellido: *Los hallazgos griegos de España*. Madrid, 1936.

[84] A. A. Mendes Correa: *Os povos primitivos da Lusitania*. Porto, 1924, páxs. 287 e 289.

ronse cerámicas pintadas, mais soio un número limitado delas pode coidarse como ibéricas e servir de testemuña á importación de vasos a que alude Posidonio, xa que outras son de época romana e outras, sen ningunha dúbida, indíxenas.

Mais non por elo ha de crerse que as informacións de Posidonio non conten con feitos confirmatorios, que embora non moi abondosos ofrecen un cadro de valor evidente. Nas citanias de Santa Trega, Troña e Sanfíns de Ferreira, asoelláronse algunhos testos de vasos helenísticos de barniz negro, e é sabido que esta cerámica froresceu na segunda metade do século III e nos primeiros anos do II, é decir, denantes da espedición de Décimo Junio Bruto. No porto artificial de Bares, na bisbarra do Ortegal, porto que Federico Maciñeira [85] coida prerromano, atopáronse moedas cartaxinesas. En moitos castros sinalouse tamén o aparescemento de doas de vidro, que en grande parte compre clasificar como púnicas por seren idénticas ás que se acharon en Ibiza e noutros estabrecimentos fenicios. No Trega, en Sabroso e noutras estacións atopáronse *bipennis* que se teñen asimesmo como de importación púnica [86]. E por outra parte se nos fixamos no feitío dalgunhas das nosas alfaias castrexas e na presencia de téinicas ourivesáricas que, como a filigrana e o granulado, non teñen nin tradición local, nin paralelismos acusados nos países celtas, achámonos en presencia dun fenómeno cuia millor espricadeira está sen dúbida en matinar nun infruxo e nun ensino de mestres fenicios, e máis se consideramos o forte inzamento da xoiería púnica na Península, que se manifesta na estatuaria ibérica e nos tesouros de Aliseda, Cerro de la Horca, Acebuchal, Cádiz, Málaga, Almuñécar e Santiago de la Espada.

Mais a arqueoloxía non soio confirma os textos literarios, se non que descobre por sí mesma outras duas vías comerciaes iñoradas deica hai pouco, e que nos presentan unha Galecia relacioada pola terra e polo mar con outras xentes e con outros circos culturaes.

O primeiro camiño de comercio ía polas montanas da Beira e seguía logo posíbelmente pola Extremadura española e pola Mancha deica acadar os Montes Mariánicos. A eisistencia nos nosos inventarios dos colares funiculares de prata de San Mamede de Riba Tua, de Mondoñedo e de Bagunte, e dos exvotos da Arnoia e de Costa-Figueira, indica dun xeito certo un contaito caquela rexión do norte da Bética, berce dos exvotos e dos devanditos colares, cuia marcha polo interior da Bética fica xustificada polos torques de prata e con labor retorto de Monsanto, Chao de Lamas e Vila Velha de Rodão.

---

[85] *Arros.* A Cruña, 1911, páx. 9, e *Bares.*

[86] R. de Serpa Pinto: *Museu de Martins Sarmento. Bipenne votiva de Sabroso.* "Revista de Guimarães", vol. XXXIX, 1930. Eugenio Jalhay: *El culto del hacha en el castro de Santa Tecla.* "Boletín de la C. de M. de Orense". Mario Cardozo: *Machadinhas castrejas.* Madrid, 1935.

A outra vía comercial era un roteiro marítimo que levaba a países lonxanos, anque tamén, como o noso país, ribeiriños do Atlántico. A semellanza entre o testo dun vaso de Sabroso decorado con estampaxes de paxaros de auga, e outro de Kerviltré, en Bretaña, fora xa notada por Dechelette [87], mais dende entón istas semellanzas confirmáronse ca descoberta de novos e esaitos paralelos das cerámicas castrexas con outras armoricáns do dito Kerviltré e de Roz-antremen.

Mais iste roteiro marítimo seguía pra o norte deica chegar a Cornwall e o país de Gales, onde nunha serie de estacións (Chun Castle, Hangitsbury, Treveneaugue, Constantine Island, Carn, Wookey Holl e Tregear) apareceron casarellas redondas, fíbulas e cerámicas igoaes ás das nosas cividades [88].

O aparescemento de todos istes obxetos nun hourizonte típico da cultura de La Téne, que imperaba o mesmo na Armórica que na Inglaterra, e a acusada persoalidade da nosa cultura castrexa, escruien a posibilidade de apor os feitos anotados a un fenómeno de converxencia e obrigan a matinar, xa que non nunha colonización, nunha relación pacífica e continuada, cuia causa teremos que precurar quizáis nun vello parentesco étnico.

FLORENTINO L. CUEVILLAS
Ourense

[87] *Manuel...*, vol. II, páx. 1.472.

[88] Véx. Bernard le Poutois: *Le Finistére prehistorique*. París, 1929; e E. Thurlow Leeds: *Excavations at Chun Castle*.

A DIALÉCTICA DA EISISTENCIA

En anteriores traballos, que forman co presente unha serie que imos rematar agora [1], fixemos algunhas consideraciós sobre dos problemas entranados pola relación entre a eisistencia e a sociedade, adicando un especial interés a os puntos de vista sostidos por diversos pensadores que, por denominador común, dentro de diferencias ás veces radicales, terían o de concebir os seus discursos filosóficos na forma dunha "dialéctica". Aquelas páxinas de GRIAL incluiron comentarios sobre do pensamento de filósofos tan distintos como Hegel e Marx, Kierkegaard ou Sartre. Nembargante, todos iles encadran ben baixo unha coleitiva definición de "dialécticos". Hegel, Marx (sobre todo na versión que das súas ideas elaborou Engels), e Sartre, son dialécticos por persoal propósito. Máis difícil sería mostrar a dialéctica en Kierkegaard, que aparentemente refugou a Lóxica hegelián. Pero, xusto, o nome de dialéctica da eisistencia, procede do inquedo pensador danés. A "dialéctica eisistencial" foi o horizonte do seu traballo filosófico (psicolóxico, según il mesmo, que identificaba metafísica e psicoloxía). Si non chegou a construir sistemáticamente unha dialéctica asín prevista e anunciada, non por iso queda anulada a posibilidá de efeituala. Aínda máis: unha empresa frustrada, é sempre unha tentación, sobre de todo, si temos en conta que o horizonte que estamos a mirar aquí descobre, siquera seña lonxanamente, aspeitos decisivos prá condición humá. De ahí que nistas liñas, deamos un esquema sobre do que pode ser unha "dialéctica da eisistencia", introducción ísta ou si se quer resume dun libro próisimo, onde, coa suficiente amplitude, espóñense os fundamentos dista proiección filosófica eisistencial.

I. ESENCIA DA DIALÉCTICA

Denantes que outra cousa, a dialéctica é unha arte, unha "tekhne". Históricamente, e malia recentes traballos sobre da custión, non poseemos aínda unha sistemática elaboración da xénesis da dialéctica nos seus comenzos gregos. Intimamente vencellada ás formas de creación filosófica máis ilustre, a dialéctica, nembargante, xestóuse quizáis espontáneamente, como expresión, xusto, dun tipo especial da mentalidá e vida pública helena, hastra rematar nas grandes manifestaciós dos "lógoi Sokratikoí".

[1] EISISTENCIA E SOCIEDADE. A CRISIS DIALÉCTICA DA EISISTENCIA. GRIAL. Números 9 ppss. 257/254 id. 11 35/55.

O discurso socrático, entendido aquí non soio na acepción direita da actividá oratoria da figura histórica de Sócrates, sinón como problema de creación de xéneros literarios tamén, foi, sin dúbida, unha de tantas conquistas do esprito grego. Sobre si o "lógos Sokratikós" chegou a constituir un xénero independente, non nos pronunciaremos aquí, nin creemos que haxa que pronunciárese. Decimos que sin dúbida supón unha conquista espresiva, cuia consciencia aitiva na mentalidá grega tal vez esistíu, pero non quizaves como "xénero", sinón no máis amplio senso dunha "tekhne", común a moitos outros oficios nos que a espresión literaria resultaba o meio instrumental propio. Nin un xénero, xa que logo, nin tampouco, si se quer, unha simple arte específica, sinón unha mestura de ambas cousas; mestura que xurde máis da nosa cobiza de clasificar, que da realidá concreta en que se desenrolou a aitividá dialéctica en xéral. Aristóteles non inclúe o "lógos Sokratikós" nos xéneros da "Poética", aínda que certas suxestiós que algúns eruditos atopan nos textos aristotélicos permitan supoñer a utilización habitual do diálogo tipo socrático, non xa durante e despóis da eisistencia real do animador espiritual ateniense, sinón acaso denantes. Non entramos aquí na influencia que certas pezas dramáticas poideron ter sobre da construcción dialéctica, nin eisaminaremos o exercicio escolar que coñecemos polo nome de "dialécses ou dissoì lógoi". Documentos para a erudición, somentes poden servir aquí pra amostrar a realidá dun problema, cuia entrana vital, máis que a súa configuración histórica é o que move o noso interés. ("Diels-Kranz. Vorsok. 4.ª ed. cap. 83. Mírense alí os textos dos "dissoì lógoi").

Destacar, en troques, o matiz "polémico" da dialéctica grega, sí que resulta decisivo para o noso labor. Froito da vida grega nos seus momentos creadores, a discusión inteleitual —espresión da libertá pública que, en certo senso polo menos [2], tiña o pensamento grego— foi cultivada polos mellores espritos. As pasiós humás, nas que os gregos foron mestres tanto como no inteleito, naturalmente, fraguaron un tipo discursivo, e unha variedá dialóxica que tiña tanto de mímesis como de poíesis, que era unhas végadas clara, e outras escurecida; aquí era popular, pública, e alí cecáis esotérica, pero sempre, en fín, avencellada ás íntimas entranas da vida daquil pobo; ligada, atada á curva vital dos seus grandes homes históricos.

A contradicción de opiniós, foi, así, o alimento da dialéctica, en canto arte. A superación das dificultás, chegou ser a meta de moitos oradores, que pertenecendo ou non a o específico grupo dos dialécticos, poden, co a perspeitiva histórica figurar alí dalgún xeito. A contradicción, co tempo, semella ter constituído a base de tódalas dialécticas, aínda que como tentaréi de probar aquí, non é inherente á dialéctica, en forma radical, o principio de contradicción. Soio es-

[2] En realidá, en Grecia, a libertá nacía da situación de igualdá "inter pares". O trato direito de igualdá favorece sempre a libertá de espresión como pasa nos "clubs", salvo aquilo que fundamenta o "club", en certo modo, espresión do resto atávico da moral de clán, sublimada pola elevación do nivel da mentalidá.

ternamente, no desenrolo histórico da dialéctica, tiña que ser a contradición o natural fermento para isa arte; pero, intrínsecamente, non é verdá que a contradición seña "soio" o motor da dialéctica, aínda que "sin" contradición tampouco fose posíbel hoxe elaborar semellante espresión inteleitual.

Curioso resulta que xa Aristóteles refuga a os dialécticos. Il distingue entre dialéctica e filosofía (metafísica diríamos agora, interpretando históricamente o texto aristotélico, que, como se sabe, refírese, e máis no pasaxe que cito a continuación, á cencia do ser). Pero deixemos falar a Aristóteles: "A dialéctica tenta conocer; a metafísica conoce; en canto á sofística, non é máis que unha cencia aparente e sin obxetividá (realidá)". (Met. IV, II, 1004 b, 20). Xa dixen nun escrito anterior que Sto. Tomás establecía como fundamental diferencia entre a dialéctica e a metafísica, que a dialéctica percuraba conclusiós probábeles, andaba á percura de argumentos nos que basear a súa opinión sobre da realidá. As súas conclusiós nembargantes non quedaban probadas "obxetivamente". Permítome lembrar a o lector que non conoza a terminoloxía escolástica, que para ísta o "obxeto" era o resultado dunha conclusión; pero ise obxeto somentes correspondería a o mundo real, cando o raciocinio en que estaba fundado fose "certo". Si somentes era "probábel", si era simple "opinión", o obxeto era "dialéctico", pero non ontolóxico; nunha palabra, non era "obxeto", poisque fallaba a súa obxetividá.

Si agora miramos que a gran esplosión filosófica da "dialéctica" nos tempos modernos, aparece nun filósofo de estirpe aristotélica (Hegel), poderíamos sorprendérenos, sinón soubéramos que ista dialéctica é idealista, ou seña, nela, a proba, a demostración está no concepto, e non na realidá. Dito doutro xeito: é o concepto o que pón a obxetividá do seu ser real, constrúiea. A custión aquí é saber cómo o concepto se constitúe a sí mesmo. Tal foi a empresa que emprendéu a dialéctica hegelián. Nun derradeiro vistazo a iste fundamental pensador, imos de paso dibuxar os novos matices que debe ter, e os que non debe ter unha dialéctica actual.

O primeiro que a o traballar sobre de Hegel chama a nosa atención, é o deliberado propósito do filósofo suabo por elevar a concencia humá dende as formas populares ou vulgares do pensar, a unha forma "centífica". Ninguén dirá que Hegel foi un home alleo a o tempo, alleo á historia. Creador da historicidá da historia, calquera seña a tradición que se lle poña detrás dil, sería absurdo inculpar a Hegel como a Thales, de caer nun pozo por ir mirando ó ceo. Dende a "Fenomenoloxía do Esprito" (1807), a preocupación de elevar a simple concencia receptiva a unha concencia real, efectiva (wirkliches Bewusstsein) constitúe cáseque unha constante interna do pensar hegelián. Se non trata de un superfluo e vano anceio de prestarlle rango á filosofía como profesión; trátase de algo máis profundo: preténdese elevar o nivel da condición humá, de onde o interés de Hegel por mostrar as etapas históricas disa elevación, nas formas primarias, escravas ou serviles do pensar, da concencia "malpocada" ou infeliz (unglückliches Bewusstsein), etc....

Moito se escribíu sobre disa etapa de Hegel, sobre de todo dende que xurde a preocupación polo Hegel mozo, como derradeira instancia pra "determinar" a verdadeira filiación das ideas que máis tarde desenrola con xenio incomparábel. Un libro de actualidá no ámbito en que se move ista inquedanza, é sin dúbida o de Xurxo Lukács sobre da mocedade de Hegel. Libro magnífico na esposición, ameno como sempre é dentro dos filósofos marxistas o gran pensador húngaro (con Gramsci, Garaudy, e poucos máis, dos escasos que se "aguantan" longo tempo), é unha mostra de cómo se non debe tratar un clásico do pensar, anque o libro poida ser un modelo de investigación histórica (historiolóxica, e non soio historiográfica). Hai un grande respeto pola figura tratada, e unha aceptábel información sobre o noso filósofo. Nembargantes, Lukács reduce todo a condiciós esteriores, que probábelmente influiron moi pouco no pensar hegelián, e si influiron, non foi seguindo o simple mecanismo do "refreixo", teoría que xa hoxe Lukács coido que non defendería con tanto gusto, poisque víu que os comentaristas italiáns de Gramsci, o propio Baraudy, e hastra homes tan secundarios como Oskar Lange e moitos máis, comenzan falar "da creación" no seo do pensar marxista —cousa un tanto sorprendente, pero moito máis desexable, polo cal seña benvida.

Nembargantes, as condiciós esteriores da vida hegelián, coido que máis ben abonarían en contra dunha tesis materialista da xénesis do pensar (como ocurre na xénesis da dialéctica, por pouco que históricamente seipamos de ila). Recordemos ante todo o que fai tempo dixo Zubiri respeito de Hegel: a súa vida pública foi a súa contravida; a súa vida propiamente foi a filosofía. En realidá, creo que soio un economista marxista, ou un sociólogo de tal adscripción pode pensar que as ideas económicas do XVIII e outras poideron mover a un home do talante interior de Hegel ,en canto a ideas. As súas flaquezas tiñan outro siño, e outra cara moito máis severa. Educado por unha nai esquisita, Hegel tivo unha irmá que sufríu unha enfermedá mental grave. O door da irmá enferma, lle non abandonou pra sempre. O xenio tomou a forma de home, e a loucura tomou a forma de muller, nista familia singular da Alemania suaba. Impulsos xuveniles, deixaron outra marca na vida de Hegel, unha descendencia "natural" que amargou longo tempo a o fundador da cencia da Historia. A vida cotián de Hegel cursóu chea de door, e de vulgaridá, e o choque da súa finura moral, e da súa esquisitez inteleitual contra da vulgaridá da súa vida, tanto no que non podía evitar como no que sí poido, condicionaron hastra onde o xenio se deixa condicionar, o matiz do pensar de Hegel. A vulgaridá incrustóu en sí mesmo a Hegel, e fixo xurdir nil un impulso que soio o traballo interno, libre e creador podía temperar. O clasicismo consiste niso: móstranos por riba dunha época, os modos de espresión absoluta (máis menos absoluta, naturalmente), ou ben os modos de entrega absoluta. Clásicos do pensar e da acción, tórnanse asín soio certos homes, xusto pola forma cómo o seu pensar ou a súa acción supera a

vulgaridá do seu tempo, e por tanto, as escasas mostras disa vulgaridá no pensamento, difícilmente pódense considerar como liñas acsiles na configuración do edificio teórico hegelián, ou de clásico que seña.

Certo que Hegel non foi un clásico da acción, e menos no orde moral. De todos xeitos, o proceso da súa vida é decoroso. Pero non temos dereito a xuzgar un home que tivo a traxedia de ir perdendo a oportunidá de lograr un equilibrio da esquisitez íntima co a esterna, a causa, xusto, disas condiciós de vida pública, sobre de todo cando semella que na Alemania do seu tempo, isa esquisitez empezara a ser unha ambición "de raza" anticipada nos mellores espritos (pensemos en Goethe) e que despóis, como por exemplo temos xa nos "Buddenbrook" de Mann, foi común a unha clase amplia, que soio por lóxica evolución era a burguesía, non por necesidá. Certo que a historia ríxese pola lei da "efectividá positiva", pero en todo caso Hegel seguía máis os impulsos dun pobo (ansia de absoluto, elevación da concencia de sí, e non a de clase) que dunha parcela da sociedá.

Un segundo aspeito do pensar de Hegel, decisivo aquí pra o noso pensamento, é o seu intento de fundir "o ser e o conocer". Reparemos ben en que non repetimos a fórmula eleática "ser igual a pensar"; decimos: "fundir ser e conocer". Quere isto espresar, que a medida que alanca o noso conocemento, realízase, efeitúase o ser. Dito doutro ángulo: si alanca o ser, son posíbeles novos ámbitos ontolóxicos especiales (o conocer humán e as formas absolutas do saber).

Tan distante áchase isto da estática parmenídea, que, en realidá, Hegel utiliza fórmulas heracliteas: o ser é un proceso, cuia liña central, no home, realízase na Historia, pero a o traveso do conocemento, ou seña, do ascenso do nivel ontolóxico da concencia humá. O proceso ontolóxico consiste, evidentemente, nun movemento. Ista condición dinámica, require, como é natural, "causas", principios que produzan efeitos, que "movan", en fin, o que hai nas fases ou momentos do proceso. Nembargantes, o propio proceso, como tal, non precisa de ningún principio que o mova inicialmente, sinón dunha situación interna, unha estructura que ela mesma seña dinámica. Hegel fai derivar a causalidá da contradicción, meiante o recurso filosófico seguinte: inicialmente, ser e "nada" son idénticos. Pero isto é absurdo: ou seña, se non trata de que haxa o "ser" e á súa banda a "nada", sinón que o "ser" ten que estar construido de xeito tal que isa nada perteneza a o proceso en que o ser é en canto tal; ahí está a raíz de todo movemento: non pode darse un ser puro idéntico estáticamente (poisque o pensar concibe a nada), logo ten que darse un ser cuia condición consiste en ser "outro" dinámicamente. Un outro que é sempre a súa propia negatividá, a súa nada, negatividá superada no movemento en que o ser inicial, recuperado pra sí mesmo, eisiste, é, aitualízase, e ademáis construese perpetuamente hastra chegar á absoluta plenitude das realizaciós. O principio que fecunda ise movemento é a contradicción; dito doutro xeito: a contradicción dinamiza á idea, fecúndaa, naturalmente, e facendo que ela eisista pra sí, permite abrir un novo horizonte de sucesiós nas que o inicial

(o que na nomenclatura chamaríamos "tesis"), tras ser fecundado pola contradicción (antítesis), resolve na síntesis a verdá primeira do seu ser. Resulta indispensábel saber pensar dialécticamente pra comprender a mecánica dunha sucesión que ademite a forma causal, pero que esclúe do fundamento primario a causalidá. Diríamos que a contradicción é a forza creadora, e que a "identidade" valdeira inicial, a idea en sí, pon a tesis, pon o contido embrionario do ser que está a ser fecundado. Na síntesis, as cousas rebasan a fase de tesis e antítesis, ou seña a súa primariedá positiva, e a negación dista prioridá, e convírtense en concepto, que en Hegel por unha banda é algo pleno, e por outra banda é á súa vegada algo que se nega de novo a sí mesmo, pra seguir sendo "proceso". O concepto é así "negación de negación", hastra o concepto absoluto, en que xa nada hai que sintetizar. Aquí sin duda eisiste un fallo na dialéctica de Hegel, apuntado por moitos dos seus adversarios. Pois si as tesis son infindas, como a contradicción é un principio inagotábel o proceso non podería ter nin principio (comenzo), nin fín. Entón as tesis son finitas, podemos decir que están previstas, marcadas de antemán. Sin dúbida isto é unha dificultá, que Hegel tentóu resolver, pero a súa dialéctica xa non da máis de sí. Nembargantes, o importante é que temos aprendido unha cousa: o pensar pódese enfrentar "contra" ideas que supoñíanse intocábeles, irrebasábeles, e pódeo facer con éisito. Pois incluso é ademisible pensar que cando unha tesis e unha antítesis son converxentes, a síntesis tende a unha estabilización do proceso, e se non trata de que íste se deteña, sinón que continúa, pero non xa obrigado a eliminar, sinón a conservar. De ahí que mentras na consideración xéral do mundo o tempo, a "temporalidá" natural cursa en direición do futuro, en Hegel, o tempo da eternidá (do equilibrio da dialéctica) seña o presente. Por moi especulativo que ísto pareza, o esforzo metafísico é soberbio; quizáis o demoníaco (o soberbio), diste filosofar radique en convertir á razón humá en árbitro do xuicio final. Pero Hegel nono fai, porque introduz a libertá. A carón da dinámica abstracta das tesis e as antítesis, a libertá intervén no proceso ontolóxico como mediación, sobre todo na historia. O concepto de mediación, básico para entender toda dialéctica (é o problema aristotélico do termo meio) permite resolver dentro de certos límites á dificultá dunha filosofía panlóxica. A mediación (Vermittelung) é o que permite o equilibrio, e o momento en que tal equilibrio pode xurdir sin destruir o sistema, é cando a continxencia (Geworfenheit) é domeñada pola razón. A partir de ahí, na edade da razón, xa é posíbel un fín absoluto e eterno.

Si contrastamos iste maestático pensar con algunhas das súas parodias, por exemplo, o materialismo dialéctico, observamos cómo en Engels, por exemplo, a continxencia sería insuperábel. Tal cousa podería ser, pero a realidá é que ou unha de dúas: ou a realidá non é dialéctica; ou non é libre. Evidentemente, a continxencia do mundo, todo aquilo que Hegel refuga e deixa olímpicamente fora do equilibrio póstumo do sistema, sigue sendo a gran obxeción á súa dialéctica. Pero Engels iñora a esencia do sistema dialéctico, si non

ademite un equilibrio final entre contradicción e causalidá, meiante a libertá (a nivelación do continxente polo necesario). En verdá, o materialismo en versión dialéctica, escedéu os límites máis modestos que o materialismo histórico se propuxo. Si na historia humá as continxencias poden ser domeñadas baixo a forma de programas económicos, xa que son as continxencias económicas as causas segundas da historia (das loitas históricas), entón cabe unha relativa racionalidá que equilibre, sinón hastra o infinito, sí durante certo amplo período de tempo a forza material da contradicción. Pero estender a dialéctica hastra a natureza, facer dialéctico o cosmos, o microcosmos, e todo canto hai, soio a un pensador tan pobre de ideas como Engels (máis retórico que dialéctico: os seus escritos son mañíficas mostras de retórica pseudofilosófica) se lle poido ocurrir. O propio Sartre dí, con toda razón, que Engels emprega na natureza o método deductivo cando é "inducción" o que habería que facer. Moitos pensadores políticos souberon limitar a dialéctica a certas fases ou momentos da historia (por exemplo, algúns pensadores socialistas), engadindo además a libertá, que sempre estivo no ánimo dos mellores espíritus marxistas, empezando por Marx e o propio Engels. Socialismo e libertá, é, por outra banda, a combinación histórica que tanta hoxe o mundo pra acadar un alto grado de convicencia. Pero a desgracia quixo que os fortes grupos que domeñan as fontes humás do socialismo, (U. R. S. S., China), non fosen capaces de incluir a libertá no seo da dinámica histórica hodierna. O desolador lema con que Lenin espeta a súa dotriña política aitiva. "Libertá ¿para qué?", é o máis elocuente exemplo do que pode ocurrir cando a historia transita por canles racionales baseados na arbitrariedá, dura contradicción que, enriba, costa ter que soportar outro tipo de libertá "continxencial" (o optimismo económico dos mercados de libre determinación), como mal menor. Pero, naturalmente, diste tipo de continxencia económica, non é preciso falar: conócese ben.

Curioso resulta que un tento de facer dialéctico o cosmos, xurdira nun pensador místico, ou pouco menos. Quizáis ruborice a algún marxista desnorteado na historia das ideas, saber que o antecedente do disparate de Engels foi nada menos que Xan Escoto Eriúxena, inspirado enriba noutro pensador non menos beato: o Seudo-Dionisio. Escoto, no seu "Periphyseon" (en versión latina "De divisione Naturae"), dínos que a dialéctica non é unha invención humá, sinón que está escrita no interior das cousas. A dialéctica, engade iste sorprendente pensador do século IX, é "a nai de tódalas artes". Inspirado por antecesores místico-especulativos, do tipo do xa citado Dionisio Areopaxita (Seudo-Dionisio), San Ambrosio, Filón, Oríxenes e outros, Escoto Eriúxena establece unha dinámica para a súa dialéctica: o pensar pode ir dende "o Un deica o Múltiple", ou a o reveso. Nistse caso temos un movemento "analítico"; no primeiro, un movemento diversificador ("diairetikê"). Hastra onde unha dialéctica pode chegar na especulación, é posíbel miralo nun pensador como íste, que establece además formas internas do pensar do máis curiosas, e que hoxe incluso serían interesantes nista liña da especulación: pen-

samentos en espiral, revoltas no curso do pensar (epistrofê), e as consabidas fabulaciós neoplatónicas das "procesiós" (próodos), e outros lances do mesmo xénero [3].

A importancia de todos xeitos é grande nistes contrastes das versiós da dialéctica, poisque, nistas refreisiós sobre da súa esencia, obxeto do noso capítulo que imos rematar xa, miramos en resume o seguinte:

1.º — A dialéctica xurde como unha arte de comunicación (literaria), e descobre unha dinámica do pensar.

2.º — Un pensar dialéctico ten que domeñar isa dinámica, pero non ten necesariamente que basearse no uso esclusivo do principio de contradicción.

3.º — Cando o pensar se achega ás formas absolutas, a razón dalgún xeito entra na esfera da libertá —e en certo modo xa podemos establecer que razón máis libertá no fondo están pedindo a berros o concepto de "eisistencia" pra non fragmentarse, ou eliminarse mutuamente.

4.º — A dialéctica dos pensadores especulativos do período carolinxio, de estirpe mística, mostra que os ascensos, procesiós, e demáis formas dinámicas do pensar, poden ser compatíbeles entre sí, quedando a contradicción reducida a simples tensións internas, pra orientar o movemento (arriba, abaixo); o Un, o múltiple), seguindo o precedente que a versión neoplatónica díu da aporía do Un e o Múltiple do "Parménides", transmitida a traveso dos máis alambicados espritos especulativos.

5.º — A dialéctica ten en Hegel o seu sistema exemplar, e o colosal fracaso diste sistema, é a meirande tentación para o pensamento.

6.º — Como o núcleo da custión está entre a razón e a libertá, o terreno natural para a superación da fase hegelián da dialéctica, non está nin nunha versión limitada da historia (e menos baseada na economía), ou axigantada hastra a metafísica especulativa da materia (Engels), sinón, como dixemos, na "eisistencia".

II. Transformación eisistencial dunha esperiencia

Si recapacitamos na forma cotián de eisistencia, ollamos de seguida unha dualidá entre o orde que, en maior ou menor grado, reina no noso pensamento, e o caprichoso desorde con que nos acuden os eventos esperenciales. Asín, por exemplo, vou pola rúa, "pervago polas vilegas rúas", e deixo "endrezar o meu calco", tras dunha finalidá mellor ou peor configurada. Calquera cousa pódeme interceptar o paseo: atopo un vello amigo; no escaparate hai libros novos. Pero tamén por dentro, vou "tecendo sonos que non quero engaiolar entre aramios de feitos". A nosa ordeada razón, está ameazada por es-

[3] Estudar a o respeito os traballos de Gilson sobre a Idade Media, Bréhier, Vignaux, e Jeauneau. (Hai traduciós castelás).

perencias esteriores, continxentes, e tamén por unha turbación acaso máis profunda, pero en certo xeito non menos continxente. Asín, temos dereito a establecer eisistencialmente, un tríptico que a Medicíña aitual puxo de moda: hai unha patoloxía esterna, unha patoloxía interna, e unha patoloxía íntima. Pois ben: o esterno e o íntimo, semellan flotar nun vafo de continxencia; soio o interno semella ser ordeado, e sempre atravesado en doble direición. O que chamamos "interior", é unha peneira pola que pasan de dentro a fora e de fora adentro eventos que ás vegadas engaiólanse ou non en sistema conceptual.

Diste xeito, a dualidá da eisistencia, remite a unha terna estructural cuio develamento dará a clave da dialéctica eisistencial. Pero estamos aínda moi lonxe. Sigamos a nosa aventura polas rúas da vida cotián.

De mozo, cando lía os versos do meu mestre e amigo D. Ricardo Carballo Calero [4], que entre comas quedan enriba escritos, eran frecuentes as xornadas en que as rúas tornaban demasiado vulgar o que chamamos por antonomasia vida cotián. Nunha ocasión, polo outono, cáseque finalizando o quinto decenio do século (1949), o máis austero decenio da vida pública española contemporán (austero en tódolos ordes), lémbrome dunha esperencia distas que chamo continxentes puras (ou seña, inesperadas) que acaso non seia ocioso referir agora. Os ollos cáseque adolescentes contemplaban a choiva, e podíanse mirar nas pequenas lagoas de auga sulcadas polas follas secas. Serán tristeira de outono galego, de ceo gris, de gris pedra na rúa, serán sombriza, propicia pra un evento íntimo, no ensimismamento que o velo de choiva diante nós forzaba a se cristalizar. Saía pra Sant-Yago cando a esperencia comenzou, pero foi na cidá xacobea onde xurdíu o seu matiz intelixíbel. O traieito dende Ferrol a Sant-Yago, inclúe práiticamente tódolos lugares onde a miña adolescencia morrera xa pra xempre. O viaxe a Sant-Yago, foi a despedida da adolescencia. Pola fiestra do automotor, podía mirar as praias do Areal de Cabanas, Miño, Ponte Pedrido e outras, onde días atrás deixara, co ledo sudor estival, os derradeiros suspiros da "glückliches Bewusstsein", da feliz concencia da idade moza. Primeiro penséi que sentía unha sinxela nostalxia do veraneo. Ir a Sant-Yago a iniciar os estudos de Mediciña, e ter no camiño como compaña visual a paisaxe mariñeira galega, sin dúbida movería o ánimo máis insensíbel. Pero moi cedo comprendín que non. O que botaba en falla non era o verán: a isa edade, era lóxico agardar que voltase puntualmente a o ano próisimo. ¡Cántas vegadas recorrería o mesmo traieito durante os estudos! A vivencia xurdíu dentro, ao chegar a Sant-Yago, naquila serán de outono, gris pedra, gris ceo, pervagando pola rúa, e a o xurdir, atopóuse contra o cotián, e de súpeto ordeouse no meu interior baixo a forma de "idea": o que eu sentía en falla, o que achaba de menos, era a min mesmo, o meu propio ser pa-

[4] C/f. "Vieiros", en especiall o poema intitulado "Home".

sado, que estando en mín, alongábase irredimíbelmente en direición retrospeitiva. Non era unha nostalxia ou añoranza de cousas esteriores, sinón un sentir por vez acaso primeira a caducidá do proceso da vida nunha época en que a primeira soedade, a soedade do "eu", do "ego" interior lóxico, e do eu íntimo, xa era cousa común e hastra habitual dende os doce anos esaitamente. Pero a condición estudiantil, mal representada polo vagamundeo, pola vulgar andanza no paseo outonal, sintetizou unha unidade eisistencial definida, que dende entón hastra agora me non abandonou, como non o fixeron outras moi anteriores, pero máis complicadas agora de espoñer.

Co tempo, ía precisar "conceptualmente" o que entón foi unha vivencia, e unha "idea". Sucedera que unha esperencia simple, continxente, convirtírase nunha esperencia de totalidá. A ise paso dunha esperencia natural, espontánea, parcial respeito do mundo e de mín, hastra unha esperencia definida ou total, chamarémoslle aquí "transformación eisistencial dunha esperencia".

Falamos, xa que logo, dunha esperencia de "totalidá". O termo, está hoxe de moda na Mediciña, na Literatura, na Historia. Asín, decimos "persona total", "espresión ou comunicación total", "acción total", etc.... para referirnos a os acaeceres, producciós, etc.... distes dominios do esprito. Pero coido que a palabra "totalidá", témola demasiado sobada. Como palabra a nivel cotián, é clara e espresiva; pero cando pensamos a fondo o seu siñificado, xa non resulta nin tan clara, nin tan espresiva. Pois, ¿qué pode querer decir "total"?: ¿Un todo absoluto, tódolos todos? Sin dúbida, se non pretende tanto. Pero entón temos que precisar ben os matices, e, polo primeiro, ímonos atopar de plano co problema da relación entre "cantidá" e "cualidá". Despóis miraremos os diferentes sensos da palabra "esperencia".

O todo pode ser definido como suma de partes, o ben como unidá real das partes. No primeiro caso, atopámonos, por exemplo, no todo ou suma aritméticos (suma de unidades, señan calesquera, ou ben agrupación de fraccións, que, xuntas, forman tamén un todo respeito de sí mesmas, co a diferencia que en derradeiro termo isa referencia a sí presupón a "unidá"). A suma de unidades, non ten que remitir á nada: ela mesma é a súa ordeación, xa que, por exemplo, si digo que o total dunha suma é "10" (dez), quero decir, xusto, un todo de dez unidades.

Xa cando falamos de un todo real, non dun todo abstracto, como o aritmético, (numeral), a cousa resulta máis comprexa. Tanto, que a relación entre o todo e as partes, é un dos colosales fallos da ontoloxía e da teoría do conocemento en xéral, en tódolos tempos. Os antiguos, estudaron en forma de oposición o todo (hólon) e a parte (meros). Aristóteles, nas *Categorías* e no libro V da *Metafísica,* adica profundas refreisiós, que en troques non foron seguidas pola outra táboa de categorías de Occidente, a kantiana. Nefecto: nin a unidá, nin a pruralidá, nin a singularidá, agotan —e isto xa o mostróu recentemente Nicolai Hartmann—, as vellas oposiciós da metafísica tradicional. Pero Hartmann tampouco fixo honor á importancia da "totalidá" como determinación ou categoría (ontolóxica) da persoa humá,

ou como estamos aquí a decir, da "eisistencia". Nunha metafísica da inmensidá do filósofo de Riga, o maior pensador obxetivo da historia, houbo certas fallas no análisis da "subxetividá". Malia das súas aportaciós a o problema, e que nono refuga, o certo é que podemos utilizar a Hartmann onde il mesmo se non soubo mover con soltura. Concretamente, e sin menoscabo dos seus fabulosos conocementos (con Max Scheler poseíu a maior cultura do século), e aínda que era médico, Nicolai Hartmann se non enfrentóu co análisis do psiquismo humán, deixando ahí, para nosa desventura, e para noso esforzo, o traballo maestático da súa filosofía da natureza, da que falaremos amplamente noutra serie de artículos para GRIAL. Pero, precisamente no psiquismo humán, é onde a oposición real entre "hólon" e "meros", entre o todo e a parte acada a súa máisima dificultá. Xa o propio Aristóteles, facendo gala dos seus conocementos médicos, arte que herdóu dos seus antepasados, comenta na *Metafísica,* despóis do análisis da parte e do todo, as caraiterísticas do "fragmentado, do mutilado, do truncado" (kolobón). Di con moita claridá e máis agudeza, que un home mutilado é quen perde unha estremidá, mais non o que perde peso. E establece como fondo diste caráiter a imposibilidá de repetir o mutilado, de voltar a o formar, a o reproducir. Por outra banda, siñala que a posición das partes nun todo, é decisiva pra constituir ben un "todo" puro, ou un conxunto. E tras un dos máis profundos e peor entendidos discursos de metafísica, conclúe, maxistralmente, que a diferencia eisistente entre un "todo" e un "conxunto", é que a "posición" das cousas son "inalterables" no "todo" e, en troques, poden variar no "conxunto". Eisisten, por outra banda, os casos nos que se pode dar o todo variable e o todo invariable, según a posición das partes, simultáneamente. Pois ben a eisistencia humá, é un "todo" e un "conxunto", xa que permite non un soio tipo de unidá, sinón varios, quid de tódolos problemas metafísicos apenas sobreentendidos nas disquisiciós médicas aituales sobre da "unidá" "psicosomática", en que se cree mirar o importante no conxunto "psikhe" - "soma", sin adevertir que moito antes hai que determinar o tipo de "unidá" a que se refire esa unión que se dá por sabida. A chamada "patoloxía da totalidá, do ser - total", no fondo, necesita conocer a patoloxía da unidá, poisque a totalidá humá somentes se comprende tras saber qué especie de unidade forman as "partes" —dígámolo así por brevedá— de que consta o home, que pode ser un "mutilado" en tódalas dimensións: pode ser manco, coxo, cego; pode estar mutilado psíquicamente, espiritualmente, e hastra na concreta proieción histórica, pode estar "mutilado" na súa clase social, na súa posición económica, etc.... Pois tan comprexa, e non menos, é a "totalidá" humá, reductíbel a unidades, a posiciós das cuales determinará "o estado" do conxunto. Evidentemente, eisiste unha totálidá humá que non ademite alteración posicional. Pero xusto, ahí sorprendemos xa o caráiter dialéctico do problema: a propia totalidá humá ademite "oposiciós" no seo da radicalidá eisistencial.

Ser - total, xa que logo, é unha construcción metafísica que na

eisistencia humá presenta un caráiter dual: por unha banda, o home disfroita dunha unidá indestructíbel, que o constitúe como "todo" nun senso propio, redondo, rematado; por outra banda, o home é un "todo -conxunto" no que cabe a alteración. Moitas filosofías aituales, están corroídas por non ter en conta ista distinción, implícita xa nada menos que en Aristóteles. Así, o eisistencialismo, que presupón ista distinción, pero non a espón, nin toma conscencia de ila; chegando a formular a errada doctriña de que a "esencia do home é a súa eisistencia", co que quere decir, que a esencia do home é o que posicionalmente o home vai sendo a medida que eisiste. Ou seña, que o conxunto de alteraciós da vida, son a "totalidá" esencial do home. Non é verdade máis que en parte, poisque eisiste outra totalidá esencial propia, que é inalterábel, e que ademáis determina tódalas esperencias vitales, tódalas "alteraciós" ou cambios de posición eisistencial que determinan a segunda totalidá.

Naturalmente, o eisistencialismo, nas súas variedades históricas, tentóu buscar a lei determinante da unidá eisistencial primaria (sen a que non podía o eisistencialismo falar do home como totalidá). No comenzo, Karl Jaspers buscóu isa estructura limitando a o home en razón das súas situaciós decisivas (as "situaciós-límite, como axeitadamente chamóulles na "Psychologie der Weltanschaungen" (1919). Así, as "situaciós-límite" da morte, da culpa, da door, e da loita, determinaban a "posición-límite" de toda alteración eisistencial; e definíase a o home según a amplitude de movemento dentro disas situaciós límite. Non estará de máis lembrar aquí que por entón Jaspers tentaba superar o historicismo (Dilthey), pero aínda dependendo intelectualmente dil. A idea de que o home é a súa historia, latexa na filosofía de Jaspers, que publicaba logo un libro bastante historicista, moi famoso por aquela época, e conocido entre nós como "Situación espiritual do noso tempo".

Xa o eisistencialismo ontolóxico de Heidegger, comprende que a situación límite é un canle sin boca, e tomando de Jaspers a referencia da morte no senso de límite, tenta comprender baixo unha novedosa modalidá o caráiter total de eisistencia en canto "ser para a morte" (Sein zum Tode). Partindo, a imitación de Kierkegaard, da esperencia da angustia, e facendo radical a angustia pola morte (aquí sigue a Jaspers, poisque Kierkegaard máis ben acentúa a angustia teolóxica polo pecado, polo uso da libertá), cree mirar como contido disa esperencia unha referencia á "nada" do noso ser; isa nada é temporalidá; ou seña: mostra que o ser eisistencial que ten como orixe un impulso que o constitúe como "ser-no tempo", liquídase xusto agotando ise o seu "ser-no tempo"; consúmese, e consúmase, na liquidación disa proieición, dise impulso radical que nace e morre no tempo. De onde que isa "nada" que se produz diante da angustia, non é sinón "tempo", temporalidá. A esencia da eisistencia, sería así a temporalidá.

Pero entón habería que dibuxar con outros trazos os límites do home, poisque si íste "esencialmente" é tempo, ¿de ónde tira a súa consistencia, incluso pra morrer, pra consumar fácticamente o seu

"Sein zum Tode"? Heidegger analiza entón as relaciós reales do home, e mira que íste "consiste" práiticamente en mundo. O home está no mundo, pero tan radicalmente que é mundo. Ser e estar, identifícanse aquí na eisitencia humá dun modo peculiar. Así, o "ser no mundo" (Sein in der Welt) é a primeira construcción afeitiva do home, da eisistencia. Heidegger nun espléndido análisis dista situación constitutiva, atopa a proba da súa tesis na relación do home co mundo baixo a forma do "instrumento", do útil. O grado de "consistencia" do home está dado polo seu grado de conformación respeito do mundo en torno. O mundo aparece como ambente, como meio, como elemento, como algo á man, e en derradeiro termo, como habitat e como instrumento. O home (ou xa aquí diríamos o "Dassein"), é correlativamente o animador dise ambente, o orgaizador dise meio, a forma disa materia (elemento), o manipulador do útil, do instrumento. Pero todas istas relaciós son radicales, recíprocas, no senso de que o home "sempre" é mundo, e o mundo xurde como todo intelixíbel soio en relación a o home. Isa referencia do mundo a o home, isa relación do "sein in der Welt" (ser - no mundo) que constitúe o Dassein, é a forza que o eisistente recibe pra proiectarse en xéral dende isa estructura básica. Como o Dasein carez de esencia a priori, no senso tradicional, como o Dasein ten que se facer, non está feito, non nace feito, nin nunca se remata en certo senso de facer, así como na relación do Dassein respeito do mundo, atopa a resistencia das cousas (dos entes materiales-Seiendes) en cambio a referencia recíproca, ou seña, a que vai do mundo a o Dasein, non atopa ningunha resistencia: de ahí que o Dassein eisista tamén primordialmente, fácticamente, e necesariamente, como proiecto (Entwurf). Isa proieición atopa un doble horizonte: por unha banda, están as cousas que simultáneamente coeisisten co home no mundo; ise contorno é un verdadeiro "Mit-sein", e en certo senso, o home pode atopar a súa xusta forma no "Mit-Dasein", ou seña, nun eisistir proiectando cousas que hai no mundo, levando a remate a inercia do mundo. Tal era, por outra banda, a tesis que sostiña Lukács, pero con menos conscencia do alcance metafísico, que en Heidegger acadóu un punto hastra agora insuperado. O traballo, a relación material, podería ser unha efectiva estructura eisistencia, e Heidegger nono negóu enxamáis. Concretamente, nunha célebre carta, fai unha apoloxía da decisiva aportación de Marx a o respecto.

Nembargantes, na proieicción do Dasein sobre do mundo en torno, o impulso do orixinario "Entwurf" pasa o risco de opacificarse na cadente inercia do óntico (ontische), e perder así a transparencia a que pode aspirar na restitución, no rescate da orixinaria situación ontolóxica. Nin siquera a relación interpersonal, ou seña, o levar a cabo o remate dunha acción histórica, ou compartir o ámbito común (o amor), que é posíbel no "ser-en reprocidade-co próximo" ("mit-ein-ander-sein"), pode dar isa transparencia, de onde a falla de consideraciós que notamos en "Sein und Zeit" sobre de grandes formas da proiectiva humá. Heidegger, ocupado na captura dunha esperencia ontolóxica de gran amplitude, coida que o rescate eisistencial

debe mirar a o horizonte natural do proieito (o futuro), e aínda máis, a o horizonte radical en que futuro, mundo, proieito e candente inercia, fúndense nunha unidade superior (o ser-total) singularizada na estructura do "sein zum Tode", que permite ver a esperencia da angustia. Chegamos, así, a unha idea da totalidá que aproisima moito a unha comprensión da dualidade eisistencial da nosa totalidá, pero imos mirar cómo ista doctriña contén o erro de partir dunha pureza eisistencial na relación do Dasein e o mundo, que se non dá, certamente. Jean Paul Sartre chegóu a separar tanto a relación do Dasein e o mundo (no "Ser e a Nada") que caíu na contradicción, como xa dixemos no traballo anterior.

Pero a falla común a todas istas doctriñas, é a errada negación dunha esencia inicial do home, responsábel da totalidá "pechada", e que permite a "totalidá" aberta do ser eisistencial en canto "conxunto". Resulta curioso que Zubiri, que fixo unha descripción intuitiva dunha esencia pechada pura, falara da esencia fundamental do home como esencia aberta. Certo que o home ten unha apertura a o mundo; pero a súa verdadeira esencia non remite a o ámbito da súa realización fáctica, sinón que remite, como toda esencia, a formas absolutas do ser. Mais, por outra banda, ser pechada unha esencia non quere decir ser "estática", como o é a esencia de Zubiri, unha esencia pétrea, anterior ao tempo, e por tanto inamovíbel, como non seña por un suxeto especulativamente concebido. A esencia do home é dinámica: a súa dualidade é froito dise dinamismo, e as leis que condicionan o xogo dinámico da dualidade esencial do home, constitúen o tema da "dialéctica eisistencial". Decimos eisistencial e non esencial, poisque realmente o cambio dialéctico de esencia é xusto a eisistencia. E ademáis, vivazmente, a eisistencia é o que se perde: a esencia realiza, tal como é, o seu xogo, a costa dun gasto eisistencial. Pero deixemos aquí ista introducción, e pasemos agora a definir os rasgos, as características da "transformación eisistencial dunha esperencia", poisque ise tema da relación da esencia e eisistencia, tratarase amplamente nun libro. Nembargantes, quedará esbozado no que sigue, no meio da esposición xéral.

Decíamos que unha esperencia "parcial", ou si se quer, chegada continxentemente a o noso ser, sin representar nada absoluto, pode acadar polo menos o rango de esperencia de totalidá, cando se orgaiza de tal xeito que compromete a aquil tríptico que caracterizamos provisionalmente cunha terminoloxía tomada da nova Mediciña (home esterior, home interior, home íntimo). Tamén siñalamos provisionalmente que o momento "interno" era o que levaba o peso disa organización, xa que pensábamos, a xuzgar polas esperencias habituales, que os eventos esteriores, e os eventos íntimos, son máis continxentes, máis inesperados (nun senso xéral), que o suceder propio do interno, que semella cursar con bastante orde.

O feito de ter o home unha forma "natural" (ou seña, unha "figura"), fixo concebir á filosofía unha tesis sobre da esencia humá

que, propiamente, é o "esquema" disa figura natural. Pero o que seña a esencia do home, dista moito de estar nin prantexado. Decir que o home é "un animal racional" (zóon lógon ejein), ou que é un "homo faber", e demáis fórmulas, non define nada, pois ¿qué é un animal, qué a fala, a razón do home? Si falamos, seguindo o texto bíblico renovado por San Agustín do home esterior e o home interior (íntimo), e engadimos o "home lóxico", que na nosa descripción correspondería a o home interior propio (xa que o bíblico sería como digo máis ben o esquema íntimo), corremos igualmente o risco de confundir unha esencia cunha forma meramente fenoménica. Pero xa estamos adevertidos do perigro. Istas imáxenes teñen soio valor analóxico, ou si se quer espresivo puro, descriptivo. Sirven para orientar a esposición, para entendernos dalgún xeito. Sirve tamén o tríptico para distinguir os dous dominios ou fontes de esperencias humás, as que veñen do "esterior", por así decir, e as que chegan por "dentro". Xa veremos logo por qué fixemos un "terceiro home" (trítos ánthropos), do caso intermeio, e por qué chamámoslle "lóxico" a o home interior. Se non esquenza a distinción co "íntimo", nista triloxía de esquemas eisistenciales.

Isa figura natural, que ten ollos, boca, mans, pes, etc...., orixinóu a visión popular do home, e a cencia seguíu os vieiros disa imaxen popular. De ahí que a esperencia nun senso tamén popular, seña a "esperencia sensorial", a que transmiten os órganos dos sensos. Tempo tardóu o pensar humán en liberarse disa suxestión, pero aínda resulta difícil, incluso para os espertos na crítica do conocemento, e na investigación da filosofía, desprenderse dise lastre de vulgaridá que carga as nosas esperencias. A psicoloxía do "refrexo" (Pavlov, a quen seguíu cega e literalmente Lenin) está corroída disa suxestión popular. A mente humá sería un refrexo da realidá. O aparato crítico dista doctriña é tan empírico e simple, que apenas podería ser tida en conta de non ser pola personalidá de Pavlov no dominio da fisioloxía do sistema nervioso. O empirismo inglés e tantas outras doctriñas, non superaron xamáis o recibido pola tradición, nos puntos nucleares.

III. Temporalidá, totalidá e dialéctica

Imos referirnos aquí á teoría do acaecer dunha esperencia que comporte unha certa referencia a o tempo, xa que, como estamos a decir, no tempo atopa a filosofía da eisistencia o eixo real da dinámica do ser humán. Por outra banda, é ahí onde a dialéctica da eisistencia pode atopar tamén o seu campo máis puro de acción, ben que non imos refugar despóis un contraste co as formas aituales da dialéctica histórica.

Quizáis foi W. Stern o que mellor entendeu o tremendo galimatías das mesturas de "sentimentos, tempres, talantes, estados de ánimo", etc.... Na súa "Psicoloxía Xéral" comprende perfectamente que todo enfoque dos estados de ánimo dende o ángulo ou perspeitiva de totalidá, ten que considerar o curso temporal da vida humá, ou

si se quer, como il dí, nunha terminoloxía máis psicolóxica que metafísica, "o curso de aitividade persoal no tempo". Autor moi famoso nos seus días, está agora inxustamente esquecido, e acaso por iso continúan as confusiós no terreo da vida psíquica niste nivel. Distingue Stern os tres momentos temporales comús: presente, futuro e pasado, e baseado nise triplete de tempo, fai un brilante estudo, que non está superado.

O sentimento presente, según Stern, percíbese baixo a forma máis pura no que se chama "estado-de sentimento" (Zumutesein). Por isto entende Stern algo que se non pode describir millor: é o puro e simple sentirse, cando apenas iste estado "da" concencia de sí (obxeto), ou seña, cando estamos notando a nosa propia subxetividá, pero sin "parcelala" sensorialmente, nin matizala con outras esperencias de sentimento. Anque Stern non chega a definilo así, valla agora por il ista matización psicolóxica. A o meu ver a caracterización máis real do sentimento presentitativo é un xogo entre dúas tendencias: a espontaneidá do sentimento, o estado de "capacidá para..." en que me atopo, e o estado de "receptividá para...". O sentirnos "dispoñibeles", o "estar en situación de ser capaces" produz unha sensación de presente maior que isa vagarosa e indefinibel situación de Stern. A espontaneidá, sería así un modo puro, en presente, do sentirse, en que xa a esfera da voluntá está presta a intervir, e a esfera de intelixencia atópase alerta para recibir ou responder. Ista sensación de "espontaneidá" corresponde además moi ben co segundo matiz que Stern sinala no seu análisis da vivencia en presente: o estado de ánimo (Stimmung). Ista palabra alemana —Stimmung— siñifica entonación, e foi tomada da música. Hai toda unha tradición psicolóxica alemana, preocupada co problema do tono vital, da entonación, ou armonización da vida. O término "biotonus" (Ewald) caracteriza isa preocupación.

Un anceio históricamente importante, e filosóficamente decisivo pra o noso cometido, é o deseio estoico e epicúreo de definir a vida polo presente, e o arte de andar á percura da serenidá eisistencial, da imperturbabilidá diante do azar, do destino, etc.... A "ataraxía" é unha ética das escolas post-socráticas, que ten por base o presente. Incluso no epicureísmo, mestúrase con especulaciós máis menos relixiosas, e ista vivencia do "biotono", que xa iles comprenderon e denomearon "eu-stó" (benestar), aparece avencellada á "benaventuranza" (makariotés). Sin citar istes precedentes históricos, nembargantes Stern acepta a posibilidá dunha regulación afectiva da conducta polo sentimento (Gefühes-Steuerung)[5].

Interesante resulta tamén a diferencia que fai Stern entre estado de ánimo en canto "molde" do sentimento, e as emociós como "cursos" do sentimento. O estado de ánimo "fixa", fai a moldura do sentir esperencial; a moción dinámica faino cursar.

Si pasamos agora a o terreno da realidá, miramos que un home atópase nunha situación tónica presentitativa cando é "circunspec-

[5] W. Stern. Psicología General. Paidós. B. Aires.

to". Si o futuro é "prospectivo", e o pasado "retrospectivo", se non me ocurre mellor denomeación para o seu equivalente no modo presentitativo que "circunspección". Na "circunspección" o home está a mirar en torno, está presto pra a ponderación, prá "prudencia" no senso aristotélico, e pra toda crás de aitividades ben medidas, anque, eso sí, quizáis a circunspección mida un pouco polo patrón obxetivo do home exterior, xa que o carácter "mundano" da relación constitutiva do tempo presente, proieite a o home contra das cousas. O traballo, xurde da espontaneidá. Resulta curioso que Stern non soupera introducir aquí unha analítica do instrumento, como componente do tempre ou talante presentitativo, que está mal estudado aínda (prácticamente ningún díu coa súa clave).

En realidá, o instrumento, é unha forzosa necesidá dun home nista situación que veño de describir. O home que non traballase, e persistise nista estada sentimental, acabaría no tedio, no aburrimento. Na "Náusea", Sartre, literiamente, describe ista conclusión ca súa brilantez de sempre. A indolencia, conduz dereita a o tedio. O traballo instrumental, compensa a forte tendencia do home a o ensimismamento, co que a vivencia presentitativa convírtese nunha forma futuricional, ou retrospectiva sinxelamente, agás na práctica da "ataraxía", técnica de conservarse a tono co presente, renunciando a enfrentarse co il. Aínda así resulta históricamente difícil imaxinar unha ataraxía permanente como non seña na especulación mística. Incluso consta que os místicos sentiron procesos agudos, paroxismos emocionales, que falan ás claras da imposibilidá dista vivencia permanente. E no terreo da filosofía, sabemos que un can pode facer correr a o filósofo máis escéptico. Moito máis que a impertubabilidá, co ise matiz sempre escéptico, coido que a "serenidá" (Heidegger ten un fermoso pero non moi esaito libro sobre de ila), resulta máis grandiosa. Pola súa banda, é necesaria prá reita consideración circunspectiva no "espacio interior". Podemos decir que na serenidá profunda, hai un equilibrio presentitativo semellante a o que consigue o instrumento no mundo material. Pero a serenidá non é unha quietude máis que no aspecto superficial da vivencia; estructuralmente, é unha modulación, de onde que tamén aquí miramos de novo a custión do biotono.

Pero o importante agora resulta saber cándo se acada unha "esperencia da totalidá" no momento presente. Aquí a psicoloxía é tremendamente ignara. Non hai ningún traballo sobre do caso. De ahí que teñamos que describir o problema con algunhas consideraciós analóxicas pra facernos comprender.

Decíamos que traballando, ou seña, conformándose a o mundo natural, meiante o uso do instrumento, acádase un equilibrio no que o carácter presentitativo é nidio, anque todo o traballo inclúe unha certa prospección, ou previsión (intereses, necesidades, etc...). Pero primariamente, o traballo é unha custión de axuste ao mundo.

Concretamente, sabemos moi ben que entre "órgano e máquina" (organon, autómaton) os gregos facían unha sorprendente diferencia, do meirande interés humanístico. O "organon" era un instrumento

"natural", ou seña, algo así como a prolongación de un órgano físico. As armas, non eran órganos, e tampouco as máquinas, ás que os gregos tíñanlles verdadeiro terror. Hoxe podemos comprobar ben o que a historia nos insina. No traballo con instrumentos a escala humá (por exemplo, os musicales, que incluso teñen unha medida humá común e particularizada a diversas morfoloxías humás) o home pode conxuntar, modular as esperencias, regular a afectividá, e conservar ise estado matriz sentimental presentitativo, e inclusive, si quere, pode manter bastante ben a serenidá. Sin chegar á perfección do equilibrio musical, que tamén comporta un equilibrio con base noutras aportaciós emocionales, o traballo a escala humá nivela, modula rectilíneamente, e permite o florecimento de ánimos ben dispostos, e por tanto dunha humanidá millor. Pero convén saber que primariamente o traballo non é unha custión de intereses, sinón unha necesidá pura, non soio a o nivel biolóxico do instinto (a fame) sinón tamén no plano máis alto do sentimento. E é aquí onde no esquema do home esterior, unha vivencia presentitativa pode chegar a o grado de totalidá, abrindo a o home o senso do seu sometemento á realidá do mundo. Comprende asín que non soio o mundo é neutral á sua natureza, comprende que non é tan fosco e inhóspito como o pinta a angustia, o paroxismo anticipatorio da angustia da morte, sinón que o mundo deixa conformarse a o instrumento, e nisa conformación, o home, pola relación de reciprocidade "mundo-home", tamén adequire unha certa configuración interior "lóxica", ou seña, "con senso", podendo asín moi ben eludir o espellismo do "íntimo", que non sempre é tan humanístico como o esterior. As teorías sobre da "masa", ou as psicoloxías que teñen feito un altar da introversión, son erradas, poisque o traballo atempera, e serena, hastra o punto que o cansacio, mentres non chegue a o exceso da fadiga, é de certo a consumación da serenidá, do nivel esterior. O seu motor é a espontaneidade, o estar disposto, o convertirse o home en órgano do mundo natural, e en poseedor do instrumento. De ahí as logomaquias políticas sobre da propiedá. En boa lóxica, todo home requere propiedá, do órgano, do ámbito onde ten que estenderse "circunspecta" e "circunspectivamente" o manexo do órgano, e tamén da producción, pois, además, o traballo orgánico "home-mundo" é ontolóxico na medida en que é productivo. Os brilantes estudos de Marx sobre iste punto, serían aconsellables, de ter reparado tamén na esencia disa trascendencia ontolóxica do traballo: o home sin instrumentación é un "kolobon" aristotélico, é un mutilado, un frustrado. Pero o mesmo dá que dependa do xefe privado que da forza estatal. A súa totalidá é unha unidá que pode frustrarse, pero denante todo é "individual" (indivisible), de onde, que calquer solución humanística non poda deixar de reconocer a propiedá privada como presuposto da totalidá eisistencial dun home no esquema esterior —deixando, además, os moldes eisistenciales íntimos, fora dista disquisición, xa que niste punto o marxismo xa sabemos que non sirve.

Doutra banda, a totalidá esperencial da serenidá acádase na modulación do que eu chamo "tomarse tempo", elevando ista espresión

común, a o grupo dos términos. Cando pra facer algo "tomamos tempo", é no orde interior, o mesmo que conquerir a propiedá privada no espacio esterior. "O tempo é meu, non val a pena perdelo tempo... etc....", son outras tantas espresiós que revelan o fondo metafísico-persoal (individual sempre) da eisistencia en presente. A serenidá permite reconquistarse a sí mesmo a partir da alienación do tempo que a confluencia con "outros" (seres e persoas), pode orixinar na vida práctica, onde o traballo, adulterado pola irregularidá social, é "a desorgaización do home", sobre todo na medida en que a máquina sustitúe ó organolóxico.

O orde presentitativo inclúe moitas máis formas que farían interminable o artículo, e que ademáis trataréi próisimamente nun libro con amplitude. Soio citar os paroxismos da "ledicia", e do "entusiasmo", bastante lonxanos tamén do paroxismo da angustia, que constitúen os estados propios da "espansión" eisistencial, son os sentimentos festivos, humán, a ledicia, e con certa vinculación "a os deuses" o segundo.

Debemos observar previamente que no todo es esperpéntico en el cuadro valleinclanesco. Hay bastantes residuos de la técnica embellecedora de las *Sonatas,* y personajes enteros que se libran de la caricatura. Esto, desde el punto de vista artístico, es más bien una incongruencia, aunque alivia al lector considerablemente su tarea de espectador de teatro de títeres. El Marqués de Bradomín conserva su silueta de viejo dandy, y es realmente ajeno al tono agriamente satírico que domina en la obra. Feliche Bonifaz es respetada y ad-

mirada, y física y moralmente embellecida con todas las perfecciones; se nos presenta como una mujer encantadora, mucho más atractiva que las heroínas de las *Sonatas,* porque Feliche carece de la enfermiza languidez que amanera a aquéllas. Pero, para terminar, debemos ceñirnos a los políticos.

El Espadón de Loja

Observemos el retrato del Duque de Valencia. Aparece fugazmente en *La corte de los milagros.* El día en que doña Isabel recibe de manos del legado pontificio la Rosa de Oro, Narváez está en Palacio, adusto, displicente y zancudo, hablando con sus Majestades en franco flamenco. Aquella misma tarde se retira enfermo, y no reaparece ante nosotros más que para morir. Asistimos a sus penúltimos momentos, en que dialoga, en un castellano popular y familiar contaminado de caló, con su criado Talega. La página es admirable, quevedesca. Pero el humor macabro que preside la pintura de la facha del moribundo, no es incompatible con un patético sentido de responsabilidad histórica que pone una gran carga de auténtica emoción en las palabras con que el Espadón hace en voz alta examen de conciencia. Tenemos aquí a un hombre de Estado que se agita en una agonía sorprendentemente unamunesca. Vale la pena oirle:

> ¡España se divorcia de la Monarquía!
>
> ... ...
>
> ¡Revolución demagógica! No hemos sabido acabar la guerra civil. El abrazo ha sido más falso que el beso de Judas. España pedía una sola política y se la hemos negado. ¡Carlismo sin sotanas! Carlismo de Carlos III. ¡España, mi España! ¡Negro todo y sin saber a dónde vamos ninguno de los dos! ¡Talega, si me hubiese equivocado, qué enorme culpa!
>
> ... ...
>
> ¡Irreparable! ¡Hice la Historia, y muero ignorante de mi página! ¡Me atormenta la duda! No saber cuando voy a ser juzgado... ¡Aquí!... ¡Allá!...
>
> ... ...
>
> ¡Cuántas responsabilidades sobre mi conciencia! ¡Así no hubiese gobernado nunca esta ínsula Barataria!

El Majo del Guirigay

El sucesor de Narváez, Luis González Bravo, es en Valle-Inclán una figura menos patética, pero dibujada con más amplitud, y con rasgos magistrales. El Majo del Guirigay, con su aire de búho, su púnica astucia y su difícil posición de dictador civil entre una reina voluble, unos generales engreídos y un pueblo soliviantado, toma

chocolate con churros a altas horas de la madrugada, meditando expedientes para mantener su autoridad. Inmerso en las impurezas de la picaresca cortesana y popular, es un carácter, y se hombrea valerosamente con los generales unionistas para mantener la supremacía del poder civil. La Corte le inspira un acre y profundo desprecio, mezcla de compasión y de sarcasmo. Sin matices, incluye en un mismo juicio pesimista y asqueado a toda la Real Familia. De modo que ve el ruedo ibérico con los quevedos de Valle-Inclán.

El Soldado de África

De las primeras figuras de la política del tiempo, son estas dos, los jefes de los moderados, las que salen mejor libradas, las que sólo aparecen caricaturizadas en rasgos occidentales. El principal caudillo de la Revolución, Prim, no halla en cambio gracia alguna a los ojos de Valle-Inclán, que se ensaña con él, desde sus abiertas vocales catalanas hasta sus "botas de charol con falsos tacones, que le aumentaban la estatura". Para Valle, Prim es autoritario, falso, oportunista, capcioso, sin doctrina y sin credo, con suficiencia de soldado ignorante. Son palabras mayores, que ya no pretenden la caricatura estética, sino la condenación moral.

> Soldado de aventura, con una fe mesiánica en su estrella, no dejaba de mirarse sobre un bélico corcel de tiovivo, bordando los campos hispánicos, como otro patrón Matamoros. Con albures de cuartel y arrogancias de matante, presumía que, puesto el ros sobre una ceja, tosiendo fuerte y echando roncas, podía ser el salvador de España.

En los amenes de la monarquía de don Alfonso XIII, bajo la dictadura del Marqués de Estella, los intelectuales eran antimilitaristas. Valle-Inclán parece elegir la figura de Prim para denostar el gobierno militar de los años veinte, como hizo en su terrible esperpento *La hija del capitán*. Pero la realidad es que los caudillos militares anteriores a la Restauración eran muy distintos a los posteriores a 1875. Aquéllos eran jefes políticos que trataban de establecer un orden; éstos, profesionales del mando que sólo aspiraban a mantener el orden. Cánovas había cambiado su mentalidad. De figuras proconsulares, cuya misión era impulsar la evolución constitucional de España, se convirtieron, primero, en custodios del orden canovista, y, cuando este orden dejó de serlo, en custodios del orden público.

Más figuras del cuadro

El ruedo ibérico comienza con las burlescas escenas de corte de la entrega a Isabel de la Rosa de Oro. Como las figuras de Sus Majestades se prestaban a la deformación satírica, estamos acostumbrados a considerar esperpéntica toda la serie de cuadros que constitu-

yen la obra. Pero en realidad están vistas sin tal perspectiva, aunque sin énfasis y con desenfado, otras figuras del retablo. Así Paúl y Ángulo, Fermín Salvochea y Fernández Vallín. Este último, héroe de una parte del relato, resulta un espléndido personaje, en el que destaca su valor temerario. Fernández Vallín, concuñado del político compostelano don Augusto Ulloa —éste despiadadamente caricaturizado por don Ramón— había dado muerte en duelo, siete años antes, a don Isidro Araújo de Lira, natural de Bouzas, fundador en La Habana del *Diario de la Marina*. Pero Valle-Inclán parece ignorar este hecho, aunque conoce a Vallín como "tirador de armas muy diestro".

Melpómene y Talía

No dispongo de tiempo para continuar este análisis. Baste lo dicho para registrar el fenómeno de que, a pesar de su propósito satírico, a Valle-Inclán se le impone la realidad de los valores de ciertas figuras de la política española del siglo XIX. El espejo cóncavo cede en ocasiones al espejo plano. Para Valle se había roto, después de la francesada, la unidad religiosa, que a lo largo de tres centurias había hecho las veces de vínculo político. Se quiso entonces enmascarar la quiebra del ideal nacional con engañosos laureles militares y patriotismo populachero. Ilusas fanfarrias guerreras y vocingleras zambras democráticas. En teoría, Valle lo condena todo. Pero por las fisuras de su sarcástico desprecio se filtra algunas veces el drama de aquel grupo de hombres, jefes políticos, con o sin fajín de general, que, incomprendidos, burlados o abandonados por la Monarquía y el Pueblo, que sólo deseaban continuar bailando su rigodón o su bolero, intentaron constituir España, consumiendo sus vidas en empeño tan descomunal.

R. CARBALLO CALERO
L u g o

ENSAYO DE BILINGÜÍSTICA
GALEGO E CASTELÁN FRENTE A FRENTE

Introducción

Propósito. — En marzo deste ano espliquei en once leuciós, no Círculo de las Artes de Lugo, un curso de Lingüística comparada (galego-castelán). As páxinas deste Ensaio son unha esposición do que, ó meu ver, constituíu o eixe daquelas esplicaciós [1].

Pra que o leutor teña unha certa idea do que me propoño, voulle adiantar, dun xeito moi esquemático, algo do que penso desenrolar.

1. — O falante galego emprega castelanismos. Pero hai niveles.

2. — Falante culto hai que, ó rexeitar certos castelanismos, usa un idioma puro, enxebre, pero artificial.

3. — Falantes populares hai que, castelanizando, son auténticos.

4. — Escribir galego é, moitas veces, pactar cun idioma moi diferente do castelán seña ou non axeitado pra expresión dos contidos.

5. — Hai galego de aversión castelán, e hai galego de aversión galega (*sic*).

6. — E castelán de aversión galega.

7. — Aversiós aparte, o noso castelán contén galeguismos. Tamén hai niveles.

Etc., etc.

Todo isto é parte, somente parte, dunha complexa problemática da que é protagonista dende fai moito tempo o home galego, un home, máis ou menos, bilingüe.

O galego, polo feito de ter diante de sí duas lenguas, sempre está en trance de escoller. No plano xeral da espresión a libertade pró galego ten catro términos. Non se trata de falar ou de calar, trátase, además, de outar por un idioma ou por outro. Isto, ó cabo de contas, é só, o comenzo dun planteamento pois, chegados eiquí, chouta, necesaria, unha pregunta: ¿En qué casos a eleución é libre?

Deixando agora este camiño, suxestivo a máis non poder, convén ouservar que, escollido o galego, operará sobre il, dun xeito ou de outro, o castelán; o contrario acontecerá se escollemos esta fala. Detetar estes rasgos é só a cara da custión. Por dentro, se nos mergullamos cun pouco de senso, atoparemos un mundo de inhibiciós, timideces, vergoñas, complexos, cautelas, estremismos: o mundo propio de certas situaciós bilingües. Un galego empeza a definirse no intre da eleución idiomática, e remata, ás veces, de facelo cando pacta con certo tipo de galego ou con certa clas de castelán.

[1] V. "Curso de Lingüística comparada (Gallego-castellano)". Introducción, programa y bibliografía. Lugo, Círculo de las Artes, 1966.

O que sigue son un conxunto de feitos e de consideraciós provocadas pola coesistencia —non sempre pacífica— de duas lenguas no noso país. Antes de ningunha outra cousa, impónse saber en qué data a castelanización de Galicia empeza a ser importante.

Un pouco de historia. — A fis do século XIV morre en Padrón Macías "O Namorado" e con il morre o galego, por máis de catrocentos anos, prá literatura. Por estas datas a nobleza non absentista debeu de escomenzar a sentir o engado do castelán. O certo é que na primeira mitade do XVIII, según a testimuña doorida do P. Sarmiento, moitos sinten "desprecio" e "odio" contra a sua fala [2]. O curioso, o estraño máis ben, é que Sarmiento fala de desdén, non de abandono, abandono que xa daquela debía ser grande a xuzgar pola deserción dun gran sector das clases superiores na primeira mitade do XIX [3].

Según Juan de Valdés, autoridade de peso, hasta o pobo falaba castelán a comenzos do século XVI. Este é o seu informe: "Como la lengua castellana se habla no solamente por toda Casstilla, pero en el Reino de Aragón, en el de Murcia con toda el Andaluzía y en Galizia, Asturias y Navarra, y esto aun entre la gente vulgar..." [4]. Se non hai erro, o castelán, sin dúbida en moi pequena medida, invade os estratos populares galegos hacia 1520 ou 1530. Eiquí empeza a castelanización de toda a sociedade galega e deste testo haberá que partir pra facer a sua historia antes que das formulaciós un pouco imprecisas do P. Sarmiento.

O primeiro de todo foi a deserción dos escritores. No XV, no XVI, no XVII..., os poetas e máilos prosistas empregarán o castelán. I o certo é que hasta Rosalía de Castro, Galicia non terá un poeta de verdade. Seguiránna Curros Enríquez, Eduardo Pondal e algún outro, é decir, foi necesario voltar á fala vernácula según dixo en memorable data Menéndez Pelayo, unha voz non sospeitosa [5]. Os feitos son tan interesantes e, á vez, tan ouxetivos que esixen unha esplicación.

Á percura do cerne. — Posto que toda empresa poética verdadeira, fonda, ha de acometerse dende a autenticidade e non dende un "como si", ¿non ferimos esta autenticidade ó metela nun idioma que non é vivencia, ó metela nunhas palabras que non son a casa lexítima dos contidos, das cousas? Esta lengua é a única que ispe as cousas; calquer outra, vísteas.

---

[2] "Estudio sobre el origen y formación de la lengua gallega". Buenos Aires, Ed. Nova, 1943, pág. 39.—Nun testo cit. por José L. Pensado en "Fray M. Sarmiento. Sus ideas lingüísticas". Oviedo, 1960, p. 112.

[3] Testos que denuncian esta deserción teño dabondo: Jorge Borrow, Joaquín de Arévalo, Pedro Pueyo, Pintos, etc.

[4] "Diálogo de la lengua". Biblioteca Clásica Universal, 1940, p. 31.

[5] "Discurso de gracias a Su Majestad la Reina en los Juegos Florales de Barcelona de 1888". Estudios y discursos de crítica histórica y literaria, Madrid, C. S. I. C., V. 1942, pp. 111-114 .(Está en catalán; hai trad. galega miña en "La Noche", 7-11-1962).

Cando Rosalía fala de Galicia, dunha certa Galicia ¿podía facelo en castelán? Todo fai supoñer que non. Agora ben, a problemática coa que se encara Rosalía no libro "En las orillas del Sar" ¿esprimenta disminución algunha ó non ser dita en galego?

Penso que cara este mundo de feitos Rosalía estaba ben instalada no castelán, tan ben como no galego, idioma empregado catro anos antes en tarefas iguales ou moi semellantes. Esta instalación, pra dende ela intentar a nominación poética, era artificial no XVI, no XVII, pero non o é, necesariamente, hoxe. Lémbrese, de novo, o libro derradeiro de Rosalía de Castro. En troques, no XIX non era posible escribir —escribir ben, cabalmente— "Cantares gallegos" en castelán. Vindo a un feito máis próusimo ¿concebimos "Os Eidos" de Novoneyra en castelán? Sería, coido, unha traducción, non unha espresión. Mais compre saber que pra certas motivaciós poéticas o castelán en certos autores pode ser unha instalación natural. I eu non falo de motivos superiores ou inferiores, que pra min non hai xerarquías estéticas deste xeito; simplemente, falo de motivaciós distintas.

Alienación. — Hoxe por hoxe a deserción idiomática dase en tódolos niveles da vida galega: dende o escritor que endexamáis empregou a fala vernácula (García Martí, por exemplo) deica o campesino iletrado que na vila contesta en "castelán" ó comerciante ou ó médico que lle fala en galego. ¿Por qué este labrego, además de sufrir o ridículo, se somete á tortura de buscar unhas palabras que malsabe e de decir a medias o que se propón? ¿En nome de qué renuncia ó seu decir?

Dende neno Galicia verte sobre il unha pedagoxía alleante. O rapaz que xoga na eira en galego, adeprende, na escola, en castelán, acariñado en galego por seus pais, escoita o evanxelio, na eirexa, en castelán; cando cuida o gando ou traballa no eido non esiste o castelán, a fala, il sábeo ben, alí ou na vila, dos empregados, dos profesionales, dos que teñen postos. O galego, alleo ó mundo no que o pensamento burgués sitúa os grandes valores, convírtese nese intre en algo baixo, indigno, negativo.

Incluso a cultura é una fonte de alienaciós, cando a sua misión debera ser desalienar, loitar contra todo aquelo que deshumaniza ó home. Defendelo racismo nunha escola burgalesa non é máis alienante que reírse, nunha escola luguesa, do pequerrecho ó que lle sai en galego unha noción elemental calqueira.

En Galicia a cultura, a riqueza, o poder, a alta posición social i o mensaxe divino identifícanse, en liñas xerales, co idioma castelán, ou seña, a outra fala aparez identificada cos valores máis cobizados pola sociedade burguesa. Por este camiño chégase á conclusión de que o pensamento burgués non é o máis axeitado pra plantear a fondo o problema da lengua en Galicia.

Tamén a relixión fala en castelán. Trátase nestes intres de ver cáles son os "peligros" dunha liturxia vernaculizada, feita en galego. O que máis asusta ós curas é a pouca "dignidade" da nosa fala ante a

solemnidade, a seriedade, o empaque do castelán, máis axeitado por tanto prá espresión dunha temática en sí mesma grave e noble. Formulación tal é idealista, burguesa, cun burguesismo que xa o clero intelixente e desmitificador non acepta.

Curas hai que no adro ou na casa reutoral aconsellan ós feligreses en galego, ou acláranlles neste idioma algún pasaxe evanxélico. Xa no púlpito voltan ó castelán. E que agora entenden o seu quefacer como un acto de "cultura", non como un acto de vida. Máis aínda: no púlpito sírvense da fala prestixiosa, prestixio adiquirido por ir vencellada, por exemplo, á riqueza, e á posición social, é decir, a valores que ben podían seren ouxeto dunha refutación nese mesmo púlpito. Cando o cura rural —e doutros medios— entenda a sua prédica como un instrumento de desalienación e non como unha solemnización e un distanciamento, entón sentirá o galego como necesario, como indispensable.

Cómprenos saber que o home é algo máis que os valores suntuarios; cómprenos saber que a cultura —relixiosa ou non— é un conxunto de verdades pró home, prá liberación do home, non unha fermosa cobertura sin autenticidade. Dentro e fora do marco eclesiástico as duas falas de Galicia amosan unha problemática que só poderá ser entendida si se entenden os supostos burgueses que a nosa sociedade propón como óptimos.

O castelán de Galicia. Os seus niveles

Galeguismos no castelán común. — A nós parécennos galegas voces como "ledo", "chubasco", "morriña", "saudade"... Agora ben, os mellores diccionaristas din que son lusismos do castelán (saudade, chubasco) ou galaico-portuguesismos (ledo, morriña). Cabe pensar que "saudade" foi arrincada de testos portugueses, mais esta palabra esiste en terras do galego ourensán. "Ledo" é palabra viva hoxe no noso país, pero a poesía castelán, que a usou hasta o XIX, herédaa dos troveiros galego-portugueses. Cecáis das citadas seña "morriña", común ó galego e ó portugués, a tomada ó noso idioma.

Que o galego de Galicia non teña emprestado voces ou xiros ó castelán común débese ó feito de non termos unha cultura vernácula de grandes dimensiós e, por tanto, con pouca proieición esterior. Non é, en troques, o castelán común o que nos interesa nesta ocasión, senón o castelán de Galicia, fortemente influído sempre polo galego.

Galeguismos no castelán galego. Sobre a licitude de certos galeguismos. "Tengo al niño en el colo" en vez de "tengo al niño en brazos" (ou "en el regazo") díceo no noso país inda a muller que nunca falou en galego. Non creo que haxa galeguismo máis enraizado. Hai, ademáis, máis casos. Falantes pouco vernáculos din "parvo" —sinónimo, máis ou menos, de bobo, tonto—, ou, preguntada a edade, "te tengo veinte años", calco da fórmula galega "téñoche vinte anos".

¿É lícito todo galeguismo? Vexamos a custión primeiro dentro de Galicia. Empregar "leite" por "leche" é algo que non o disculpa a máis tolerante concencia lingüística, mais empregar "parvo", conscentes de que o seu matiz non se encontra en "tonto" ou "bobo", é lícito. Neste falante hai unha serie de sinónimos máis rica que nun falante de castelán común.

O problema empeza cando fora de Galicia facemos uso desa riqueza pois, ó non coñeceren os ouvintes o senso de "parvo", obrígasenos a pactar co castelán común máis estricto. Outras veces inda sendo entendidos —"te tengo veinte años"— a construcción é recibida como rara, e ante a sospeita dunha acollida así terminamos por evitar tales construciós.

Escollín este exemplo, cun dativo ético estraño ó castelán, por parecerme unha das formulaciós idiomáticas máis interesantes da nosa fala. Cando alguén inquire a nosa edade, nós temos duas respostas:

"Téñoche vinte anos"

"Teño vinte anos"

A humedade afeutiva que respira a segunda frase contrasta coa ouxetividade, coa asepsia, da primeira, carril polo que ha de camiñar fatalmente o falante de castelán común. Galeguismos deste xeito —te tengo veinte años— son un enriquecemento craro do castelán, enriquecemento ó que eiquí, en Galicia, non debemos renunciar.

O castelán como traducción literal do galego. — Quen ó falar en castelán di "cousa", "primeiro" e "cociña" ten un contauto coa lengua oficial mínimo, casi nulo. Trátase, realmente, dun falante monolingüe.

Compre rubir un pouco na escada lingüística pra atopar cun falante bilingüe, inda que o seu coñecemento do segundo idioma seña torpe, simple. Este resolverá casi sempre os problemas de lésico, pero non renunciará á "gramática" vernácula. Dirá.

"Dióle un golpe fuerte" (calco de "deulle un golpe forte", cunha viciosa posición do pronome átono).

"Dame el tu libro" (calco de "dame o teu libro", cun artigo inesistente hoxe, non onte, en castelán).

"Para haceren esto, sudarán" (calco de "pra faceren isto sudarán", cun infinitivo conxugado que endexamáis tivo o castelán) [6].

Quen comete estes trasplantes é un falante de moi pouca pericia no castelán, pero non alleo a este idioma. Trátase dun falante que traduce mecánicamente e que non pode —ou non quere— conquerir máis que unha aparencia de castelán.

O castelán de Galicia, calco do castelán vulgar. Castelán de aver-

[6] Hai testemuñas deste galeguismo en homes doctos. Veleiquí un de Cornide a fis do século XVIII: "...el famoso país a quien la valiosa acción de haberen sus habitantes quemado un ídolo...". (V. o meu "Dos notas sobre el infinitivo flexional". "La Noche", 19-9-1959).

sión galega. — Quen máis, quen menos, todo falante ten un ideal de lengua ó que percura achegarse na práitica. No noso caso trátase de falar ben o castelán. Pero, ¿cál é o bon castelán?

Hai un grupo de xente no noso país, o máis condicioado pola presencia das duas falas, que coida que o mellor castelán é aquel que máis se afasta do galego. Non lles abonda con romper coa sua lengua, cómprelles borrar as pegadas que poidan delatar o seu orixe lingüístico. Sei de galegos que no seu complexo prefiren "áhi" a "ahí", "soldao" a "soldado", formas as duas rexeitadas por vulgares en tódolos libros [7]. Ou seña, convirten en modelo o "sermo rusticus" porque nestes e noutros casos dista máis do galego que o castelán culto. Os dous exemplos considerados constituyen un caso craro de castelán de aversión galega. Esta aversión fai caír a algús no castelán vulgar e a outros noutras formas de castelán tamén mal vistas.

Véxase un exemplo. O falante normal dí sempre "canté" que traduce xa o "canté" do castelán común, xa o "he cantado". Digo normal posto que é o calco literal, doado, de "cantei", forma corrente do pretérito na nosa fala. O certo é que hai falantes tan engaiolados polo castelán e tan conscentes da solución corrente en galego, que "epatan" unha e outra vez co "he cantado", veña ou non veña a cadro. Non cabe dúbida que é unha solución dictada pola teima ó galego.

Os feitos analizados neste parágrafo teñen unha estensión reducida.

Casos de castelán exemplar. — Compre desfacer o erro según o cal sempre ou casi sempre o noso castelán está viciado. Xa dixemos arriba que hai galeguismos ilícitos, correxibles cun mellor coñecemento do castelán, pero non todo galeguismo, en Galicia, debe ser refugado. Agora ben, hai parcelas no noso castelán que están na liña trazada polos máis severos códigos.

Nós, correntemente, non somos leístas. Decimos:

"A Pedro lo vi"

"El libro lo compré"

I esto débese a que está presionando nese intre sobre o castelán o galego, fala que nunca confunde a forma do dativo (lle —dinlle un bico—) coa do acusativo (o —ó Pedro vinno onte; o libro merqueino hoxe—). O castelán dende hai moito tempo é víctima de tal trabucamento ("le" invade o campo de "lo"). Este fenómeno, chamado leísmo [8], dáse dunha maneira notable en escritores do Centro (Benavente) e menos nos periféricos (Juan Ramón Jiménez). Sorprende o

[7] A terminación —ado (amao, contao) xeralízase cada día máis en casi todalas áreas do castelán, mais no noso país non sempre obedece a esta tendencia do idioma, senón ó proído que veño de esaminar.

[8] A Real Academia Española adimite —tolera, máis ben— o leísmo de persoa, mais o certo é que ilustres escritores, académicos algús, son leístas a ultranza.

predominio de "le" sobre "lo" en Valle Inclán i Emilia Pardo Bazán, o que proba, neste rasgo, a infidelidade destes autores ás tendencias lingüísticas do seu país. Escasea "le" en Cela, nesto moito máis galego [9].

O laísmo, espallado dabondo no castelán oral inda que non tolerado pola Academia, e moi poucas veces presente na literatura culta, non esiste no noso castelán. Ninguén dirá:

"La envié un obsequio"

O responsable desta exemplaridade idiomática é de novo o galego, idioma que non sofre confusión algunha nesta parcela da sua gramática. O galego pró dativo masculino e máis pró femenino ten só "lle" como sucede no castelán máis coidado (le), fieles ambos ó monoformismo do latín ("illi" prós tres xéneros).

Quenes falan castelán de aversión galega, como o diseñado denantes, ¿qué postura adoitan ante estes dous fenómenos? Sei de algunha xente, non moita, leísta; non sei de ningún que seña laísta. O laísmo é un feito máis censurado nos códigos e máis evitado polos falantes responsables [10]. Pese a todo a Pardo Bazán fai un uso casi exclusivo de "la" [11].

Non coñezo ningún caso de loísmo ("lo di un golpe"), feito moi pouco espallado en castelán.

Castelán con galeguismos fonéticos. — Certos rasgos fónicos do galego somente pasan ó castelán en falantes pouco máis que monolingües. ¿Quén dice "xabón"? Inda os máis alleos saben a equivalencia "x=j".

Nas zonas de seseo (galego oucidental) abunda o castelán con este rasgo e non só nos que non saben pronunciar a "c" interdental. Nas zonas de "geada" —galego oucidental, grosso modo— abundan pronunciaciós como "jato", "janar", etc.

Dentro do vocalismo a presencia do galego é mayor. Facemos a "o" final tan pechada que os castelás —de non moi bó ouvido, un ouvido afeito só ás suas cinco vocales— interprétanna como "u". Velaí están entremeses e sainetes que dende o século XVII fan falar así ós persoaxes galegos. Cando se trata de "e", "ó" tónicas nós reproducimos en castelán o timbre que estas vocales teñen en galego. Un exemplo. O noso castelán pronuncia como pechada a "e" de "mesa", calco preciso da fonética galega. Tal feito dase ás veces nas vocales átonas que non son moi relaxadas.

---

[9] V. Salvador Fernández Ramírez, "Gramática Española", Madrid, Rev. de Occidente, 1951, pp. 196-7.

[10] Mais todo fai sospeitar que se imporá. O castelán conquerirá con esto unha craridade que hoxe non tén. "Le regalé un libro" é regalo a home; "la regalé un libro" é regalo a muller. Esta finalidade —acrarar, diferenciar— é unha das causas do laísmo.

[11] Op. cit., p. 201.

Acento galego, acento forasteiro e falantes sin acento. — Ó combinárense dun xeito especial nun idioma o tono, o timbre, a cantidade e a intensidade, prodúcese o acento. Inda os menos cultos saben o que é o acento español ou o acento madrileño.

Un galego que fale un castelán lésica e gramaticalmente perfeuto, acostuma a ter acento galego. Entre nós hai xente docta que xuzga o acento galego como algo negativo. Farei duas consideraciós ó respeuto. Non é posible pra quen vive en Galicia desvencellarse totalmente do acento galego se non se somete ó aprendizaxe a fondo dun acento forasteiro. Neste viaxe pérdese un pouco de naturalidade, cualidá á que seica renuncian de boa gana os que percuran un castelán que non delate a sua procedencia lingüística. É un exemplo máis de castelán feito desde supostos hostiles ó galego.

¿De qué se fuxe en realidade? Acento galego é, si se acepta a miña Introducción, acento rudo, inculto, o acento dunha fala que espresa i evoca realidades mal vistas, cativas. Os partidarios no noso país dun acento non galego son partidarios, sin sabelo moitas veces, dun acento non rudo, non tosco. Mais dase o caso que nesta ocasión é rudo, é tosco porque é galego. Sobre o acento galego no castelán a nosa sociedade "bien" fai as mesmas estimaciós que sobre o galego ante o castelán [12].

O galego, romance arcaizante. Galego moderno e castelán antiguo. — En certos rasgos o galego de hoxe está máis perto do latín que o castelán (ouro, primeiro, cantara, perto de auru, primariu, cantaveram; máis lonxe, oro, primero, había cantado). Non sería traballoso amosar máis rasgos que proban a condición arcaizante do galego. Agora ben, por formas como as nosas de hoxe pasou onte o castelán. Este idioma empregaba no século IX "ouro" e "primeiro", e deica ó XVI apenas coñeceu pró pluscuamperfecto máis forma que a simple (cantara). Un estudo algo detallado da índole arcaizante do galego e das semellanzas entre fórmulas galegas modernas e formas castelás antiguas, publiqueino fai meses [13].

Convirá ter en conta esta peculiaridade pra non errar ó estudar a escritores como Valle Inclán, E. Pardo Bazán e Cela, e saber cando certos usos estilísticos son galeguismos ou son arcaísmos.

Galego en función do castelán

Vimos de ver como o galego opera sobre o castelán; imos ver agora como opera o castelán sobre o galego. Convirá tamén artellar a materia.

---

[12] Sobre o acento debo facer referencia a unha anécdota dramática: Fai tres ou catro anos foi espedientado adiministrativamente en Lugo un funcionario i entre os cárregos contra il figuraba o de ter un acusado acento galego. O feito foi glosado na prensa do noso país sin a garra que o tema esixía.

[13] "Gallego moderno y castellano antiguo. Algunos rasgos comunes" Rosalía, Lugo, 1966.

Lengua viva e lengua castelanizada. — Un dos máis grandes escritores nosos, Rosalía de Castro, ten un galego castelanizado dabondo. O feito, pese á devoción unánime que despertan os seus versos, ten "molestado" a algús puristas. Alguén chegou a citar versos seus despóis de habelos "galeguizado":

chauras sempre chauras (llanuras sempre llanuras)

Nefeuto, esaminada a lengua de Rosalía co criterio da Lingüística máis aséptica, descubrimos moitas veces un galego pouco galego. Non somente hai castelanismos senón tamén castelanismos doadamente rexeitables e sustituibles. A gran poetisa era un regueiro de naturalidade e autenticidade que prefería as formas "impuras" da vida ás "filolóxicas" da elaboración. Mergullada nas augas mesmas da vida, escribe no dialeuto de Santiago e de Padrón, xa daquela inzado de castelanismos, uns castelanismos que eran carne propia da fala. ¿Qué se vai esperar dun país no que o castelán é casi omnipresente dende o século XVI?

Que a castelanización era amplia próbao a presencia de certas formas forasteiras nos escritores máis esixentes. Pintos en 1861 —il, tan celoso— emprega "luna" [14] e pouco despóis o gramático Saco y Arce [15] recolle "sangre", hoxe proscritas ambas do galego literario pero moi espalladas por Galicia adiante.

Ben sabido é que Rosalía cando escribe "Cantares gallegos" en 1863 parte cáseque de cero, é decir, non tiña tradición lingüística escrita á que vencellarse. Ela leva a cabo a fazaña de convertir en lengua de arte unha lengua popular, e non por folclorismo ou romantismo senón por autenticidade espresiva. En nome de esa autenticidade ¿podía depuralo idioma, podía afeutalo seu dialeuto natural? Galego filolóxicamente "perfeuto" houbera siñificado poesía artificial.

Vacilacións. — Algús dos nosos primeiros escritores son de proceder lingüístico tan espontáneo que por veces recollen a voz castelán que inda non desplazou, polo menos na fala dos vellos, á enxebre. Noutras ocasións, en troques, decídense por ésta.

En Curros Enríquez atopamos: alas-áas, de arrudillas-xoellos, color-cor, dolor-dor, salir-sair, sanar-sandar, solo-só... Pero en Curros, non en van da xeneración seguinte á de Rosalía hai xa o afán da regaleguización do idioma, en moitos casos perfeitamente lexítima pois do que se trataba era de recobrar prá lengua escrita formas vivas, inda que ameazadas, na fala do pobo. Na primeira edición de "O gueiteiro", 1877, leemos "delor" e "saludado", mentras que na segunda, de 1880, "door" e "saudado" [16]. Podería citar máis exemplos desta descastelanización conscente pero non artificial.

Inciso: Os diferencialismos. — Tense loitado contra o castelanis-

[14] "Album de la Caridad". La Coruña, 1862, p. 128.

[15] "Gramática Gallega". Lugo, Soto Freire, 1868, p. 29.

[16] Esta edición que ninguén ten aproveitado, nin xiquera citado, apareceu en "O tío Marcos da Portela", n.º 35, 4-3-1877.

mo epidérmico, casi sempre con ésito, e tamén, con menos ésito, contra o castelanismo arraigado. A loita non remata eiquí. Conquerida unha certa descastelanización o idioma sigue presentando unha fisonomía moi semellante á do castelán. Impónse —creen— diferenciar. Volven os complexos, creemos. O galego —pensan— é importante na medida en que seña diferente do castelán: Síntense tan perto do idioma forasteiro que temen perdela persoalidade se non forzan, se non estarrican a distancia. Imos ver exemplos dabondo nos cinco parágrafos seguintes.

Falsos galeguismos: *a) na lengua; b) nun autor.* — Na miña terra (Groba, Ribadavia) conviven "coenllo" e "conexo". Aquela é a forma enxebre; a segunda está feita dende o castelán "conejo" aplicando unha regla doada e sinxela ("jabón" é "xabón"). O mesmo sucede con "parella" - "parexa" [17]. Tamén empeza a estar presente no meu dialeuto "manoxo" que coesiste con "mollo" [18]. En moitos lugares emprégase "graxo" e "grallo", construída a primeira dende o castelán "grajo". Usaa, por exemplo, Curros Enríquez.

Polo menos hai unha ocasión na que Curros utiliza un falso galeguismo seu, quero decir, un falso galeguismo que non esiste na fala do pobo: "trebexos", por "trebellos". O coñecedor de Curros aducirá outro falso galeguismo, esta vez en "O divino sainete": "carcaxada", alleo á lengua popular. Sí, pero no testo autógrafo do poema [19] lese craramente a forma lexítima: "gargallada".

Hiperenxebrismos [20]. — Un gramático moi estimado no seu tempo, Saco y Arce, escribe "hourizonte". ¿Por ónde chegou a esta forma diptongada? Se "toro" é en galego "touro", "horizonte" terá que ser "hourizonte", cun diptongo "ou" inesistente no étimo (Lat. "horizontem"). Tamén emprega "adourar". O seu diferencialismo é moi moderado.

¿Qué non pasará en homes de menos sabencia gramatical? Alberto García Ferreiro, ourensán coma Saco, non só crea un bó número de hiperenxebrismos senón que inventará algús verdadeiramente agresivos (poupulares), pastouril, ourador, etc.) [21].

---

[17] As veces, xa elaborado o falso galeguismo, a forma enxebre especialízase semánticamente. Por algús exemplos adivirto que o término indíxena remata por referirse só ás realidades xuzgadas de menos rango. Na miña terra oúvese "parella de bois" pero "parexa de mozos".

[18] Acostúmase a decir "manoxo de rosas", e "mollo", a secas, apunta ós mollos de sarmentos. Esto corrobora o apuntado na nota anterior.

[19] O testo autógrafo —con variantes de interés respeuto do impreso, 1888— é de Carlos Martínez Barbeito, neto do editor deste gran poema.

Pola xenerosidade do propietario puden utilizalo prá tesis coa que me doutorei en Salamanca en abril deste ano ("Lengua y estilo de Curros Enríquez").

[20] Emprego e suscribo o término reiteradamente usado por R. Carballo Calero na sua Historia da Literatura Galega, Vigo, Galaxia, 1963.

[21] Tanto os de Saco coma os de García Ferreiro tómoos de Carballo Calero, op. cit., pp. 111 e 442 respeutivamente.

Na lengua —no que Saussure chama a "langue"— son moi escasos, moito máis que os falsos galeguismos. Hai unha vella polémica sobre si "primaveira" é hiperenxebrismo ou non, palabra vella tamén na literatura pois xa encabeza un coñecido poema de Curros en 1880 [22]. Polo latín vulgar "primavera" non se esplica o diptongo. Se alguén a localiza na fala dos non letrados, haberá que creer que o idioma, nun intre de vigor, sentíu estraña a terminación —era. Nun intre de vigor, sí, máis tamén nun intre de defensiva o que proba a presión do castelán.

Voltando ós escritores citarei unha vez máis a Curros quen nalgunha ocasión, tendo como tiña un senso tan natural, tan popular e vivo do idioma, emprega tal cal hiperenxebrismo. Non só "hourizonte", avalado, como vimos de ver, por un gramático, senón tamén "leiga", "coseita", "aneiga", "montana", "entranas"... Son poucos e cáseque sempre da derradeira época do autor, cando xa o galego literario estaba cheo destes fogos de artificio. Algús como "montana" (lat. "montanea") e "entranas" (lat. "interaneas") resisten no lenguaxe literario de hoxe. Ningún supera a "soma", centos de veces escrito, que o XIX descoñeceu.

Seudopopularismos. A crítica e a práitica de Unamuno. — O seudopopularismo é unha variante máis do diferencialismo. Como os cultimos son iguales en galego que en castelán (operario, secretario, mácula) —e moi próusimos en todalas lenguas románicas— o escritor vernáculo ve neles un enemigo da persoalidade, da peculiaridade do seu idioma. Entón, se sabe un pouco de Fonética histórica, aplícalles a estas palabras os seus coñecementos e nun intre conquire delas o que a comunidade conqueríu durante séculos de voces de estructura fónica semellante e de amplio espallamento popular.

Hoxe hai na nosa literatura un bó montón destes seudopopularismos; algús xa veñen de fis do XIX, incluso de Curros. Por exemplo, "entoa" ("tono" e os seus derivados son voces modernas polo tanto posteriores a caída da —n— intervocálica, feito natural en "lua" ou "cea"). No noso tempo o artificio máis comentado é "cadeirádego" (en castelán debía ser "caderazgo") que Unamuno ridiculizou no seu día. Certo é que o propio Unamuno, bó coñecedor das "leis" da evolución fonética, emprega nalgunha obra creaciós deste xeito como "adulciguar" (se "mortificare" chega andando o tempo a "amortiguar", "dulcificare" —que non deixou herdeiro popular— faise chegar a "adulciguar"). Digamos tamén que se arrepentíu pronto deste quefacer.

Agora ben, o que en Unamuno é afán populista, anticultista, é nos nosos escritores afán diferencialista [23]. Por se non estuvera craro

[22] Respeuto da polémica, V en "La Noche", febreiro, 1960, dous artigos de Ben Cho Shey, e no mesmo xornal, mes e ano, outros de A. Iglesia Alvariño quen xuzga que a forma diptongada é obra de poetas, non do pobo. En canto á data no lenguaxe literario, documéntoa xa no Album de la Caridad, 1862, duas veces (Quintín García, p. 541; Emilio Saco, p. 404).

[23] V. o meu "Unamuno y la lengua gallega. ¿Una contradicción?". "La Noche", 19-6-1958.

velaí está "século", un cultismo redondo, sempre ben recibido polo moito que nos alonxa do castelán [24].

Diferenciación por outros camiños. — Empregar arcaísmos dase en escritores de tódalas latitudes e nos bós responde sempre a serias razós estilísticas. Cando Antonio Machado ó facer a semblanza de Berceo bota man de algunha voz medieval —repaire=descanso— o arcaísmo contribuye á evocación. En moitos escritores galegos o arcaísmo non responde a necesidade estilística ningunha e sí ó proído de amostrar un lenguaxe moi diferente do castelán usual.

Por veces esto conquírese por outros sendeiros. O escritor de pouco lésico vernáculo recurre a algún vocabulario castelán-galego nalgunha ocasión pra escoller o sinónimo menos axeitado pero sí o máis lonxano da palabra castelán [25].

Un feito na concencia popular. — Na miña terra —cómpreme a precisión— poden falar o castelán certas persoas, nunca a xente do pobo pobo. Se un home ou unha muller do pobo fala, por ter estado fora, en castelán, enténdese que deserta. A teima non é contra o castelán —pra eles fala de moito prestixio— é contra quen, sin ter dereito, adoita maneiras de xente ben. Eu teño ouservado a mozos e mozas que, ó viren de fora de traballar —de traballar coas maus—, conscentes de que non se lles permite o castelán e cobizosos de maneiras distinguidas, improvisan un galego cuyo lésico chega a un másimum de castelanización. Dirán "loma", "relámpago" e "ayer", sendo formas ben vivas, "outeiro", "lóstrego" e "onte". Por eiquí se empeza. Esto molesta a algús, pero xa se tolera.

Este ollar de reollo ó falante presumido castelanista, leva, a veces, a situaciós curiosas: Se na miña terra alguén di "amais", corrente no galego falado de Lugo, enténdese que quere darse de fino e non pensan si se trata dun comarcalismo lexítimo nil. Pasoume a min ó primeiro golpe, cuns fonsagradeses que empregaban "hoy" forma tan lexítima na terra deles, como "hoxe" noutras latitudes de Galicia. Galego modelo, bó galego, será pra certa xente do pobo aquel que se acerque máis ó castelán.

Tamén nos séculos XVI e XVII en España toda pasaba por bó castelán aquel que máis se acercaba ó latín [26]. Daquela o latín era tido como idioma perfeuto e por se fose pouco fora durante tempo cáseque a única lengua de cultura. O posto socio-cultural do latín respeuto de calquer lengua romance no século XV, recorda a duali-

[24] Cultismo que eu acostumo a empregar e téñome por partidario dun galego falado. Queírase ou non, ós cen anos de tradición culta un remata por pactar con certos artificios, pra nós xa non tan artificiales. De todolos xeitos urxe considerar feitos deste tipo e propoñer —non impoñer— un galego de forte base falada.

[25] Non costará probalo na literatura posterior a 1933 data do primeiro compendio deste clas, o "Vocabulario castellano-gallego" das Irmandades da Fala (Cruña, Impr. Moret).

[26] O verso de Juan de Mena "canta christiana musa" gabouse sobre todo por ter sido escrito nun castelán que era, á vez, latín.

dade castelán-galego na Galicia moderna. ¿Por qué estranarse se o bó galego é pra algús o de feitura castelán?

Imos ver outros matices da custión no galego literario.

Galego de aversión galega. — Non xogo co título. Voume esplicar. Nestas derradeiras páxinas vimos cántas veces o escritor, ó facelo seu galego, pon os ollos no castelán, e logo, unhas veces por camiños lícitos e outras por camiños ilícitos, fuxe dil. Velaí están os hiperenxebrismos, os seudopopularismos, etc. En troques non é o criterio diferencialista o único que presíde neses autores a elaboración do lenguaxe literario.

A veces resulta que ante certos rasgos diferenciales do idioma vernáculo o escritor, lonxe de mostrar ledicias e fervores, encóllese cheo de reservas. Exemplifiquemos. Unha boa parte de Galicia —o galego oucidental e algo máis— emprega o seseo e a "geada" i o certo é que escritores destas terras apenas usaron o seseo e só anecdóticamente a "geada". Pregúntese a moitos galegos e dirán que tales pronunciacións son rudas, vulgares, estimación moi xeneralizada. ¿Por qué? ¿Non será porque estas pronunciacións se afastan das do castelán?

En toda lengua —esgrimirá alguén— hai, polo menos, duas esferas: a culta e a popular. Tamén en Galicia, engado eu. Digo en Galicia, non no galego, xa que a esfera culta do galego é... o castelán. Non se esquenza que o galego é a fala das camadas populares do país (estou falando dos feitos tal como creo que os entende a sociedade galega. Comprender non quere decir, necesariamente, compartir. En canto a que o galego é o idioma das camadas populares, ben sei que se trata dunha formulación non moi precisa, máis as esceucións non invalidan as miñas palabras. E máis: o home medio non ten concencia de que o galego viva nas esferas superiores).

Os escritores —práuticamente todos— que rexeitan a "geada" e o seseo no fondo aceptan un criterio idiomático desgaleguizante. Eles creen fuxir só da rudeza e resulta que tamén fuxen do galego [27].

Inda que de menos corpo, poderíamos citar algús fenómenos máis. En Ourense, polo menos en Ourense, é viva a acentuación paroxítona no imperfeito (falabámos) mais son moitos os escritores desta provincia que prefiren a acentuación proparoxítona (falábamos), coincidente coa castelán.

Galego antipopulista. — Todos nós temos rexeitado, casi sistemáticamente, o seseo e máila "geada" por un criterio, coido eu, castelanizante, ó fin i ó cabo un criterio antigaleguista, ou seña antipopulista.

As mesmas razós pesan —sigo creendo— naqueles que á hora de compoñer o seu galego fuxen do galego máis popular e aconsellan o coidado das vilas (o castelanizado, diríamos nós). Posición idiomática tan sorprendente require a reproducción de testos.

[27] Nesta parcela do lenguaxe literario pouco podemos facer nós. Levamos máis de cen anos de galego castelanizado.

Vicente de Turnes, nunha carta de 1860 móstrase partidario "del gallego culto y pulido que se habla en las villas" e non do "tosco y rudo que hablan las gentes del campo" [28]. Esta consideración semella preludiar a seguinte do poeta M. Martínez González en 1883: "También deploramos que nuestros vates contraigan el decidido empeño de escribir... en vez del gallego culto o perfeccionado de las grandes poblaciones, el rudo y mal escogido que emplean nuestros aldeanos" [29]. Outra testimuña máis. É de Manuel Rodríguez y Rodríguez, lingüista, en 1892: "Ciertos defectos lingüísticos abundan mucho en las aldeas muy separadas de las capitales a donde van a buscar algunos escritores el verdadero lenguaje gallego...; no debe buscarse en la montaña entre las breñas cuyos habitantes, en vez de hablar, braman en su lengua natural..., el verdadero gallego debe buscarse en el interior de Galicia en los pueblos comarcanos y las capitales de provincia" [30].

Penso unha vez máis que estes partidarios do galego tiñan ó mesmo tempo prexuicios contra il; penso que na Galicia do XIX, ó identificárense pobo e fala galega, non se perciben nela dous estratos craramente diferenciados, o culto e o popular. Falar dun galego culto —que sitúan nas vilas, nas cidades— é adoitar, cecáis sin sabelo, un criterio castelanizante.

Cinco feitos fonéticos co castelán ó fondo.

a) *A "geada".* — A "geada" ("jato" por "gato") ocupa unha vasta zona de Galicia na que adeprenderon a fala poetas tan decisivos prá constitución do galego literario como Rosalía, Curros, Pondal e Lamas Carvajal. Mais ningún deles a ademitíu na sua obra escrita. O rasgo síntese como vulgar, pero este sentimento, recalco, está feito dende o castelán. Citar a quenes na nosa historia literaria adimitiron algunha vez a "geada" ven a ser erudición pouco menos que inútil [31].

A "geada" ás veces condiciona o noso castelán. O falante pouco familiarizado con este idioma dice "gabón", "gueranios". Trátase dunha ultracorrección. Il sabe que o galego "jato" é en castelán "gato"; logo se ouve "Javier", cun son de tan pouco creto, convírteo en "Gavier". Podemos chamar a esta ultracorrección, abundantísima entre nós, "gueada". Tamén se dá no galego "fino" que fai un pouco estudábamos.

---

[28] Carta inédita archivada na Biblioteca Provincial de Vizcaya, Bilbao. V. o meu "Unas notas sobre Vicente de Turnes", "La Noche", 1961.

[29] "Poemas Gallegos". Pontevedra, 1883, p. 130.

[30] "Declinación gallega". Galicia, diciembre, 1892. p. 341.

[31] Prá xeografía da "geada" é indispensable o traballo de Alonso Zamora Vicente "La frontera de la geada" en Homenaje a Fritz Krüger, Mendoza, tomo I, 1952. Convén decir que a sua área é algo mayor. A Sta. M.ª del Pilar Santamaría —tesina presentaba en xunio do 66 na Universidade de Oviedo— encóntraa incluso en puntos da provincia de Lugo. A indagación de Zamora Vicente, fundamental, en boa parte non foi feita "in situ".

Hai algunhas palabras que crean conflictos serios a falantes doctos de castelán casi académico. Pois ben, inda éstes dirán "cónyugue" e "pergueñar" por "cónyuge" e "pergeñar".

b) *Velar fricativa xorda.* — Este é un son que apenas se dá na Romania. Esiste en castelán dende o XVII (jabón). Neste idioma foi hasta mediados dese século unha prepalatal como sigue sendo hoxe en galego (xabón). ¿Temos nós velar fricativa xorda? Non a temos en "xabón" (cast. "jabón", "xarra" (cast. "jarra"), etc. Ninguén dirá en galego "a jarra", pero dirá —inda os falantes populares— "Javier", "Jacinto".

Ousérvese: o son castelán non conqueríu invadir o terreo dos nomes comús, pero sí o de moitos nomes propios (topónimos e antropónimos). ¿Está en precario, nesta parcela do seu sistema fónico, o galego? Penso que non, que aínda non, xa que os nomes propios, ó non seren signos lingüísticos plenos, non son decisivos na historia dun idioma.

Débese engadir que na esfera de algús antropónimos un falante galego ten duas posibilidades: Xosé-José, Maruxa-Maruja. A forma distinguida é a forma con velar, a castelán. Este feito de semántica sociolóxica —nome distinguido oposto a nome rudo— fainos pensar de novo que non é pequena a subestimación do galego.

c) *O seseo.* — Rasgo de área casi coincidente coa da "geada", a sua presencia na literatura é escasa, moi escasa. De todolos xeitos ó comenzo da nosa renacencia provocou posturas vacilantes. Rosalía no seu primeiro libro vernáculo, 1863, rexístrao máis veces que en "Follas Novas", pubricado dazasete anos despóis [32].

d) *O grupo latino ct.* — O grupo ct. convírtese nos popularismos en it: pectu > peito, fadu > feito, etc. [33]; nos semicultismos a solución é ut: defeuto, perfeuto, reuto, etc., inda que unha boa parte da literatura galega escribe hoxe "defeito", "reito", "perfeito", o que equivalería a empregar en castelán "recho" y "defecho".

¿Por qué o escritor de hoxe rechaza a solución popular con ut? A solución it nos semicultismos —en defeito, non en peito— é artificial, de laboratorio. Teño ouvido a algús que "defeuto" sona a vulgar, a zafía. Nós sabemos que esa estimación está feita dende fora do galego xa que o noso idioma falado non nos ofrece it no estrato culto e ut no popular.

Ó comenzo, no XIX, os escritores inclináronse pola forma natural. É o caso de Curros Enríquez —as máis das veces exemplar— no que rexistramos perfeuto, eleútrica, afeuto... Só unha vez "eleito". Pero xa a fis deste século empezará o gosto pola solución "filolóxica" (it). Véxase con que satisfacción foron redactadas as seguintes palabras:

[32] A ouservación é de Carballo Calero, Historia..., p. 223 ("a densidade diste seseo é mor nos Cantares que nas Follas").

[33] O castelán, máis "progresista", pasou por esta fase: pectu > peito > peicho > pecho.

á Revista Galega de Galo Salinas (1895-1907) débese, entre outras cousas, "o troque do diptongo eu por ei en afeito por afeuto" [34]. Compre recoñecer que postura tan allea ó galego vivo prosperou dabondo.

e) *O grupo cs (grafía x).* — Este grupo prantexa os mesmos problemas que o anterior... e algún máis. Na solución popular c faise i: axe > aise > eise > eixe. Nos cultismos —éxito— a cs faise s: ésito; nos semicultismos —como vimos no grupo anterior— hai casos en que a c vocaliza en u, non en i: próusimo, que tamén emprega Curros por ser viva na sua terra.

Quenes hoxe escriben léisico, éisito, están de espaldas ó galego vivo e, por se fose pouco, non son consecuentes, pois debían escribir "éixito" (e se nos poñemos esixentes "esdo").

Noutros grupos (pt, cc, etc) os semicultismos tamén vocalizan en "u" a primeira consonante: preceutop, direución, etc.

Partes da oración

Artigo

1. — Algús nomes —fel, mel, sal, cal, etc.—, son masculinos no noso idioma e femeninos en castelán (la hiel, la miel, la sal, etc.). Elo a veces dá lugar a sintagmas como "el sal", "el cal", "el miel". O derradeiro exemplo, "el miel", que é correuto dende o punto de vista lésico, é, dende o punto de vista gramatical, unha galeguización (o xénero, acrarado polo artigo, é o do galego).

Non costaría moito encontrar en escritores nosos "a couce", "a mel", onde se dá o feito inverso: voz galega con gramática castelán.

2. — Os castelás escriben "el alma", "el agua", construciós nas que o artigo, pese á aparencia, é femenino (el agua clara; las aguas); nós decimos "a agua", "a alma" (ou "a yalma"). Ó falarmos en castelán, presionados polo galego, i estrañados ante o "el", decimos "la agua", "la alma", etc.

3. — Prodígase hoxe no galego literario a supresión do artigo determinante ante adxetivo posesivo ("Meu libro e bó" por "O meu libro e bó").

A construcción con artigo coñeceuna o castelán deica o século XVI [35] i empeza a perdela hoxe o portugués, máis o brasileiro que o europeo, seguindo neste aspeuto os vieiros do castelán inda que a algús séculos de distancia.

---

[34] Carré Alvarellos: "La ortografía gallega". "Vida Gallega", n.º 347, 1928.—Con algo máis de detalle falo das soluciós populares e literarias de ct en "Perfeito, defeito, reito..., ¿por qué?". "La Noche", 1-8-1959.—V. tamén Victoriano Taibo: "Observaciones sobre la lengua gallega. Téinica, téunica, ténnica y técnica". Id., 18-4-59.

[35] Inda figuraba na redacción do "Padre Nuestro" de fai dez anos: "...venga a nos el tu reino...".

A omisión do artigo nestes sintagmas non se sole dar no galego literario do XIX; como máis, algún exemplo a fis de século [36].

Nestes derradeiros anos o desuso na literatura é notorio ¿Portuguesismo? ¿Castelanismo?

4. — En xeral en castelán o falante rural emprega os nomes de persoa con artigo (el Pedro, el Manuel), non así o falante urbano e culto. Galego falado e castelán rural danse a mau nesto. Por tanto quen diga en galego "Pedro" referíndose a un coñecido dos interlocutores comete un castelanismo... culto.

Pronome átono.

A sua colocación crea hoxe serios conflictos ós nosos escritores. Cando erran neste aspeuto da síntasis é que o orde das palabras pra eles é o imposto polo castelán. Elo proba que é floxa a vivencia que teñen da fala do pobo que endexamáis se trabuca nesto. Son tantos e tan importantes os escritores deste século con semellantes defeitos que non me sinto na obriga de citar testos.

No XIX érrase poucas veces. Hai unha esceución lamentable: a traducción que fixo en 1861 do Evanxelio de S. Mateo José Sánchez de Santamaría na que achamos colocaciós coma estas: "e abrindo a sua boca divina, os endoutrinaba", "fai esto, e el o fai", etc. [37].

O Verbo.

a) *Infinitivo conxugado.* — A posibilidade de conxugar o infinitivo non a ten o castelán. En Europa tal recurso, aparte de encontrarse en portugués, dase en maxiar e deuse en siciliano do século XV.

Penso que está máis vivo no galego meridional [38] que no galego norteño i en todo caso moito máis vivo no pobo que na literatura. A escasez non se debe esta vez a razós especiales senón a un coñecemento probe do idioma falado [39]. I eso que a forma ten prestixio, o prestixio do que é singular ou casi singular e o prestixio propio dun recurso gramatical inesistente en castelán. Tanto prestixio que algús úsano indebidamente. Citarei, como mostra, un testo de Francisco

[36] Empeza un relato de E. Carré Aldao: "Noso home foi...". (Rayolas, A Cruña, 1898).

[37] V. O meu "El Evangelio de S. Mateo. Estudio lingüístico de la trad. gallega de José Sánchez Santamaría", (1861). Boletín Comisión Monumentos de Lugo, núms. 59-60, 1964.

[38] Por eso os ourensáns o empregan con bastante xeito e abundancia. Por exemplo, Curros. Non é certo —como di Carballo Calero. Historia, p. 382— que só o use na terceira persoa do plural. Tamén —engado— na segunda de singular (seres, fagueres) e na primeira de plural (irmos).

[39] ¿Hai tamén xerundio conxugado como sucede nalgún dialeuto portugués? Un amigo, Arturo Reguera, indícame o seguinte testo de Castelao: "Voltándomos ó cimeterio..." ("Un ollo de vidro"). ¿Haino en Rianxo, terra do gran prosista? A lebre queda levantada.

A. de Novoa: "...pra non seren..." (compre adivitir que o suxeto é "eu", non "eles") [40].

Empregado ou omitido, ben ou mal usado, o recurso, polas circunstancias anteditas, ten despertado fervor tanto nos escritores coma nos gramáticos. Entre tanta loubanza hai, en troques, unha voz discordante: a do lingüista M. Rodríguez y Rodríguez de quen son estas terribles palabras: "Somos de parecer que debiera desterrarse tal aberración lingüística" [41]. ¿Qué hai debaixo desta valoración? De Rodríguez y Rodríguez xa falamos arriba, concretamente do seu criterio antipopulista, criterio que cecáis nos permita entender a valoración que fai do infinitivo conxugado.

b) *Participio invariable.* — Un castelán concerta sempre o participio co complemento direuto: "tengo compradas algunas cosas". No noso castelán corrente é "Tengo comprado algunas cosas", calco literal do galego "teño comprado algunhas cousas".

En galego "ter" funciona como verdadeiro ausiliar do que é un síntoma a invariabilidade do participio (Cfr. o castelán "comprado algunas cosas").

c) *Pluscuamperfecto de indicativo.* — En galego é simple ("cantara", herdeiro lexítimo do latín ("cantaveram") mentras en castelán, dende o século XVI, é composto (Había cantado). Algunha vez, por pouca vivencia do galego falado, os escritores empregan a forma composta.

d) *Pretérito imperfeuto.* — No galego dase a acentuación latina: cantabámos. A nosa literatura casi sempre outa pola forma castelán: cantábamos. Xa foi comentado o feito como galego de aversión galega.

e) *Un castelanismo agresivo: hei comido.* — Adicarei unhas palabras a estas disparatadas soluciós por apareceren nunha tradución de certa sona, nunha gramática e, o que é máis grave, nunhas cántigas populares [42].

O tradutor é José Sánchez de Santamaría que en "O Evanxelio de S. Mateo" verte deste xeito: "habedes seguido", "ha aniquilado", etcétera [43]. A gramática é "El habla gallega" (Pontevedra, 1868) de J. Cuveiro Piñol quen aconsella non se diga "has collido" pero noutra páxina, sin comento algún, presenta esta conxugación: fun, hei ido, houben ido [44].

Semellantes formas adéntrannos nos niveles máis altos de castelanización, no galego máis aberrante.

---

[40] "Pé das Burgas". Coruña, 1896, p. 10.

[41] "Origen filológico del romance castellano". Santiago, 1905, p. 175.

[42] José Pérez Ballesteros: "Cancionero popular gallego", 1886, t. II, páx. 88 e t. III, p. 20.

[43] V. o meu artigo cit. na nota 37.

[44] P. 26.

f) *Vulgarismos, galeguismos e hipercastelanismos.* — Quen diga "dea" e "estea" falando castelán non comete, como se acostuma a creer, galeguismo. En realidade incurre en vulgarismo. Un e outro subxuntivo encóntranse no castelán vulgar de moitas terras de España e de América [45]. Conclusión: o que en Galicia é mal castelán, non sempre é galeguismo.

Empregar "haberá" ou "saberá" sí é galeguismo.

En canto a formas como "enriedo" ou "muento", en vez de "enredo" ou "monto", trátase de hipercastelanismos [46] que tamén se achan noutras partes da oración ("aceche" e "farmacético" serían dous casos estremos).

g) *O noso sistema fonolóxico.* — O falante galego ten crara concencia de que opera no seu idioma con sete vocales [47]. Dase o feito tamén de que inda os que falan un bó castelán trasladan a pechazón ou a abertura do "e" e do "o" cando empregan esta fala. Esto percíbese ben cando o xogo abertura-pechazón ten rango fonolóxico. Falando en castelán decimos "oso" co "o" tónico pechado, como en galego (onde se diferencia de "oso"="hueso" con "o" aberto).

No verbo esta fidelidade ó sistema fonético e fonolóxico do galego é moi grande. "Podo" de "podar", ten no noso castelán "o" pechado, calco do galego "podo" que se diferencia na nosa fala de "podo" de "poder" con "o" aberto.

Apéndice

O castelán de Galicia (Bibliografía comentada)

Veleiquí, por orden cronolóxico, os traballos de que teño noticia.

1. — Emilio Alvarez Giménez: "Estudio sobre las faltas del lenguaje que se cometen en Galicia". Pontevedra, imp. Antúnez y Cía., 1870.

   Na 2.ª ed., aumentada, o título é: "Los defectos de lenguaje en Galicia y en la provincia de León". Pontevedra, imp. de A. Landín, 1892.

   Conscentes as autoridades académicas de que o mestre debería enfrentarse racionalmente coas peculiaridades do castelán galego "la obra fue aprobada por el Consejo de Instrucción Pública".

---

[45] Pró tema dos vulgarismos no español de calqueira parte, V. Manuel Muñoz Cortes, "El español vulgar". Madrid, Biblioteca de la Revista de educación, 1958.

[46] corpo : cuerpo : : monto : muento
leite : leche : : aceite : aceche

[47] V. o riguroso traballo de Amable Veiga Arias "Fonología gallega", Grial, n.º 10, 1965.

2. — A(ntonio) G(arcía) V(ázquez) Q(ueipo): "Enmienda de algunos vicios de locución a que propenden los naturales de Galicia". Santiago, imp. de José M. Paredes, 1884 [48].

3. — Armando Cotarelo y Valledor: "El castellano en Galicia". Madrid, Tip. de la Revista de Archivos, 1927.
E a aportación máis detallada. Hai, como no libriño de Alvarez Giménez, dous erros de certa importancia:
   a) Faise máis fincapé no lésico que no gramatical.
   b) Xúzganse algunha vez galeguismos feitos que son en realidade vulgarismos (dea, estea, pa...).

4. — Manuel Rabanal: "Gramática del "castrapo" o dialecto castellano de Galicia". (Son trece breves artigos pubricados no xornal santiagués "La Noche" dende o 15-5-1957 ó 25-6-1957).
Lingüista de oficio e de sensibilidade —non así Cotarelo— inda partindo dos datos brutos da bibliografía anterior, as suas ouservacións teñen un senso novo.

5. — M. Rabanal: "Un dialecto a vista de pájaro. Algunos rasgos gramaticales del "castrapo" o castellano hablado en Galicia". "Faro de Vigo", número extra do Centenario.
Convirá discutir a denominación "castrapo". Neste artigo condensa ó másimum o esposto nos anteriores.

6. — José Alvaro Porto Dapena: "En dialecto ferrolano no existen los tiempos compuestos". "La Voz de Galicia", La Coruña, 10-9-1964.
Sobre duas pequenas parcelas do tema: o pretérito simple (amé) e o pluscuamperfecto de indicativo, tamén simple (amara).

Pouco debe o meu traballo, fora de algús datos, ós que acabo de citar. Sepáranos cáseque sempre a conceución do tema, un tema que eu percurei instalar nunha problemática de fondo inédita prós meus predecesores.

XESÚS ALONSO MONTERO

L u g o

---

[48] Nunca vin este folleto (30 páxinas en carto) do que teño noticias por unha carta do eruditísimo Fermín Bouza Brey.
Refírise, según Bouza, ós "solecismos en el empleo de los verbos" e a "un error referente a la conjunción copulativa". Agradezo tamén ó meu informante a identificación das siglas.

CATRO CONTOS

O FAIADO

Todos nós eramos pequechos. O maor tería dez anos. Unha noite de inverno, mentras a auga bouraba nas tellas e bufaba o vento na corredoira vella, noso pai falounos moi quedo. Estabamos darredor da lareira. Dixo:

—Atendede, nenos. Vou decirvos o que fai moitos anos me dixo a min voso abó, e que a el lle tiñan dito os seus antergos: non se pode rubir ó faiado.

Ollámonos us ós outros con certo grimo. Non entendíamos ben aquelo. Algo había, xa que o noso pai falou con voce estrana. E pra máis escolleu aquela noite, de por sí medoñenta.

Non demos chío. Todo o que dispuxese o noso pai había que cumprilo. Era unha lei sin volta.

—A escada está alí —sigueu decindo mentras a sinalaba—, arrimada á parede. E alí seguirá. Probe do que tente poñer pé no primeiro chanzo. E non perguntedes nada. Calade. De moi atrás vén esto. É coma unha orde. Un costume antigo na casa. Hai que seguilo.

Chovía cada vez máis. O vento non paraba de zoar. Ollámonos us ós outros con certo medo. Dempóis batemos cos ollos naquela cativa escada. Non tiñamos reparado nela denantes.

Por algún tempo andivemos aloleados. Xuntabámonos na eira ou no monte, e veña falar deso. Chegaron a non importarnos os xogos. O faiado convertírase nun misterio pra nós. Pensabamos arreo nel. E non podiamos perguntar. Nin era asisado facer comentos con ningún veciño. O noso pai tíñanos mandado calar, decindo que aquelo viña de vello.

Un verme ía e viña dentro de nós. Non tiñamos acougo. Collémoslle medo ó escuro. Acochabámola cabeza pra durmir, e non queriamos facer ningún labor fóra da casa dempóis que se poñía o sol. Estabamos alporizados. O sangue aformigaba en nós cando renxía unha porta ou troaba ou se poñía a berrar a curuxa. No silenzo da noite escoitabamos o rillar dun rato. Talvez estivese alí, no faiado proibido. Aquelo facía medrar o noso grimo.

Un día quedamos soios na casa. Os nosos pais marcharan prá feira. Sentíamonos ceibos pra remexer uchas e alzadeiros. E fixémolo. Atopamos cartas moi vellas, e roupa do trinque que non viramos denantes. Pero algo máis arriscado proía en nós. Era coma unha cobra atafegada: rubir ó faiado. Nin siquera o falamos. Foi un acordo que xurdeu coma un lóstrego nun istante en que ollamos xuntos o comenzo da escada. Achegámonos a ela. O maor, que tería dez anos, ía diante. Seguiámolo os demáis. Tremábannos as pernas. Paseniño, comenzamos a tripar chanzos. A escada era longa. Dalí a pouco ceibamos unha gargallada que resoou en toda a casa. Botámonos a rir coa solpresa de que non había faiado, nin sinales de que o tivese habido endexamáis.

Aquel día perdémolo medo.

HOME E GATO

O HOME atopouse co gato na soleira da porta e tentou darlle un couce. Pero non puido. Esbaroulle o pé, e como o gato se decatou de que lle querían soscar, deu un brinco e meteuse nun machinal da parede.

Quedáronse mirando de través un ó outro. Rosmaban. Aquelo durou un anaco. Tiñan que acrarar certas cousas. Dende facía algún tempo levábanse mal.

—Eu ben sei o que che pasa —dixo o gato—. Trátasme así porque decidiches que non me percisas.

—É certo —respondeu o home—. Non te perciso. Merquei unha rateira. Xa non me resultas de utilidade.

O gato estarricou unha pouta e rañouse no pescozo. Fixo dempóis dúas carantoñas co bico, e sigueu:

—De maneira que xa non son de utilidade pra ti? Dame noxo que fales con tal fachenda. Non sabes máis lingoaxe que a do teu proveito. Eu coidaba que os homes...

—Os homes, qué?

—...eran doutro modo. Que medían o valemento das cousas cunha vara máis asisada da que a da comenencia direita.

—Abonda de léria —berrou o home—. Tróuxente pra que apillases ratos. Agora teño unha rateira e non te perciso. Eu son así e acabouse.

—Xa o vexo. E tamén comenzo a ver que se todo o tasades dese xeito, calquera é home. Arrincáchesme do monte. Botaches longos anos domesticándome. E logo veña darme confianza: un burato na

porta pra que entre e salla da casa cando me pete; borralla quente na lareira; leite callado nun prato dos teus...

—Certo —dixo o home moi foncho—. Coidábate pra que acabases cos ratos. Ben sabes que non podo nin velos. Pero agora teño a rateira.

O gato bufaba dende o machinal.

—Xa mo dixeches. O que non sei é cómo tendo tanta abelencia pra governarme, non se che deu por argallar antes ese chirimbolo.

—Hai cousas... —engadeu o home—. Amais do teu oficio rateiro, servíasme pra entreter ós nenos. Pero eles medraron e xa non che fan caso.

—Outra comenencia. Outro servizo que xa non percisas. Por eso me botas. Acabáronse os vosos aloumiños. Acabouse o "Micho" e a lazada vermella no pescozo. E a mao polo meu lombo cambado. Xa non farás a proba, que tanto che pracía, de verme camiñar entre as botellas. Nin contarás máis contos á miña conta: as zoquiñas de casca de noz do "Milmañas"; a axóuxere que me querían encolgar os ratos; o abelencioso e raposeiro "gato con botas"... Tampouco has de saber da chuvia por adiantado, coma cando me vías pasar a pouta por detrás da orella.

—Andrómenas, andrómenas! —baduou o home, con cara de mal xenio.

O gato ía dunha banda a outra do machinal abaneando o rabo.

—Serán andrómenas, como ti dis. O certo é que eu maxinábate doutra maneira. E agora vexo que sóio percuras a túa comenencia persoal. Eso faino calquera de nós; non é perciso ser home. Eu coidaba que... Voume xa. Quédate coa túa rateira de pau.

O gato deu un brinco e foise. Saeu a toda présa. Ía polo camiño do monte. Alguén quixo botarlle a mao, polas boas, pero el non se deixou pillar. Bufando corría, corría a máis non dar.

O CAN DOENTE

"Tirabeque" estaba farto da eira. Farto da cadea e do palleiro, tras do que nascera, facía algús anos. De cote a mesma sebe por diante, que lle non deixaba ver o camiño; o mesmo cheiro darredor. Pasaba fame. Co tempo fórase afacendo a langrear. Os ósos renxíanlle coma carracas, e por veces enredaba dando reviravoltas ó sol, pra ollar na sombra o seu esquelete cuasemente limpo. Ladraba todo o que podía (cada vez con menos torgo). Era o seu trafego; o seu oficio, coma quen dis. Ás veces cavilaba no que terían sido os cás noutro tempo, denantes de se deixar domesticar; cando vivían ceibos e rufos no monte... Dempóis, deixáronse amolecer, e por un óso ou un codelo balorento comenzaron a anagarse diante do amo.

Noutro tempo, Tirabeque enredaba cos grilos e gostáballe parrafear coa lúa. Pero aqueles azos fóranse esvaíndo nel. Xa nada lle importaba. Non movía o rabo nin escorrentaba as pulgas que o aburaban sin acougo.

Afíxose a aturar. O óso que lle daban era cada día máis pequecho, pero en vez de queixarse rebrincaba ledo diante do amo, pousando a cachola cando o vía chegar pola eira adiante. A cadea darredor do pescozo era coma un delongamento de sí mesmo. O mundo romataba na sebe e tiña o seu máisimo adianto e comodidade no cocho do palleiro. Xa non suaba no vrao nin aterecía no inverno. Cando o redoaba a xiada ou o sol, pechaba os ollos, engruñábase e quedaba coma unha pedra.

Unha noite ceibárono. "Algo estrano acontece" —cavilou Tirabeque—. Deu unha curta reviravolta e quedouse no mesmo logar. Non se atrevía a ir máis alá daquel recuncho onde estivera sempre. Coutábano as pernas e o medo e a incerteza. Viraba o pescozo prá dereita e prá esquerda; estranáballe non sentir darredor del as cóchegas da cadea.

O cancelo estaba aberto. Qué ancho era todo! Xa nono coutaban as argolas de ferro nin a sebe. As patas fóronselle espelindo. E camiñou. Cando levaba alancado algo decatouse do que perdera por non ter trato denantes coas cousas de fóra da eira. Nin siquera sabía o que era un camiño. Probe Tirabeque! Agora quería bebelo mundo nunha asentada.

Foise por un carreiro longo. Andivo e andivo. Coma se quixera recobrar o tempo que perdera tras do palleiro. Cando pasaba pola beira dalguén, ollaba de través. Nono facía por mal, pois Tirabeque non tiña xenreira contra nadia. Era un certo medo ou receo.

Pouco a pouco comenzou a rosmarse que el andaba ceibo. A nova foi e veu polos arredores. Déronse en decir cousas... Algús aduaneiros argallaron que Tirabeque estaba doente. Doente perigoso, sin romedio. Pero el non facía caso. Seguía ledo o seu camiño. Sin deterse nin escoitar ós que baduaban andrómenas.

Neso atravesóuselle un cadeliño rabisco, e sin máis chantoulle unha dentada na beira do rabo. Tirabeque ollouno con noxo e sigueu. Non quería perder tempo. O carreiro era ancho e fermoso: tiña frores e pedras brancas polas beiras. Outros cás foron chegando. Todos viñan dispostos a armar liorta. Rosmaban cos dentes pechados e traguían lume nos ollos. Redoaron a Tirabeque. El teimaba seguir o seu camiño. Pra eso deixara a eira que o tiña coutado. Quería coñecer todo o que houbese detrás das pedras e dos cotos. E de cada toxeira. Pero tal degaro non lle chistaba ós demáis. Ladrábanlle darredor:

—Ti estás doente!

—Non é certo —protestaba.

—Todos che teñen medo.

—Deberan encerrarte...

—Non! Non! —decía Tirabeque.

Abrouxábano. O rebumbio medraba cada vez máis. Baduaban todos ó mesmo tempo. Aquel balbordo de ladros avoltos non paraba de zoar. Foi chegando xente. Homes, mulleres, rapaces. Todos con algo nas maos pra soscar. Falaban do can doente. E dos andacios. E da morte. Eran coma sombras medoñentas que o atafegaban. Tirabeque sinteuse trubado. Nono deixaban avantar. E eso que el non se metera con ninguén.

O cadeliño rabisco trincouno por segunda vez. Tirabeque non puido aturar máis. Abondáballe cos anos que estivera coutado na eira. Mirou darredor, abreu ben os ollos, e anque estaba feito unha pistraca dispúxose a abrilo camiño a dentadas. Catro cás quedaron deseguida estarricados no chao. Pero non puido facer máis. Unha sombra guindouno. Medrou o balbordo. O mundo viróuselle. Caeu. Tiña derriba a xenreira e a forza que o redoaba. Foi unha agonía curta.

Enterrárono na beira do camiño.

Agora, cando alguén pergunta por Tirabeque, dinlle que houbo que matalo porque estaba doente.

O CORGO

O XORNALEIRO estaba afeito a camiñar no escuro. Era coma un irmao das tebras. Os poucos carreiros que coñecía andivéraos todos a tentas, na noite.

Esa vez atravesaba unha camposa pola que non tiña pasado denantes. Viña do seu trafego, onde botara o día enteiro. Un día ben cheo, de estrela a estrela, coma sempre.

Facía un bo anaco que se afundira o sol. Era noite pecha. Us cantos grilos e arrás barullaban sin gana. En veces axexaba a lúa, pero escondíase axiña tras dun nubeiro medoñento. Todo era vello darredor.

A camposa tiña algunhas matogueiras e cañotos. Pero como o xornaleiro se afixera á escuridade, arredábase deles con brincos pequechos e reviravoltas. Até que bateu no corgo. E todo se voltou máis escuro que a mesma noite.

O corgo era fondo. Fondo e estreito. Máis ben semellaba un pozo de sacar auga. O xornaleiro sinteu coma se tivese caído por unha quenlle inmensa. Tiña a cara e as maos cobertas de lama. Todo o seu corpo quedara nun istante coma envolto nunha pelica lamacenta.

Tentou agatuñar, pero esbaraba e caía, enlamándose cada vez máis. Atopábase canso e acorado. Sentouse. A friaxe chegáballe ó miolo dos ósos. Doíalle unha perna. Talvez se tivese magoado cando caeu. Non estaba certo. Tampouco lle era posíbel determiñar se se tiña ferido e sangaba. Percurou calmarse. Sabía que o desespero non é bo.

Por un istante, o xornaleiro coidou que debía estar soñando. Angurias semellantes vivira outras veces, que dempois resultaron trangalladas de soño. Pero non. Esta vez non era soño. Nono arrincaría do corgo ningún espertar. E se berrase pedindo ausilio? Sorreu con mágoa. Ninguén podería ouvilo. A aldeia estaba arredada. Era de noite. Durmían todos... Pensou nos seus. Estaríano agardando? Poida que non .Outras veces tíñase quedado onde andaba ó xornal. A muller e mailos nenos tamén durmirían, arretegados us ós outros, matinando nos ollos grandes do medo que rebulen na escuridade. Afixéranse a que el non chegase. Porque hai cousas así. Hai intres nos que cadaquén é o que é, dos pés á cabeza. Namáis. Esmorece todo o que nos redoa, deixándonos sin arrimo. Endexamáis tiña cavilado neso. Decatábase agora, dende aquela fondura lamacenta.

Sin erguerse, comenzou a esnicar nunha beira coa fivela do cinto. Teimaba abrir buratos a unha e outra banda do corgo, pra agatuñar metendo neles os pés e as maos. Pero cansouse axiña. Dalí a un anaco voltou a aquel trafego, esta vez usando unha navalla pequecha. Cando tivo tres buratos fixo a proba, a tentas: meteu un pé, logo o outro, e unha mao. Todo ía ben. Axiña estaría fora daquel corgo que atafegaba. Así e todo decideu non seguir traballando no escuro. Deixaría pasala noite. Engruñouse, percurando non bater en ningures coa perna magoada. Tremaba co frío. Sentía un estrano agurgullar no corpo todo. Certamente estaba canso. Por eso, a pesares daquela situación, puido durmir algo. Logo espertou, aterecido e machigando lama. A noite seguía derriba da camposa. Era unha noite longa e mesta que non acababa de pasar. Coma se tivese escurecido pra sempre.

Por fin amañeceu. Unha raiola cativa entrou no corgo. O xornaleiro veuse e sinteu noxo e mágoa de sí. Ollou darredor. Alí estaban os tres buratos que fixera a tentas na víspora. Xa podía seguir. Non había outro camiño. Ninguén lle botaría unha corda. Ninguén se atopaba alí pra turrar por el. Tiña que axudarse. Valerse soio. Coa navalla voltou a esnicar nas beiras. Apoiábase nos primeiros buratos e seguía furando. Cansouse axiña e voltou a sentarse. Certamente, non desexaba continuar aquel trafego, anque era a única maneira de saír. Esforzos de máis volume tiña feito andando ó xornal. Un día estivera a pique de morrer afogado por salvar un amieiro que caeu no río; outra vez atallou un cuxo nunha xesteira que ardía. Todo elo amais de bourar no agro diariamente, de estrela a estrela. Unha vida enteira derretendo enerxía en proveito alleo.

Voltou a agatuñar. Tiña sede. E fame. Xa a raiola se fora. Ollou pra riba: a entrada estaba moi lonxe, acochada cun redondeliño de ceo. Comenzou a abrir outro machinal. E foi cando esbarou e caeu no fondo do corgo, enlamándose cada vez máis. Non se moveu. Agora miraba darredor, con ollos anguriados. Un pequeno bechoco rebulía corgo arriba. Cando tiña andado un anaco, o xornaleiro guindouno. O bechoco voltou a rubir, e de novo unha mao barrenta fíxoo voltar ó comenzo. Era aquel un xogo miserento, ruín; un xeito de vinga cativa contra o destino. Entramentras, voltou a chegar a noite. Outra vez a escuridade plea. O teimoso bechoco logrou saír. E botou a andar pola camposa, co seu paso miúdo. No fondo do corgo quedaba o xornaleiro envolto na lama. Convertido en lama pra sempre.

X. NEIRA VILAS

Habana

POEMAS

Roula, muiño triste,
roula as lembranzas de antano.
As tardes nos eidos cas vacas,
enredando
ca navalla
nun pau de carballo.

Ai tardes, tardiñas acesas,
xa soilo me quedan os cádavos!

Xinzo, Lamas, Sabucedo,
a nai Francisca, o Cándido,
o Enrique, os cás,
o probe Celso i o prado
da Lomba
qué lonxanos!
Tempo sobor do tempo
que se foi espallando
polo río louro
da vida abaixo.
Entón era
un neno sementando
espranza nas penedías,
iñorante das bágoas e do pranto,
lonxe dos homes,
acochado
antre catro soños
que fun queimando.
Agora vou rubindo polos días
triste e canso
de ser home
niste camposanto
de arelas soterradas
e de anceios acoitelados.
Do neno que fun
soilo me queda un espantallo.

Roula, muiño triste,
roula as lembranzas de antano!

pra Xohana Torres

Inda que a Rosa é breve i o Tempo terminábele.

X. T.

Amemos
o tempo que turra de nós e que nos leva.
Inda que o ceo está azul e non hai nubes e non chove,
sempre é cedo
pró froito que agardamos e non chega.

Amemos a Rosa porque é breve
i ó Tempo porque fuxe e non se para,
inda que á veira das horas, nas esquiñas,
morran as verdades contra o vento
i a noite seña un recendo podrecido
das frores que chantamos pra salvarnos.

Amemos
as bocas que mancan ó bicalas,
os pianos que medran e non tocan
i as tardes fermosas que se acaban.

Amemos
inda que a espranza turre cara abaixo
a vencellarnos sempre contra nuncas
de campos sen aire e corazós parados.

Eu ben sei que non hai volta.
Iste é o non derradeiro no camiño.
Todo é presente coma pedra
niste hoxe
con dimensión de adiós nos horizontes.

Eu ben sei que xa non quedan
músicas de verdade prós ouvidos
nin lonxes pra fuxir da noite pecha.

Todo é presente, infindo hoxe,
semente en penedía, nunca froito,
árbore sin selva, mais con tempo,
longo río de morte que nos leva.

Sempre...!
I ó decilo, tremen de medo os beizos,
É o doce intre
que arelamos facer eterno.
Sempre...!, soñamos.
El haberá nubes de nunca no noso ceo?

CARLOS CASARES
Xinzo de Limia

DUAS NARRACIÓS

A MORTE DO ANSELMO

E cómo se me había esquecer? Non se me esqueceu, non señor, nin se me lle esquecerá mentras viva. Aínda a morte coido que non será dabondo pra facermo esquecer. Eu estáballe alí. Era unha noite de Xaneiro. Caíra unha xeada que deixara as pozas duras coma penedos. Estabamos o Anselmo, claro, o Pepe de César, o Ismael da señora Engracia, a mamá, a miña irmá Carme e máis eu. Os homes xogabamos unha birisca, e as mulleres quentábanses ó pé do lume, mentras degrañaban millo prás pitas. Acabáramos unha partida, que perdéramos o Ismael e máis eu. O Anselmo erguéuse, e dixo que iba ó souto buscar non sei qué, coido que ninguén lle entendéu o que dixo. Eu tamén me erguín e fun mexar, pero non saín á aira por mor do frío e de que estaba pouco abrigado, e vostede xa sabe, sal ún quente da lareira pra fora, e non ha coller cousa boa. Fun mexar como facía moitas veces, cando pola noite sintía unha necesidá na cama, ou seña que subín ó coarto, e mexéi por un cristal rompido do balcón, que xa tiña eu tapado adrede cun cartón doado de sacar, e que cadraba enriba da ventana da cociña. O mexo fumegaba coma si fervera, somellante frío facía, e embazaba os vidros do balcón. Nesto, sintín un berro afogado e un petar xordo, e de contado, unhos berros que poñían medo a calquera, e eu non son dos que se botan pra tras, eso pódello preguntar a calquera de eses.

Baixéi canto máis axiña puiden, e vin que a cociña estaba valeira, e todo o mundo no souto, e seguían os berros, sobre todo das mulleres. Entréi e vin ó Anselmo deitado cara arriba nunha poza de sangre, cun coitelo espetado no peito, as dúas maos agarrando o coitelo e posto de xeito que se adiviñaba que caíra primeiro de cara contra un mesote que alí había, pois o mesote estaba cheo de sangre, que de outro xeito non sei cómo había de chegar ó alto. Tiña os ollos abertos e os dentes arregañados, que coidéi morrer de arrepío, e xa lle dixen que eu non son dos cobardes, e si non pregúnteo. A ventana do souto estaba aberta. Nesto, no medio da barafunda, a xente fixouse en min, e eu decateime que levaba o pito de fora, pois a cousa collérame mexando, coma xa lle dixen. Levéi unha vergoña negra, pois estaban alí as mulleres, pero ben me pintóu, pois entre eso e que os que quedaran na cociña sintiron as pingas do mexo contra os cristales da ventana, puiden demostrar o que estaba facendo

cando morréu o Anselmo, que de outra maneira non lle sei como había facer.

Boeno, ten que perdoar, pero eu dígolle estas cousas porque vostede dixo que lle contara tal cual.

Pero vostede non bebe? Suso, ponlle un neto a este señor, que o convido eu! Non, non faga por pagar, que non lle han coller os cartos.

Pois ó outro día veu a xusticia. Viña un señor que sei que era policía de Lugo. Éralle home listo, que se enterou de cousas coma por exemplo, que o coitelo non fora tocado por ningún denantes do feito, ou que o limparan moi limpiño primeiro. En non sei de onde sacaría tales cousas, pero debíanlle ser verdá, porque tamén se enterou en oito días de cousas que non sabiamos os que levabamos anos vivindo coel; poño por caso, que tiña unha querida en Monforte, e eso si que resultou ser verdá, anque estas cousas nonas debeu dicir dun morto, pois non é porque fora o home da miña irmá Carme, pero nin ela nin os viciños tiñan porque saber dun morto o que non lle souperan de vivo, e ademáis gárdase mellor a viudez dun home bon que dun calquera. Outra cousa que non deberon facer foi a autosia, ou como lle chamen, pois tronzar un home igoal que un porco pró sal, non é cousa de bós cristianos.

O policía dixo que moi ben poidera pasar un home pola ventana aberta, a matar ó Anselmo e volver sair sin que se lle notasen as pisadas, pois fora a lama estaba dura igoal que un seixo. Outramente, o feito de que a ventana estivera aberta non dí nada, pois estábao decote cando había carne a salgar no baño da matanza, porque a dispensa estaba pegada á parede que daba á cociña e sempre gardaba lentura, e non fora ser que se perderan as carnes.

Vostede dirá que por qué estaba así, pero é que a cociña estaba antes noutro sitio, e desque se cambiou pra alí falouse de cambiar tamén a dispensa, pero vostede xa sabe, as cousas falar fálanse, pero facelas nunca hai quen as faga. A mamá sempre me dicía que podía entrar un can e levar un lacón ou unha cachucha, e que ademáis entraba moito frío na casa, pero a cousa seguía.

Il o caso é que, asegún o policía, un home puido entrar, matar ó Anselmo e salir, sin deixar señal sólo con que levara guantes, seica; pero tamén o Anselmo puido coller o coitelo e matarse il mesmo, pois ninguén lle quería mal que se soupera, e a Carme non pareceu sintilo coma debera sintir a morte do seu home, polo que digo eu si sabería o da querida, e logo, qué foi facer o Anselmo ó souto?

E a vostede que lle parez, mataríase?

A CACHORRA

¡Manoliñooo! ¡Vai tornala vaca, que pasóu pró trebo!

O berro rompéu a tarde, e o Manoliño, alancando por riba de portelos e valados, chegóu ó prado. Nel pacía a Marela, e nun pedazo do millor que se separara pra sementar trebo con dous fíos de arame de espiño, pacía a Cachorra.

O Manoliño tornóuna do trebo e levóuna prá casa. Alí agardabamos todos, o señor Tomás, o patrón, a señora Engracia, a súa muller, Pepe, o herdeiro da casa e pai do Manoliño, Carme, a nora e máis eu. Os homes agardaban calados e as mulleres laiábanse:

—Dios nola ampare! —decía a señora Engracia.

—Mirai que si temos unha perda coa nosa Cachorriña... —contestaba a Carme.

Entón eu decatéime de que a perda non era polo trebo, senón pola Cachorra, e lembréime de que tiña sentido contar algunha vez de outra vaca que morrera dunha farta de trebo.

Nesto chegara o Manoliño coa vaca e metéuna na aira. O vello preguntóu:

—E cánto tempo levaría a vaca no trebo, sabédelo algún?

Ninguén o sabía. Todo o mundo andaba a voltas cos seus labores e non sabían nada. Nin a Carme, que fora a que avisara. Entón dixo:

—Boeno, ó millor non é nada —anque esto non tranquilizóu a ninguén.

Meteron a vaca na corte e botáronlle na manxadoira un brazado de herba seca, coa esperanza de que comera unha pouca, pois si tiña fame sería señal de que non comera moito trebo. A Cachorra entróu remoendo na súa corte e todo o mundo volvéu ó seu labor.

Eu quedéime cavilando nunhos días atrás, cando o señor Tomás levara a súa vaca polo día vinte a Sarria. Non fora vendela, menos que lle fixeran unha oferta moi boa, senón a darse o gran gustazo de que a súa vaca, a Cachorra, preñada de seis meses, fora a millor da feira e a que máis xente fixera parar diante a véla.

Cando volvéu viña todo fachendoso, dez anos máis novo. Dábanlle vintetrés billetes, pero el non baixara un real dos vintecinco.

A herba siguiú na manxadoira como a puxeran. De alí a un pouco os berros da Cachorra sintíanse a unha legua. Foise polo veterinario, pero cando chegóu a Cachorra xa morrera.

A señora Engracia e maila Carme laiábanse pola perda. O señor Tomás, o Pepe e o Manoliño bagoaban caladiño, pero o sentimento era o mesmo en todos.

Pidiron unha vaca emprestada pra completala xugada, e cunha timoa, coa cadea presa ás cornas, levaron de arrastro á Cachorra pra enterrala por trás da palleira.

Ós dous metros escasos da porta da corte botóu fora o feto, que xa iba sendo grandeiro e casi tiña forma de becerro. Quedóu alí tirado, xa se levaría co carretillo.

Puxémonos a facer o burato. Eu collín o picachón e púxenme a traballar duro. Se fora outro día sacaríanmo das maos, pois sempre me daban os traballos máis doados, pero aquel día ninguén estaba pra reparar en finezas.

Mentras traballaba púxenme a cavilar na verdadeira importancia da perda que houbera. Penséi que os becerros eran a única ganancia da casa. Ás veces vendíanse patacas, sí, pero eso era nos anos de moita fartura delas, e pra eso tampouco faltóu algún ano que as houbo que mercar. Tamén se vendían os xamós, pero eso pouco proveito daba, pois non eran máis que dous, porque os outros dos da ceba había que gardalos por si había que facer algún regalo. Maxinéi cómo sería o parto da Cachorra, de alí a tres meses, na Primaveira, cos homes dispostos a axudar, si facía falla, e as mulleres rezándolle a San Antoniño bendito pra que saíra femia, e non aquela vaca morta botando un becerro morto nun parto morto. Caviléi que as vacas non deberan morrer máis que cando fosen vendidas pra matar, despóis de teren dado oito ou nove becerros cando menos, e cando houbera unha cría xa xatuca que se deixara criar pra que continuase o ciclo vital da casa. Pero a Cachorra morréu, rompendo o ciclo.

O picachón traballaba solo, mecánicamente. Non se engañaba, ben sabía o que facía.

Despertéi das miñas cavilaciós cando o Pepe me dixo que o burato xa era fondo abondo.

ARTURO REGUERA

L u g o

PARENTES DE DON RAMÓN POR PARTE DAS ESTRELAS

O MEU SEÑOR TÍO, DON RAMÓN JOSÉ SIMÓN DEL VALLE-INCLÁN, naceu o día 28 de outono do 1866. Naceu, pois, sob o siño do Escorpión —que rexe dende o 23 de outono deica o 21 de Santos. Asegún o "Calendario da Linterna de Hermes", no 28 de outono do 1866 privaba en Ascendente Escorpión co Sol en Saxitario, pro con craras posiciós influenciantes de Cáncer e Piscis [1]. André Barbault, no seu "Escorpión" [2], esprica mui ben: "O sentimento de independencia domiña —nos Ascendente Escorpión co Sol en Saxitario—, i é a un tempo espresión dunha indiscipriña funcional e dun fondo anceio de liberdade, con xenerosidade de corpo e de esprito; si é perciso, batiráse por ela deica o fin. As paixós suas acostuman sere dramáticas, pro si o suxeto coñece inevitabelmente a sua *saison en enfer*, tende asemade ó mundo sereo da paz e da vida espritual". A posición de Cáncer no complexo horoscópico de Valle-Inclán, vai enriquentálo co "senso dos valores noitébregos, intuición, magnetismo atraitivo, creación". Barbault cita, niste caso, a Rembrandt e Villiers de l'Isle-Adam. I a posta de Piscis, crara como en Víctor Hugo i en Edgar Poe, fixará "unha natureza inqueda, complexa, verquida en remoiños interiores amplios e bruantes, verdadeiro caldo de cultivo para as paixós desmedidas, as arelas infindas, a chamada mórbida do erótico".


Foi un lugar común citar a Barbey d'Aurevilly tratando da pirmeira época de don Ramón. A Poe, é o mesmo Valle-Inclán quen o anuncia: *"Dario me alarga en la sombra / una mano y a Poe me nombra"*. Ramón falará de Villiers de l'Isle-Adam, pretendente á Coroa de Grecia, cando se refire ó intento de Valle-Inclán de tiduarse en Castela co marquesado del Valle i o vizcondado de Vieixín dos Países. Algunha vez se ten falado de Picasso i o cubismo a propósito dos esperpentos, ainda que don Ramón prefire —agás en dous ou tres momentos— citar ó surrealismo como nova fiestra prá sua estética, e ficamos ademáis sin saber mui ben o que dí cando fala, en "Luces de Bohemia", dos "espejos cónvacos", deformadores. Pro, en fin, sempre

---

[1] Abonda con citar a C. G. Jung ó comezo distas notas: "Nacimos nun momento dado, e temos, coma as colleitas célebres, as calidades do ano e da estación que nos viron nacer. A Astroloxía non pretende outra cousa". (C. G. Jung: "O home á descoberta da sua ialma").

[2] Le Zodiaque du Seuil. Tomo 8. André Barbault, Louis Millat, e outros.

Horóscopo de don Ramón





"Eu non podía amar máis que alí onde a morte mesturaba o seu alento á Beleza". (Dibuxo de Alastair pra *A caída da casa Usher*)

teremos a visión cubista do Circo Harris en "Tirano Banderas": "Cachizas de faroles, gritos, manos en alto, caras ensangrentadas. Convulsión de luces apagándose. Rotura de la pista en ángulos". Fernández Almagro dirá que lle foi suxerida a Valle-Inclán ista interpretación do tema quizaves por algún grabado de "L'Esprit Nouveau" [3]. E nun recente artigo de Jacques Brunier, co gallo do estreno de "Divinas Palabras" en París, o crítico falará, referíndose ós mendiños i ós vagabundos de Valle-Inclán, non somentes nisa peza senón especialmente nas comedias bárbaras, a Fuso Negro na sua cova con don Juan Manuel Montenegro, á familia de fillos e servos do Morgado, etc., de Dostoieuski. Agora ben, Jules Barbey d'Aurevilly, Fédor Dostoieuski, Villiers de l'Isle-Adam, Pablo Picasso e Edgar Poe, son todos iles parentes de don Ramón del Valle-Inclán por parte das estrelas. Edgar Poe, que nace en xaneiro, é, non embargantes, pólo seu horóscopo —19 de xaneiro do 1809, ás duas horas, o Escorpión, ocupado por Urano, en ascendente—, un Escorpión perfeito. Non quixer o autor distas notas [4], tocar nin de lonxe a ren que somellase crítica literaria. Trátase, somentes, de dar un pequeno inventario dos parecidos que doadamente se atopan entre todos istes fillos do Escorpión, parentes, algúns mui de perto na aventura da vida, na forma que lles é propia á condición humán de don Ramón del Valle-Inclán póla parte das estrelas. Que, despoixas de todo, é un consangue coma outro calisquer, por mui estrano que sexa.

Abonda con lér dende "Crítica Profana" de Casares deica o derradeiro libro de Díaz-Plaja —tantas veces lúcido e sempre sereo inquisidor—, a bibliografía valleinclanesca, pra decatarse de que foi mui doado citar *ó connétable* Jules Barbey d'Aurevilly tratando de certa parte da obra de don Ramón. E ainda da figura que iste mesmo compuña pra mirarse no espello. Hai en Barbey muitas cousas que comparecen no retrato do marqués de Bradomín —que non hai que dubidar que é, en grande parte, un retrato ideal de don Ramón, ise retrato que se soña, e que coma o de Dorian Grey se desaltera co decorrer do tempo, ainda que ás veces non pra podredume senón pra anxelicidade ou pra melanconía.

Barbey d'Aurevilly naceu nunha vella vila provincial o día de Difuntos do 1808. Nunha vila "onde estranos persoaxes de outro tempo se contaban, arredor do lume, os seus recordos dos días da *chòuannerie*". Quixo Barbey ser militar, pro adicouse ás letras. Sempre confesou que nunca podería comezar por oficial, senón, o menos, por coronel montado. Pro pra il, ó principio da sua carreira literaria, as letras eran a posibilidade de librar día a día unha batalla. Dun dos seus artigos dirá: "Isto, afiado i aguzado, debe atrave-

[3] M. Fernández Almagro: "Vida y literatura de Valle-Inclán", 1943.

[4] Son as notas escritas pra unha charla sober diste tema, dada no mes de maio pasado, no Círculo Valle-Inclán de Lugo. De ahí a sua, quizaves, incoherencia, i o dar por sabido moitas outras cousas próisimas ó tema, ou mesmamente drento dil.

sar de parte a parte ó meu nemigo". A Eirexa non tivo, dirá Louis Millat, campeón máis fogoso que iste templario da pruma, pro, ó mesmo tempo, Lovelace e Casanova non terán máis frenético discípro. *"Il avouait avec cynisme ses rages de coucheries"*. Son verbas suas. A sua vida amorosa estivo chea de episodios calificados por íl mesmo de infernás. I o erotismo dos seus pirmeiros relatos aterrou ós editores de entón —"como, diz Maillat, houbera feito as ledicias de moitos editores de oxe". Aititudes inconciliábeles?, perguntáronse moitos leitores e críticos de Barbey. Pois non, asegún íl. E tamén, asegún o marqués de Bradomín. "O catolicismo, dixo Barbey, é a cencia do ben e do mal, e sonda os rís i os corazóns, isas duas cloacas". Así, dí Barbault, falaba ise Escorpión que debería, máis tarde, reinar como mestre nas obras románticas do seu segundo periodo: no "Chevalier Destouches", en "L'Ensorcelée", en "Le Rideau cramoisi"... Valle-Inclán ten a mesma ollada, isa que lles ven a Barbey i a il da natureza máis profunda.

Coma Barbey d'Aurevilly, don Ramón ten no seu horóscopo unhas conxunciós, non das máis ditosas percisamente, que fan destacar o "côté artificiel", a pirmeira maneira da mocedade, o dandysmo, o gosto da solpresa, a preciosidade, a rebusca do afeito... Tanto Barbey coma Valle-Inclán verán marcadas por todo isto as suas pirmeiras obras, i é craro que tardaron moito tempo, e con traballo, en liberarse. Por contra, e como Barbault afirma pra Barbey, tamén, pra Valle-Inclán, Saturno e Urano mui ben "aspectés" en Escorpión, prometerán unha madurez fecunda, un poder infinitamente meirande de penetración i unha solprendente capacidade de cambio e metamorfosis —isas das que soio os Escorpión son capaces—. Barbey como Valle-Inclán están certos da sua groria póstuma. Acaso por isto non quixeron tomar escano ún na Academia Francesa, outro na Real Academia Española. Barbey, cando xa lle era posibel o ingreso na Academia, non atopou nada millor que ridiculizar ós inmortás, nos seus "Quarante Médaillons de l'Académie Française". Hai unha cara "boutade", incorrexíbel, nos Escorpión.

Tódolos que trataron o tema —e hai dabondo, dende Mme. Arban a Romano Guardini—, soliñaron que a vida i a obra de Dostoieuski son o estudo máis forte e compreto dos grandes temas do Escorpión. Un recomendaría a leitura do libro do Dominique Arban, "Dostoieuski, o culpable" [5] e despoixas que se fose a ler en "Águila de Blasón", poño por caso. Unha cita só, i é longa: "Iste pai odiable i odiado, Dostoieuski, ó final da sua vida, sabe ben onde atopálo: nil mesmo. Os catro fillos Karamazof detestan a seu pai, tanto máis que ben se decatan de que se lle asomellan. Pervertido e crudel na luxuria, coma un inseito maléfico, tal é iste pai. O inseito está ahí, i a beleza i a armonía solprenden. Escorpión, araña, tarántula, tacha innóbel na luz, o inseito trunfa póla anguria de Hipólito, pólos cri-

[5] "Dostoieuski, o culpable", por Dominique Arban. Ed. Julliard. París, 1962.

mes de Svidrigailof i o suicidio de Stavroguine. Dimitri asegura a Aliocha que nil tamén, *en ti tamén que es anxo, vive iste inseito que ergue tempestades no teu sangue.* E Dimitri, coma Dostoieuski, leva o selo dunha somellanza odiada. O mesmo que o seu pai il ama a perversión; íl ama, ainda máis, a vergonza da perversión; íl vai deica a estrema confesión: *Eu amaba a crueldade!;* e íl concluiu: *Un Karamazof, e xa está dito todo*!". E il non van pólo camiño real, na hora serodia, pólo lusco e fusco, como cas tolos, os Montenegro, nunha esmorga boureante, irados decontra o sangue i o mundo, i a paternidade i as fadas?

Villiers de l'Isle-Adam foi atraguido pólo ocultismo. Unha vez dixo dil que tiña herdado do seu abó, o Grande Mestre de Malta, os máis difíciles segredos do rosacrucismo. Un día pretende o trono de Grecia. Considera que nil hai, ó fin, unha verdadeira resurreición do sangue antergo, porque ten os apetitos daquel sangue, i ademáis descobreu a sua patética máis fonda. Coma Valle-Inclán cos Montenegro. Entón, por unha sorte de dereito diviñal, Villiers de l'Isle-Adam será Basileo dos Helenos, e don Ramón del Valle-Inrlán, marqués del Valle e vizconde de Vieixin nos Países Baixos. En Villiers trunfan as fórmulas negativas do Escorpión. Morte, sadismo, misterio e revolta, acompáñano. Chama á porta do seu cartiño, i anúnciase a sí mesmo:

—Adiante, monseñor!

E monseñor pasa, e xa drento da habitación, como non ten mesa, ten que tumbarse i escribe no chan. I o pan que come, unha vez venlle das puñadas que recibe dun boxeador, ó que entrena, ou de amosarse nunha casa de saúde, na que é apersentado ós parentes dos tolos que ingresan:

—Miren, iste señor xa está curado. Pacífico de todo, sairá axiña a faguer a sua vida.

E Villiers, el señor rei de Grecia, saúda fino, cunha cortesía anterga... Católico, lexitimista, sentimental, podería ser amigo de Bradomín.

Poe ama mulleres que sorrín e morren. Morre a sua nai, vestida de lady Macbeth ou de Desdémona; morre Helena, o seu pirmeiro amor de mociño, e fínanse a sua nai adoptiva, Frances Allan, i a sua prima e muller Virginia, e namórase de Frances Osgood, tamén tísica, agoniante... Alguén dixo que tódalas carnes femeninas que se deixan abrazar por Edgar Allan Poe, son carnes funerás. Nos seus contos e poemas, a morte é unha evocación das suas mortas: Elizabeth, Hélène, Frances e Virginia. *Bérenice, Morella, Eleonora, Ligeia...* E cando non hai morte, hai augas dormidas e treidoras, augas lúgubres, cheirentas; augas quedas, que convidan a mergullarse nelas, e dormir, dormir, dormir... Augas escuras dos vellos muiños de Gundar, *onde Bradomín fai alto, porque chove, indo ver a Concha,* que morrerá nos seus brazos, nun tusido. E "Sonata de Invierno" comeza

eisí: "Como soy muy viejo, he visto morir a todas las mujeres por quienes en otros tiempos suspiré de amor: de una cerré los ojos, de otra tuve una triste carta de despedida... Las almas más blancas me dieron entonces su ternura, y lloraron mis crueldades y mis desvíos, mientras los dedos pálidos y ardientes deshojaban las margaritas que guardan el secreto de los corazones. Por guardar eternamente un secreto, que yo temblaba de adivinar, buscó la muerte aquella niña a quien lloraré todos los días de mi vejez"... Concha, morrendo co sabor de Bradomín na boca, a cabeleira enredada na porta, cando o amante a leva á sua alcoba, o engado terribel da carne funeral, iso está en Poe, que escribe: "A morte dunha fermosa muller é, sin dúbida, o máis poético tema do mundo, e tampouco hai dúbida de que a boca millor escollida pra desenrolar semellante tema, é a dun amante privado do seu tesouro".

Parentesco nas estrelas. Istas notas podían suxerir un estudo demorado. Hai cousas que se levan no sangue, pro hai outras que veñen de espellos que somentes donan imaxes a quenes teñen uns ollos adoitos. Os fillos do Escorpión teñen unha mirada mui propia, e sexo e morte, pantasía i a búsqueda no máis fondo, senso do que nas trevas dorme e poder de erguer nas verbas castelos outísimos, son ben diles. Xente que moita dela paga mui duramente o ter nado sob o siño Escorpión.

ALVARO CUNQUEIRO

V i g o

ITALO CALVINO E A NOVELA ITALIANA

Vai pra dous anos que o novelista italián Italo Calvino dixo unha conferencia sobre "O feito histórico e a imaxinación na novela". A máis de amosar nela o proceso da narrativa do seu país dende a segunda guerra mundial, reflexa interesantes puntos de vista sobre da súa esperiencia persoal como escritor, e sobre da súa interpretación da novela como xénero literario.

Por estimar que o contido da conferencia resulta ilustrativo en moitos aspeitos, ofrecemos a seguido a parte máis sustancial do mesmo en versión galega:

Nos derradeiros vinte meses da Guerra Mundial, dende setembro do 1943 deica abril do 1945, Italia combatiu ós feixistas e ós alemás cunha guerrilla de masas, unha das máis cruentas da resistencia europea. Ista esperiencia ispirou moitos libros de narrativa de valor, escritos non só por autores xa madurecidos sinón tamén por principantes, pero non me sinto capaz de lles dar o tiduo dunha novela da que se poda decir: ísta é a novela da Resistencia italiá. Porque coido que mesmamente aqueles que se propuñeron escribir *a* novela da Resistencia, tencionaron demáis e por iso fracasaron.

O imenso siñificado que a Resistencia tivo na historia do noso pobo ficou representada en libros como unha ademirábel recopilación de cartas de condenados a morte, ou nun libro exemplar de historia da Resistencia en tódolos seus aspeitos como o de Roberto Battaglia, ou en moitos libros de testemoños e lembranzas.

No que respeita ás novelas e ós contos, os millores son os que non tiveron propósitos pedagóxicos ou conmemorativos, pero déronnos, en troques, algús aspeitos daquel período que soio a literatura podía rexistrar: o ritmo épico e apicarado e impiedoso da guerrilla, ou quizaves o ritmo interior, lírico e dooroso que a traxedia e a épica coleitiva suscitan no individuo.

Cando emprincipiamos a escribir os nosos mestres eran, ademáis de Pavese e Vittorini, os escritores norteamericáns de absoluta sobriedá estilística e de aspro sabor vital como Hemingway e os primeiros escritores soviéticos do tempo da guerra civil como Isaac Babel e os seus estraordinarios e crueis contos de cosacos. A nosa intención era dar, da guerrilla, a vitalidá, a aventura, o cheiro da pólvora. Moitos contos que escribimos daquela teñen envellecido porque están xunguidos a un amaneiramento, a un clima que pertenecen xa ó pasado. Pero ficaron escelentes historias, as máis sobrias e direitas, que se lén como aventuras fora do tempo apesares de estaren apoiadas nunha tensión que daba a época e que eu quixera ter hoxe.

Podo citar como exemplo a un escritor da miña xeneración que morreu prematuramente: Beppe Fenoglio. Era un escritor que nunca saíu do seu pobo natal no Piamonte e que tivera como única esperiencia da vida a de ter sido Comandante de "partigiani", de guerrilleiros. Fenoglio

escribíu moi pouco, tódalas súas novelas e contos poderían publicarse nun só volume de cincocentas páxinas. Son historias de guerrilleiros, historias de campesiños, animadas por unha forza de linguaxe, un ritmo narrativo e unha tensión interior estraordinarios. Fenoglio non tiña máis idea política que a súa fidelidá á loita de Resistencia. Pero nos seus contos, os guerrileiros non aparecen enxamáis idealizados nin son persoaxes exemplares. E nembargante, ninguén ten dado como Fenoglio o auténtico sabor da guerrilla. E os verdadeiros valores moraes en xogo destácanse mesmamente porque Fenoglio nonos mencioa siquera e porque sabe narrar desprexuiciadamente, como se fala antre compañeiros de loita.

En Italia tivemos varios autores dun soio libro cando, após da guerra, todos tiñan unha historia pra contar. Pero antre eses libros únicos algús eran moi fermosos, e ístes foron libros cuios autores non tencionaban ensinar, sinón soio contar, representar. Pra escribir, compre ter fe no siñificado implícito dos feitos, nas cousas da vida, na verdá que se escusa en cada individo. É escritor o que sabe descobrir a ledicia nas circunstancias máis dramáticas, o que sabe descobrir a homilde verdá cotiá nas páxinas da historia que se comentan adoito con palabras grandilocuentes e xenéricas.

Arestora os críticos italiáns máis refinados desprecian ista literatura da vitalidá, ista literatura na que persoaxes, problemas e linguaxe móvense nun nivel elemental, e nembargante, eu coido mesmamente que isa literatura deu un grande pulo a toda a literatura italiá.

Polo que a min respeita, debo decir que non teño perdido ista paixón polas historias de aición, onde a realidá asume aspeitos fabulosos; e cando me teño alcontrado cunha realidá máis gris e acougada, na que non podía dar nova vida ó esprito da miña iniciación literaria, tratei de mantelo vivo trasferíndoo a historias imaxinarias, antre a fábula e a novela de aventuras. E así naceron ises libros fantásticos que quizaves algús de vostedes teñan lido.

Pero ó mesmo tempo seguín escribindo contos inspirados na realidá da miña época, i eiquí entra en xogo unha vea máis refleisiva, crítica, que comeza no conto pra rematar no ensaio e na meditación. Nos contos de ambente contemporáneo que escribín nos derradeiros anos, o protagonista é sempre un inteleitual que, de certo xeito, asoméllaseme. É como si agora non me ficaran máis que dous camiños abertos: o conto fantástico e a autobiografía. A identificación cos persoaxes distintos do propio é un don que quizaves soio seña posíbel ter na mocedade, ou quizaves soio seña posíbel ter en épocas revolucionarias.

Ise problema da identificación coa realidá ouxetiva tamén nos preocupou moito. Ó rematar a guerra, Italia sentíu unha urxente necesidade de se conocer a sí mesma, de saber qué era, cómo era.

A literatura e máis o cine lanzáronse ó descobremento de Italia, en particular da Italia máis probe das rexiós meridionaes. O neorrealismo italián deu grande número de boas obras, e tamén moitas obras mediocres. E chegou a criar un amaneiramento, unha nova retórica. En certo intre comprendeuse que si o que se quería era coñecer a sociedade, a novela e o conto non eran xa os meios máis eficaces. Así emprincipiou a fase dos testimoños da vida recollidos direitamente e de viva voz antre os probes, os campesiños, os pastores, os desocupados, os bandidos. A intervención do literato limitábase a recoller i editar, e puido mirarse que, cando era menor isa intervención, meirande era o valor do testimoño. Rocco Scotellaro e Danilo Dolci comezaron a recoller testimoños nas bisbarras máis atrasadas da Italia meridional. Iste tipo de documen-

tación estendeuse despóis ós aspeitos da vida industrial do norte de Italia; e moi axina naceu toda unha literatura feita de documentos ditados por obreiros e campesiños.

Xa que logo isto non é literatura sinón un meio de conocemento, un meio que por sí non é dabondo si non vai acompañado do ensaio sociolóxico e político, da discusión e o análise.

Si noutras épocas—e aínda hoxe en moitos países—a novela era o principal istrumento de conocemento crítico da sociedade, na miña opinión ise istrumento é arestora anticuado e insuficinte. ¿Qué lle queda por descobrir á novela na realidá social? Coido que iste envellecemento da novela como representación direita da sociedade será cada vez máis acentuado en tódolos países, a medida que se vaian multiplicando os istrumentos de conocemento e de crítica da realidá. E nembargante, esisten aspeitos da realidá social que a literatura e só a literatura revela, mesmo si o autor non tenciona descobrir unha realidá social.

A derradeira novela de Alberto Moravia—*La noia*—non é unha novela social. E nembargante, os diálogos absolutamente valeiros da protagonista Cecilia, a súa falla total de senso dos valores, as infruitosas tentativas da súa amante pra acadar que as súas relacións eróticas señan relacións cunha presencia concreta e real e non un ridual abstraito, de xestos no valeiro: todo isto dinos algo da nosa sociedade na que exercen o seu dominio os ouxetos e o diñeiro, e onde os seres humáns están reducidos a cousas, maniquís, autómatas. Algo que non podería terse dito máis que a traveso da invención literaria.

A literatura é útil na medida na que di aquelo que o sociólogo, o político, o historiador, o filósofo, o científico non dixeron aínda; aquelo que mañá o sociólogo, o político, o historiador, o filósofo e o científico poderán recoñecer como útil e xusto. Naturalmente hai que calcular un porcentaxe de risco, un marxe de erro. Emporiso compre deixar lugar prá esperimentación de laboratorio.

E así chegamos á situación italiá dos nosos días. Após do primeiro intre heroico confuso, a novela italiá entrou nunha etapa na que predominan a nostalxia, a melanconía, a elexía do tempo que decorre. Carlos Cassola e Giorgio Bassani son os nomes máis representativos diste tipo de literatura. Ambos e dous emprincipiaron como escritores refinados pra un público difícil, e nos derradeiros anos ún e máis outro outiveron grande ésito e tiradas esceicionaes. Cassola é un escritor de austera sinxeleza e a atmósfera dos seus bocetos de provincia toscana probe é gris, cotiá, case escuálida. Cassola é un nemigo decrarado de toda a literatura do noso século i, en particular, de tódalas avangardas; recoñece que lle debe moito a un soio libro da literatura moderna, o primeiro libro de contos de Joyce: *Dubliners*. Bassani, en troques, é un escritor que, nas súas crónicas da burguesía dunha culta e rica cidade de provincia, Ferrara, tende a un refinamento psicolóxico e a un preciosismo evocador e nostálxico. Os seus autores preferidos son Henry James e Marcel Proust. Pero tamén el sinte un esdén absoluto por tódolos autores que xurdiron após daquéles, por toda avangarda e anovamento formal.

A Resistencia figura como constante punto de referencia tamén nos libros de Cassola e de Bessani, que precisamente teñen adicado a isa época as súas mellores obras. Pero tanto Bassani como Cassola ollan os anos heroicos a traveso dun veo de melanconía; o elemento que trunfa é o tempo no seu decorrer; a épica trócase en elexía.

Ista atmósfera literaria pode darnos unha idea do estado de ánimo do italián meio de hoxe; unha vaga insatisfación que semella querer

fuxir das tensións dabondo dramáticas, alonxadas no limbo da memoria e ó mesmo tempo ceibarse da contaminación dunha realidá como a presente, tan comercial, domeada polo diñeiro, e defendérese do ritmo infernal de producción e consumo.

Todo o dito amosa como un feito histórico revolucionario pode seguir proxeitando a súa imaxe de diversos xeitos en anos sucesivos. É certo que aquel replegarse idílico i elexiaco que tratamos de esbozar non satisfai a todos. Non satisfai sobre todo ós que como Elio Vittorio coidan que a literatura debe espresar o senso do noso tempo e domear o porvir. Non satisfai á xeneración máis moza, cobizosa de novedás formales, por moitas boas razós, e por outras que nono son tanto, como o desexo de publicidá, a impaciencia e a improvisación.

Os novos esperimentos formales pódense dividir en dúas categorías principaes: os esperimentos de estruitura e os esperimentos lingüísticos. Gostaríame falar dos esperimentos de estruitura; pero como os diversos exemplos franceses de *nouveau roman* son deica agora moito máis importantes do que se teña feito na Italia niste campo, remataría por falar de literatura francesa e non de literatura italiá. Máis sólida e con fondas raizames na nosa tradición é a esperiencia lingüística.

Pra Italia o problema lingüístico reside na relación antre a lingua literaria e os diversos dialeitos que se falan nas diferentes rexións. A verdadeira vitalidá da linguaxe de moitos dos nosos principaes escritores está no trasfondo de dialeitos que decorre baixo da língua, con efeitos ás veces incoscentes, ás veces estudiados. A partir dista idea, non faltou quen nos derradeiros tempos sostivo que soio escribir en dialeito pode dar garantía de sinceridade e de realismo. Pier Paolo Pasolini, un dos escritores e poetas máis intelixentes da miña xeneración, ten escrito dúas novelas no dialeito de Roma ou, pra mellor decilo, na xerga dos xóvenes do lumpen romano, e as súas páxinas non nacen só dun realismo brutal e apicarado sinón tamén dunha vea lírica sensíbel, a pesares de que emprega unha limitada gama de espresións elementaes e bastas.

Eu non estou dacordo con Pasolini sobre diste emprego do dialeito. Penso que, hoxe máis que nunca, o escritor necesita dunha língua ricaz e fleisíbel que reciba alimento da vida mesma, da espresión falada, pero que teña ó mesmo tempo a posibilidá de espresar o máisimo de intelixencia crítica.

En Italia hai o que podería chamarse unha escola de novelistas que ten por tema principal do seu traballo o problema da linguaxe, a relación entre língua falada e língua escrita, os distintos nivéis da língua falada e da língua escrita.

O escritor que Pier Paolo Pasolini e tamén outros grupos interesados na literatura esperimental recoñecen como mestre é un home de máis de sesenta anos, considerado ate fai pouco un escritor pra minorías; un escritor case incomprensíbel e que soio agora está acadando a celebridá tanto na Italia como no estranxeiro: Carlos Emilio Gadda. Gadda vive retirado; ten praiticado a literatura como unha paixón privada, ó marxe da súa profesión de inxenieiro. Os seus contos, os seus libros de lembranzas i ensaios, as súas novelas —ou troncos de novela, porque están todas inconclusas— nacen dun senso da língua, dos centos de linguaxes que se superpoñen na nosa vida cotiá: unha mimesis lingüística que vai deica a neurosis, a ousesión. Pásase do dialeito —o milanés, porque Gadda é de Milán, ou o romano, porque Gadda vive en Roma— á linguaxe burocrática ou á científica, ou ó italián literario máis preciso. A posición de

Gadda na literatura italiá é a de certos escritores inimitábeles e intraducíbeles como James Joyce na literatura inglesa, ou Raymond Queneau na literatura francesa. Pero a pesares da súa unicidá, a conciencia da complexidade da espresión lingüística que Gadda representa é unha leición que sin dúbida será importante prá cultura italiá.

Teño falado de aspeitos e formas que se refiren, na súa meirande parte, ó que se adoita definir como novela realista. Sabendo que escribín novelas fantásticas alguén perguntarase porque non falei da novela fantástica. Pero no seu conxunto a novela italiá dos derradeiros vinte anos empréstase máis a reflesiós sobre das posibilidás aituales da novela realista. I engadirei que, polo que toca á novela fantástica, a discusión teórica sobre da propia esperiencia é menos necesaria. Diría case: escribir unha novela fantástica non é unha cousa que se adeprende; ése escritor fantástico cun mundo poético de seu, grande ou pequeno, e nise caso hai que aceptalo como tal; ou non se é, e daquela non fica nada por decir.

A afirmación de que a literatura progresista e revolucionaria seña forzosamente realista é unha mentira grande como unha casa. En troques, é verdá que moitos dos meirandes escritores revolucionarios, de Swift e Voltaire a Gogol e Bertold Brecht teñen sido escritores fantásticos. E que mesmo escritores fantásticos que non teñen escrito cunha intención satírica conscente sinón seguindo camiños máis caprichos ou misteriosos, de Hoffman e de Edgar Allan Poe a Kafka e a Beckett, son pró leitor dotado de intelixencia histórica e política fontes inesgotables de interpretaciós e reflesiós. E tamén é certo que ten habido grandes escritores realistas que eran conservadores, como Balzac ou Flaubert, e nada é máis útei que lér as súas obras pra comprender o seu tempo e o mundo en xeneral.

En suma, todo escritor debe ser moi riguroso e severo na propia obra, pero tamén debe estar disposto a recoñecer o valor, mesmo nas obras máis alonxadas do seu estilo, gosto e conceición ideolóxica. Isto chámase saber lér, é decir, saber adonarse de aquela ollada particular que o escritor guinda riba do mundo, e que enriquece o xeito de mirar de todos nós.

Ser riguroso no propio traballo e ter amplitude de criterio pra xuzgar o traballo dos demáis é unha norma que val prós homes de letras, e non soi pra eles.

I. C.

OS POETAS MALDITOS DO MAL DIZER

Non teño dúbidas. A edición crítica das "Cantigas d'escarnho e de mal dizer dos cancionerios medieváis galego-portugueses" que ven de ser publicada, através da Editorial Galaxia (Colección Filolóxica), da Galiza, polo Prof. Rodrigues Lapa, é un dos maiores eventos literarios dos últimos tempos. Que os entendidos e os entediados disputen as nugas dese monumental traballo que resucita a poesía satírica medieval en 28 composicións. Mais non pode haber mal entendido. Ninguén ha discutir o rigor e a competencia e —o que é máis raro no mundo fechado dos "scholars" e filólogos— a alta e aguda sensibilidade poética de Rodrigues Lapa. Sen falar no desasombro con que rompe a muralla de silencio imposta polas convencións e pola rutina pra decir o "indecíbel" e publicar o "impublicábel" dos nosos cancioneiros ancestráis. Todos lle seremos eternamente debedores por ter tido a coraxe de levantar a maldición que recaía sobre os trovadores do mal dizer, a ben decir "poetas malditos", senón no seu tempo, polo menos despois que os preconceitos moralizantes lles amordazaron a voz violenta, por tantos séculos.

Como ben observa Rodrigues Lapa, no seu prefacio, "A publicación parcial do noso rico espolio trovadoresco podía dar da nosa produción lírica unha imaxen incompleta e deformada. Había que patentear o reverso da medalla: os nosos trovadores non tiñan só ollos postos no ideal; tamén fitaban as realidades cotiás cos ollos de ver; e a argucia e o inxenio que puñan na casuística do amor, sabían empregalos outrosí na descrición e represión dos ridículos e macelas dos contemporáneos". E, aínda, a propósito das "boas maneiras" que nos esconderan, por tanto tempo, esa grande tradición poética en expurgados florilexios "ad usum delphini": "a poesía satírica dos trovadores descoñecía muitas veces a arte sutil do eufemismo, e prefería chamar ás cousas polos seus propios nomes. A crueza e indecencia de certas expresións afuxentan ós tímidos e delicados, embora unha insine romanista, Dona Carolina Michaëlis de Vasconcelos, tivese publicado hai tempo, con coraxe meritoria e abnegado esprito científico, nunha revista alemá, as suas preciosas *Notas marginais aos velhos Cancioneiros,* incluíndo nelas a edición de moitas desas cantigas".

Da mesma forma que a poesía dos trovadores provenzáis, os seus mestres e predecesores, a dos poetas dos cancioneiros galego-portugueses dos séculos XIII e XIV posuí, ó lado da lírica do amor cabaleiresco, de inspiración platónica, que constitue a sua face máis coñecida, unha poderosa vertente realista de temática amorosa ou social. As trovas de Jaufre Rudel ó "amor de lonh" (amor de lonxe) —a dama por quen o poeta se apaixonou "ses vezer" (sen a ver), segundo reza a "razo" (biografía) provenzal— coesisten coas atrevidas fanfarronadas de Guilhem de Peitieu, 7º Conde de Poitiers, 9º Duque de Aquitania e "maiestre certa" (mestre infalíbel na arte da conquista das mulleres. As idealizacións de Arnaut Daniel ou de Bernart de Ventadorn, nos seus versos á amada inacesíbel como o ar amargo ("l'aura amara") ou como a anduriña ("la lauzeta"), conviven co palabrorio

desaforado de Marcabrú, que invectiva o amor enganoso das prostitutas, ou coa língua libertina do Monge de Montaudon, "le sexe obscéne de la pure Poésie provençale", como di del André Berry [1]; ou, aínda, coa truculencia satírica dun Piere Cardenal, no trovoar, máis que trovar, dos seus fulminantes sirventeses contra os frades ou contra os ricos. Ás finuras e refinamentos das trovas do Amor Cortés responde o amor descortés das cantigas d'escarnho e de mal dizer, con "grossura" apenas aparente, pois é ben que se acentúe co Prof. Lapa, que nada fican elas debendo ós requintes versificatorios das cantigas d'amor e d'amigo.

Hai, na verdade, toda unha tradición realista na poesía, cuidadosamente escurecida por un ritual do bo tono literario, e que compre recuperar para a saúde e a vitalidade das artes, no mesmo sentido da leición de Rodrigues Lapa. A poesía do realismo amoroso ten sido a máis sacrificada por prácticas eufemísticas ou puramente omisivas que erixiran arredor dela unha especie de tabú. Mais non só ela. A sátira, en xeral, por obra dunha serie de distorsións pretensamente moralísticas, pasou a ser considerada por muitos un xénero "maldito" ou "menor", apéndice indesexábel da criación poética. Maormente cando incorpora aquela categoría de vocábulos tan común ó noso cotián vivir a vida e que curiosamente se distingue das demais palabras da tribo por un sufixo aumentativo e por unha mudanza de xénero: o palabrón, tolerado na prosa mais proscrito en poesía. Pois non hai até un concurso oficial de poesía en San Paulo que, en cláusula expresa dos seus promotores, interdiz a presentación de poemas satíricos?

Entre nós, a grande vítima parece ser Gregorio de Matos, cuios "versos licenciosos", excluídos das edicións das súas obras, ficaron nos "arquivos de Academia pra satisfación de algunha indiscreta curiosidade", como consta na nota preliminar á edición da Academia Brasileira de Letras (1923-1933), e alí permaneceron, polo visto, até hoxe, inmortalmente amortallados. João Ribeiro achaba perfeitamente xustificábel e até loubábel esa esclusión, recoñecendo, nembargante, que "o volume que falta, como o sétimo de Bocage, na edición de Rebelo da Silva, sería quizaves o máis apetecido e acharía numerosos leitores". E acrescentaba aínda: "Vale Cabral, cando pola primeira vez editou a pequena parte da obra de Gregorio de Matos, sustituíu por pontiños ou reticencias as palabras torpes ou indecorosas. Poderíase cecais transcribilas en caraiteres gregos que, no entanto, non as esconderían en grande número de casos [2]. Teño por inadmisíveis e mesmo condenáveis tanto o arquivamento como os cortes e as alteracións de texto aceitos ou suxeridos por João Ribeiro, talvez até como un secreto humor —o humor de quen soupo deplorar, noutra ocasión, o sucedido a Dona Lalá nunha das máis ousadas páxinas do "Serafim Ponte Grande" de Oswald de Andrade— mais coas reservas de pudicicia que se denuncian nos adxetivos "torpe" e "indecoroso" que atrela ás palabras-tabú de Gregorio de Matos. Infelizmente a censura reticencial ou pontillista continua viva e actuante en plena segunda metade do século XX. Nun "Panorama da Poesía Brasileira" (Vol. I —Era Luso-Brasileira) publicado en 1959, o notábel poema "Juizo anatomico dos achaques que padecia o corpo da Republica en todos os membros, e inteira definição do que en todos os tempos é a Bahia" (o mesmo que Manuel Bandeira sempre ineluíu, completo, na sua "Apresentação da

[1] **André Berry: "Florilége des Troubadours". Firmin-Didot. París, 1930, páx. 347.**

[2] **João Ribeiro: "Crítica". Vol. 1 (Clássicos e Románticos Brassileiros). Ed. Acad. Bras. de Letras, Río de Janeiro, 1952, pág. 45.**

Poesia Brasileira") aparece mutilado nun terceto sustituído polos famixerados pontiños... Pero non se trata dun mal exclusivamente brasileiro. Alfred Jeanroy, na sua excelente edición das cancións de Guillermo IX, recentemente reimpresa (1964), omitiu a tradución de varias estrofes de dous poemas e a dunha canción enteira, dando só o seu texto orixinal. O que levou a André Berry a indagar, entre surpreso e decepcionado; "Mais quel excés de vertu a empeché notre cher professeur de traduire tous les passages réalistes?". Ó Contrario do que supuña o douto provenzalista, cando afirmaba, á guisa de xustificativa, no prefacio á 2.ª edición das "Chansons" (datado en 1926): "on comprendra aisément pourquoi je n'ai pas traduit certains passages", é difícilmente comprensíbel e chega a ser lamentábel esa manifestación de prudencia tan sensitiva e tan pouco sensíbel, ainda máis en materia erudita e especializada [3].

Hoxe, cando os trópicos de Henry Miller se estenden libremente polas librerías, parece que xa podemos mandar ás fabas as reticencias e os caraiteres gregos que nos queren impinxir os códigos morixerantes. Como di o propio Miller —ese moderno amoralista, non tanto no sentido de a-moral como no de amor-al, paladino dunha nova moral de amor— facendo a defensa da sua obra [4]: "É a miña honesta convición que o medo e o horror que o obsceno inspira, particularmente nos tempos modernos, provén máis da linguaxe empregada que do pensamento. É como si estivésemos tratando con tabús primitivos. Que certas palabras, certas expresións, comunmente —inda que non sempre— correlacionadas co sexo, teñan pasado a seren consideradas "prohibidas" é, no fondo, unha total mistificación. Aqueles que se sinten chocados, molestados, ofendidos ou aterrorizados á vista deses símbolos escritos non son estranos a eles na linguaxe oral. Todos nós ouvimos expresións "suxas", "groseiras", "feias", diariamente, do berce ó túmulo. ¿Cómo e por qué, entón, non nos tornamos imunes a elas. ¿Qué maxia poseen elas, contra a cal non temos proteción? Obsérvese que é especialmente contra o seu uso en literatura que os virtuosos obxetan. ¿Mais por qué debería a literatura ser máis sacrosanta do que a fala?". Realmente é inconcebíbel que grandes obras literarias señan alienadas ou segregadas do coñecimento xeral no nome de semellantes tabús ou por reverencia a eles.

Ocúrrenseme istas refleisións á vista do traballo do Prof. Rodrigues Lapa que, pra min, non ten só mérito estritamente literario e filolóxico, sinón tamén un valor ético ou ético-estético: o de contribuir, quizaves definitivamente, coa sua autoridade e a sua serenidade incontrástaveis, á preservación da liberdade de pensamento e á sua divulgación escrita, contra todas as especies de vetos totaes ou parciaes á criación artística.

As cantigas de escarño e de maldizer, que, gracias a Rodrigues Lapa, son agora reveladas a un público máis amplo, a par dunha escelencia literaria que honra á lingua portuguesa, descortínannos un panorama de liberdade poética aínda hoxe raro e por iso mesmo aitualisimo.

No territorio libre desa poesía cortés do amor descortés, que o palabrón gran-groso percorre naturalmente, "sin esforzo", e ate con inmensa

---

[3] André Berry. Ob. cit., páx. 441 - "Les Chansons de Guillaume IX", editadas por Alfred Jeanroy. Libraire Honoré Champion. Paris, 1964, pax. XX.

[4] Henry Miller: "Obscenity in Literature", in "New Directions in Prose and Poetry", n.º 16. New York, 1957, páxs. 237-238.

diñidade, nas faixas do humor, da paixón ou da amargura, podemos distinguir, evidentemente, gradaciós i estratexias diversas do decir. Hai as cantigas que usan unha linguaxe totalmente realista, direita, as que —como di o Prof. Rodrigues Lapa— chaman ás cousas polos seus propios nomes. Así, algunhas de Afonso Eanes de Cotom, segrel de vida aventureira e bohemia, según fai entrever o serventés a el dirixido por Martin Soarez (n.º 286), dando o rol das suas "manhas" e da sua "folla": bebida, xogo, mulleres. Exemplo dese supernaturalismo poético é a cantiga n.º 37, na que Afonso Eanes suplica, por amor de Deus, a certa abadesa "mui sabedor de todo ben" que o ensine a amar, prometendo: "E se eu ensinado vou / de vós, senhor, deste mester", cada vez que amar "direi /Pater Noster e enmentarei /a alma de quem m'ensinou". Ou a n.º 41, que se ocupa da sáfica Maria Mateus, tema raro na poesía medieval, retomado no poema de Dom Joan de Meneses "a uma Dama Que Refiava & Beijava Dona Guiomar de Crasto", no Cancioneiro Geral de Garcia de Resende. Tamén as de Fernando Esquio (n.º 146 e 147) a un frade que tiña muitos fillos e a unha relixiosa desconsolada. As de João Garcia de Guilhade (n.º 205 e 206), en que o poeta se atormenta co desexo da muller do outro: "Martin jograr, que gran cousa: /já sempre con vosco pousa / vossa molher!". A de Pero d'Ambroa (n.º 331), na cal o trovador, diante do alto precio que lle esixe unha prostituta polo seu corpo, pídelle que o venda a retallo, como se facía cos mantimentos: "E podede-lo vender —eu o sei / tod'a retaalho, porque saberam / que retalhades, e comprar-vos-an / todos d'el parte, como eu comprei".

Mais hai tamén inúmeras amosas de abordaxe cifrada das zonas "proibidas" da linguaxe através dos recursos estilísticos da homofonía e do trocadillo, para na duplicidade semántica facer aflorar, subrepticiamente, o segundo sentimento submerso ou subverso. É o caso das cantigas que brincan cos nomes propios: a n.º 138, de Fernan Rodriguez Calheiros ("cantiga a outra dona, a que davam preço con un peon que havia nome Vela"); a n.º 231, de João Soarez Coelho, sobre Maria do Grave, na que o trovador xoga cos sentidos propiciados polo sobrenome dunha prostituta, pra dela escarnecer: "Maria do Grave, grav'é de saber /por que vos chaman Maria do Grave"; a n.º 366, dirixida a outra muller da vida, de alcume "Peixota", por Pero da Ponte; ou aínda a n.º 382, de Pero Garcia Burgalés, na que unha tal Maria Negra escrarece a orixe do seu nome.

Un dos mellores exemplos de "double entendre" nos oferece D. Afonso Lopes de Baio, na "cantiga da madeira nova" (n.º 59), como a denominou Carolina Michaëlis, que —conforme refire Lapa— confesouse incapaz de descifrarlle o sentido oculto; tal madeira non viña ser máis que unha xoven freira do convento de Arouca, como fica patente, aínda, a través da cantiga n.º 302, de Paio Gomes Charinho, na que esta aconsella a don Afonso como tratar a "madeira nova" que necesita para a sua casa, baixo pena de se perder a obra "per mao lavrador". Outra excelente composición do xénero é a cantiga do "corvo carnaçal" (n.º 184), de Joan Airas de Santiago. Anotando a incidencia dos trocadillos sobre vocábulos polissemicos —verbos (veer, caer, aver, ficar), sustantivos (preço, razon), adxetivos (grave), preposiciós (sobre, su-sob)— nas cantigas escarniñas, comenta Rodrigues Lapa, na sua introdución: "Esse jogo verbal atinge, num escarnho de Joan Airas de Santiago (184), a sua expressão perfeita. Uma dona ia para ouvir missa de Ano Bom, mas "ouve" un corvo "carnaçal", e ja não saiu de casa. Não se trata de ave agoirenta que ela ouvisse

(verbo ouvir); teve (verbo aver), sim, junto dela un homem faminto de carne, que a fez esquecer do seu dever religioso".

Nunha zona intermeia entre o decir e o non decir (mais sempre mal decir) fica a cantiga de Estevão da Guarda (n.º 119), que, según Lapa, quizaves represente o maior atrevimento de todo o "escarnho" galego-portugués, tendo como tema "uma estranha briga incestuosa" ("En tal porfia qual eu nunca vi, / eu Don Foan con sa madr'estar"). Como se vé, o exercicio da liberdade crítica nesas cantigas non dubida en abordar os temas tidos como máis escabrosos. Na súa "sinceritas" vivencial, que pode ter violentos rasgos de dramaticidade, non poupan siquer a Deus, obxeto do maldecir de polo menos dous notábeis serventeses: a cantiga n.º 162, de Gil Perez Conde, na que o poeta manifesta a sua inconformidade coa perda da sua muller, que tería ido pra un convento: "Deus nunca mi a mi nada deu / e tolheme boa senhor: / por esto, non creo en el eu / nem me tenh'en pecador, / ca me fez mia senhor perder"; a n.º 385, de Pero Garcia Burgalés, cuios versos, non menos patéticos, atestan —no entender de Lapa —"o grau de liberdade que havia então en matéria religiosa".

Numerosas son, tamén, as canciós de teor social, que castigan os costumes, e fustigan, especialmente, o "ricome", o home abastado, coa sua imaxe asociada á ideia de avareza e mesquiñaría. A pesar da observación de R. Lapa de que o que predomiña é a estocada individual, sendo raro o "escarnho" de feitura abstraita, relixiosa ou moral, e poucos os trovadores que a el se adicaran —tal o caso do eclesiástico Martin Moxa, que Lapa supón ter sido influenciado por Peire Cardenal— o feito é que taes poemas xeralmente trascenden o seu alvo inmediato, alcanzando maior renonancia crítica. Ó ver do Prof. Lapa, a peza máis rica do xénero social-moralizante sería o serventés. "En muit'andando, cheguei a logar" (n.º 279), que versa sobre o tema do home de cultura, obrigado a se prostituir perante o inculto adiñeirado, e que soña coa vitoria do máis flebe, na visión alegórica dunha briga de aves ("Este sonho, que-no pode soltar?" isto é, quén o pode expricar?). Mais igoal amplitude e taé maior contundencia atinguen muitos serventeses persoaes que renovan os doestos e arremetidas do Cardenal contra o "ric home" do seu tempo ("Li ric home an pietat tan gran / De l'autra gen, quon a Cayms d'Abel, / Que mais volon tolre que lop que no fan / E mais mentir que tozas de bordelh": / Os ricos teñen tan grande piedade / Dos seus irmáns, canto Caín de Abel; / Gañan ós lobos en rapacidade / E minten máis que mozas de burdel;). Asín. Pero da Ponte (cantiga n.º 357); "En almoeda vi estar / oj'un ricom'e diss'assi / Quen quer un ricohome comprar? / E nunca i comprador vi / que o quissese nen en don, / ca dizian todos que non / daria un soldo por si". Na mesma cantiga, esta tomada, de sabor tan aitual: "E, u foron polo vender, / preguntarõ-no en gran sen: / —Ricom', que sabedes fazer? / E o ricome disse: —Ren; / non amo custa nen misson, (i.é. despesas nem trabalho / mais compro mui de coraçon / erdade, se mi a vend'alguén". Rui Paes de Ribela ten excelentes serventeses nese estilo: a n.º 411, na que o poeta acrescenta á palabra "ricome" un sufixo peiorativo, pra escarnecer do pan-durismo da sua mesa: "Un ricomaz, un ricomaz, / que de maos jantares faz!"; a n.º 410, admirábel polo vigor i eficacia extraguidos da canción e do ton interrogativo, que deixa en suspenso, aparentemente, a conclusión: "Perguntad'un ricome / mui rico, que mal come, / porque o faz. // El, de fam'e de sede /mata ome, beno sabede. / Por que o faz? // Mal com'e faz nemiga; / dize-de-lhi que diga / por que o faz".

O eisame puramente estilístico das cantigas levarianos lonxe. Son muitos os "achados", as soluciós interesantes e mesmo novas. Os xogos verbaes, abondantísimos, dan ós textos unha multiplicidade de planos sintáticos e semánticos que os colocan de cheo no dominio da problemática moderna da poesía. As soluciós formaes demostran, non poucas, un atilado senso combinatorio das palabras. Como no caso da cantiga n.º 403, de Pero Viviaez, na que o trovador escarnece, por vía indireita, os xantares mesquiños dun rico-home, dirixíndose en ton de censura a alguén que critica a sua mesa sen a ter experimentado. A cantiga é costruída con predominañanza incomún con monosílabos e permeada en todas as suas liñas (esceición feita das primeiras de cada estrofa) pola repetición das palabras "ben" e "mal", o que lle dá unha sonoridade viva e caraiterística: "Por Don Foan en sa casa comer / quer ben quer mal, que á i d'a dubar. / Quen mal con el nen ben non sol jantar e del ben diz nen mal, faz sou prazer".

Eis ahí, ó sabor dunha primeira e deliciosa leitura, nunha tentativa de rearticulación da memoria, algunhas das observaciós que me suscita o grande, grandioso volume das "Cantigas d'escarnho e de mal dizer", onde hai tanto que descobrir e de que se maravillar.

Nada máis que notas despretenciosas, dun poeta máis que dun crítico, e menos aínda dun especialista en literatura medieval, que, certamente, pouco engaden á obra maxistral de que tratan. Mais que espero sirvan, o menos como testemuño da reación dos poetas da miña xeneración (se por eles, ou por algúns deles podo falar) diante dese belo traballo do Prof. Rodrigues Lapa. Que no seu riquísimo "approach" da poesía trovadoresca fixo tamén obra de poeta. Inclusive nas diversas "calafetações" da sua labra, postas, como o declara, "entre colchetes, para não iludirem ninguém". Traballo que é feito de coñecimento, intuición e invención. E que reconcilia crítica e criación, frecuentemente en polos tan opostos, nun mesmo horizonte de esperiencia estética e humana.

AUGUSTO DE CAMPOS
São Paulo

LA "BIBLIOTECA GALLEGA", DE MARTINEZ SALAZAR

1. Nacido don Andrés Martínez Salazar el 8 de febrero de 1846, realizó los primeros estudios en su Astorga natal, pasando después a León en cuyo Instituto Provincial se graduó de Bachiller. Trasladóse a Madrid, y en la Escuela Superior de Diplomática de aquella Universidad, cursó los estudios y obtuvo su título de Archivero-Bibliotecario, que lleva fecha 10 de enero de 1866 y hace el número sesenta y siete de los expedidos desde la creación de la Escuela.

Con efectos de 18 de noviembre de 1868, ingresó en el Cuerpo Facultativo de Archiveros, Bibliotecarios y Anticuarios, siendo su primer destino el Archivo de Alcalá de Henares, del que siempre guardó excelente recuerdo. En enero de 1872, aparece en la ciudad herculina para prestar servicios en el Archivo General de Galicia. Dejemos que el propio Martínez Salazar nos relate la causa del traslado: "Llegué a La Coruña impulsado solamente por el deseo de conocer Galicia y su capital, que tanto me habían elogiado en la Corte, y con el propósito de regresar a Madrid a los tres o cuatro meses, después de satisfecha mi curiosidad". Pero esa estancia en principio tan limitada había de convertirse en definitiva: permaneció diecisiete años en aquel Archivo, pasó luego al de Hacienda y finalmente, en 1893, regresó al General, en el que había de seguir, ya como jefe, hasta su jubilación en 1911.

¿Motivos de ese cambio de planes? Sin duda fueron dos: haberse interesado (quizá por influencia de Murguía, por entonces jefe del Archivo General) en el movimiento renovador de la cultura gallega que se estaba desarrollando, y haber contraído matrimonio, el 31 de julio de 1874, con una bella coruñesa de diecinueve años, con la que había de crear una numerosa familia. En La Coruña, pues, se radicó definitivamente, en ella falleció el 6 de octubre de 1923, a los setenta y siete años de edad, y en el cementerio coruñés reposan sus restos.

El papel que desempeñó Martínez Salazar en nuestro resurgimiento fue verdaderamente notable, tanto que no se vaciló en señalarle como uno de sus impulsores más destacados. Y uno de los aspectos de esa labor es la "Biblioteca Gallega", objeto de estas notas.

2. A principios de 1881, M. Salazar había abierto una librería, la de "Andrés Martínez", en el número 16 (bajo y entresuelo) de la calle de Luchana, hoy Riego de Agua, e instalado una imprenta (llamada, quizás un tanto pomposamente, "Establecimiento Tipográfico") con el nombre poco original de "La Gutenberg". Conservamos relaciones de obras puestas a la venta, en las que se incluyen publicaciones raras que se ofrecían a precios convencionales, y otras que se mostraba dispuesto a adquirir. Bastantes de esas obras harían hoy la felicidad de un bibliófilo.

La librería, como es sabido, albergó una animada tertulia literaria, a la que sucedió la tan famosa "Cova céltica", después que Martínez Salazar traspasó el negocio a don Eugenio Carré Aldao.

No nos cabe duda de que la experiencia como librero, convenció a Martínez Salazar de la interesante aportación que para el resurgir regional supondría la edición de obras de escritores gallegos, tanto de aquellos que ya gozaban de una reputación bien cimentada, como de los que aún no se habían situado firmemente en nuestro panorama literario y, quizá sobre todo, de los otros autores que por falta de medios o de oportunidad no lograban ver impresas sus obras, algunas de verdadero mérito. Y se puso de acuerdo con don Juan Fernández Latorre, fundador y propietario de "La Voz de Galicia", a fin de crear la editorial que denominaron "Biblioteca Gallega".

Por ese convenio, que fue solamente verbal, Fernández Latorre corría con la impresión de los volúmenes en los talleres de su periódico, mientras que Martínez Salazar se encargaba de la dirección y administración de la empresa, repartiéndose por mitad los resultados.

En principio, se pensó en inaugurar la editorial con las obras de Rosalía Castro. Reproducimos una carta de Martínez Salazar que se refiere a este extremo:

"Coruña, 4 de noviembre [illegible].—Sr. D. Manuel Murguía.—Mi distinguido amigo: Tengo desde hace tiempo la idea de publicar una Biblioteca popular y muy barata de autores gallegos; un amigo me ayudará en esta tarea arriesgada sin duda, pero también sin duda necesaria, pero serán inútiles nuestros esfuerzos si los autores no nos ayudan en tan larga y costosa obra. Pensamos recoger algo agotado y de alguna calidad y pedir también algo a los autores gallegos. ¿Quiere Vd. decirme en qué condiciones podría cedernos la reimpresión de las obras de su señora esposa, y en caso de que nos entendamos empezaríamos por ellas la Biblioteca?".

Sin embargo, e ignoramos las causas, este propósito no se llevó a la práctica (*ni después, ya que la "Biblioteca" no editó obras de Rosalía*). En cambio, apareció como primer volumen el libro del propio Murguía, "Los Precursores", salido a la luz en 1886.

Por lo que sabemos, las condiciones con los autores para la edición de sus obras consistían en la entrega a los mismos de cierto número de ejemplares, aunque en ocasiones renunciaban a cualquier compensación. Copiamos:

"Los Sres. D. Andrés Martínez Salazar y D. Victorino Novo y García, editor el primero de la "Biblioteca Gallega", y autor el segundo de la obra titulada "Romancero de Galicia", han convenido en publicar la obra bajo (sic) las bases y condiciones siguientes: 1.ª El Sr. D. Victorino Novo cede al Sr. D. Andrés Martínez la propiedad de la primera edición, cuya tirada no habrá de pasar de mil ejemplares, y una vez agotada volverá al autor la propiedad exclusiva de la obra. 2.ª El Sr. Martínez cede al Sr. Novo ciento cincuenta ejemplares impresos del "Romancero"; cien de ellos para que el autor los expenda por su cuenta en la Isla de Cuba; y cincuenta para la República Argentina. 3.ª Cede además el Sr. Martínez al Sr. Novo otros setenta y cinco ejemplares de su libro, que el autor se obliga a ceder al librero de la Habana D. Miguel Villa, al precio líquido de una peseta cincuenta céntimos cada ejemplar, a pagar a tres meses del envío, siendo de cuenta del Sr. Villa los gastos de cambio y giro en la remisión del importe. 4.ª El Sr. Martínez no remitirá a la Isla de Cuba y a la República Argentina ningún ejemplar del libro mientras no se hayan vendidos los del autor; pero una vez agotados éstos quedan libres am-

bos mercados al editor. 5.ª Excepción hecha de los setenta y cinco ejemplares que han de enviarse al Sr. Villa, el autor podrá fijar en Cuba y Buenos Aires el precio que le convenga a los ejemplares suyos. 6.ª Todos los gastos de impresión y encuadernación en rústica son de cuenta del Sr. Martínez. 7.ª El Sr. Martínez se obliga a la impresión de la obra dentro de un plazo de (hay un espacio en blanco) a contar de la fecha de este convenio.—26 de marzo de 1887.— V. Novo y García.—Andrés Martínez.— Nota. La base 7.ª debe entenderse que el Sr. Martínez se obliga a que el "Romancero" forme el volumen décimo de la "Biblioteca Gallega", si el autor le entrega el ms. antes de finalizar el mes de abril próximo. Fecha ut supra.—A. Martínez".

Y un ejemplo de cesión gratuita:

"Cedo la propiedad de la primera edición de mi obra "Historia crítica de la Literatura gallega" a los Sres. Latorre y Martínez, Editores de la "Boblioteca gallega", con la sola condición de que al agotarse la tirada reivindico todos los derechos de propiedad que a los autores concede la ley. Y para que así conste firmo la presente cesión en Santiago a 25 de junio de 1886.—Augusto G. Besada".

Desde luego, no podemos desechar la posibilidad —más bien probabilidad— del pago en dinero a algunos autores. Tenemos la referencia de que Curros Enríquez percibió la cantidad de doscientas veinticinco pesetas por derechos de la pimera edición (1888) de "O divino sainete", publicado por Martínez Salazar fuera de la "Biblioteca Gallega" [1].

3. Después de "Los Precursores", Latorre y Martínez lanzaron seis volúmenes más y, a principios de 1887, se estaba imprimiendo el tomo uno de la "Historia crítica de la Literatura gallega", de González-Besada, que antes se citó y que hacía el volumen octavo de los editados.

Las cosas en este punto, Fernández Latorre mostró deseos de disolver la empresa. Hubo conversaciones y de ellas salió la designación de amigables componedores, que fueron don Manuel Portela Calderón, por Martínez Salazar, y don Angel Taibo, por Fernández Latorre.

El 15 de febrero de 1887 dichos señores emiten su veredicto, del que se desprende que Martínez Salazar era acreedor de la sociedad por 2.345,95 pesetas y Fernández Latorre por 2.300,—, y que el activo ("papel para impresiones, cartulinas, tomos publicados existentes, tomo 8.° en prensa, propiedades adquiridas y créditos de todas clases"), ascendía a 3.895,54 pesetas. Repartida proporcionalmente esta suma a aquellos créditos, correspondían 1.928,20 a Latorre y 1.967,34 a Salazar.

Para liquidar la sociedad se determinaba que en el plazo de cuarenta y ocho horas, ambos socios debían presentar propuestas para quedarse con el negocio, que se adjudicaría al que la hiciese más ventajosa y que el pago sería efectuado por el adjudicatario "dentro del término de cuatro días, bien en monedas de oro y plata, bien en uno o más pagarés con interés del 6% anual, y cuyos plazos no excedan de tres meses". Otras condiciones se refieren a entrega de elementos del activo, documentación social, prohibición de acciones judiciales, etc.

[1] **Algún día hemos de escribir acerca de la edición de obras no incluídas en la "Biblioteca" y sobre todo de esta de Curros, de la que poseemos curiosos antecedentes y que casi terminó con las relaciones, hasta entonces muy amistosas, de doña Emilia Pardo Bazán y Martínez Salazar.**

Martínez Salazar y Fernández Latorre hacen sus propuestas. El primero ofrece 2.400 pesetas y el segundo 2.079,14, por lo que la "Biblioteca" se adjudica a aquél. Y se formaliza, con fecha 20 del mismo mes, el correspondiente documento (que firman los testigos don Francisco del Río y don Justo Fernández Tenreiro), entregando Salazar a Latorre dos mil pesetas en efectivo y quedando aplazado el pago de las cuatrocientas restantes.

Separados los socios —cuya estrecha amistad continuaría de por vida—, Martínez Salazar hizo imprimir los siguientes volúmenes de la "Biblioteca" en "La Comercial", de Ferrer, hasta que en marzo de 1889 inicia gestiones para conseguir lo hiciese gratuitamente la imprenta de la Casa de Misericordia, propiedad de la Diputación Provincial de La Coruña.

Esas gestiones fueron coronadas por el éxito. En noviembre de dicho año la Diputación aprueba el siguiente dictamen: "La Comisión de Beneficencia y Sanidad se ha enterado de la instancia dirigida al Cuerpo provincial por don Andrés Martínez, en súplica de que se le conceda la impresión gratuita en la Imprenta de la Casa de Misericordia de la "Biblioteca Gallega", obra que hace tres años viene publicando, siendo de su cuenta el papel y cartulinas necesarios para ella. Del informe pedido por esta Comisión al encargado de dicha Imprenta, resulta que el trabajo de que se trata puede llevarse a efecto sin aumento del personal que en ella existe y sin lesión para los servicios encomendados a la misma. En vista de ello, los que suscriben considerando utilísima la obra que con aplauso de la región viene publicando el recurrente, opinan que la Diputación puede servirse prestar su apoyo a la pretensión formulada y acceder por tanto a los deseos de D. Andrés Martínez".

Supuso esta concesión una apreciable ventaja en el orden económico, sin la cual posiblemente la "Biblioteca" no hubiera podido continuar; pero el ritmo de salida de libros se volvió sensiblemente lento ya que, como es lógico, la imprenta se ocupaba de ellos sólo cuando no tenía trabajos de la propia Diputación.

De todas formas, creemos que las obras publicadas por Martínez Salazar actuaron como catalizador en nuestro campo editorial, despertando un sano espíritu de emulación. Poseemos esta curiosa estadística de libros de todas clases impresos en Galicia desde el año 1870 al 1899:

Año	Núm.	Año	Núm.	Año	Núm.
1870	1	1880	10	1890	35
1871	2	1881	4	1891	48
1872	8	1882	9	1892	58
1873	7	1883	19	1893	85
1874	5	1884	14	1894	70
1875	5	1885	19	1895	86
1876	4	1886	15	1896	56
1877	4	1887	21	1897	52
1878	10	1888	19	1898	46
1879	9	1889	12	1899	89

De estos datos resulta que de 1870 a 1885 (dieciséis años) se habían editado ciento treinta libros, y de 1886 (iniciación de la "Biblioteca") a 1899 (catorce años) lo fueron seiscientos noventa y dos; es decir, el segun-

do período hizo más que quintuplicar el total del primero. Y en esos catorce años Martínez Salazar puso en circulación nada menos que cincuenta y seis volúmenes (aún editaría cinco más), o sea, el ocho por ciento del total de Galicia.

Y más hubiera editado sin duda, pues entusiasmo no le faltaba, de no depender de la imprenta oficial y de haber encontrado mayores apoyos para la venta de libros. Abundaron ofrecimientos de obras.

Jesús Fernández y González, Emilio Alvarez Giménez, Remigio Camba, Celso García de la Riega, Amador Montenegro Saavedra, Javier Valcárcel Ocampo, Enrique Labarta Posse, Baldomero Lois Pérez, Renato Ulloa Varela, José Santaló Rodríguez, Francisco Porto Rey, Angel Muro, Faustino Salanova, Javier Vieira Durán, Santiago Alvarez de Nóvoa, Ramón Fernández Vila, Leopoldo Basa, Prudencio Rovira y Pita, José Pueyo García, Alfredo García Dóriga, Javier Vales Failde, José Eleicegui López, Isidoro Bugallal Araújo..., son nombres (unos conocidos, otros menos y alguno casi ignorado) que desearon figurar en la "Biblioteca Gallega".

Las obras ofrecidas son de lo más diverso: poesías, novelas, artículos humorísticos, descripciones de viajes, juguetes cómicos, cancioneros, dramas, artículos de costumbres, crítica literaria, biografías, etc., lo mismo en gallego que en castellano. También se le propuso editar un diccionario gallego-castellano/castellano-gallego, una monografía sobre la emigración gallega, un almanaque gallego de agricultura práctica... y hasta una memoria acerca de la cuadratura de algunas figuras planas y otras cuestiones geométricas.

¿Cuántas de estas obras llegaron a ver la luz? Nos hemos tomado la molestia de tratar de averiguarlo y han sido muy pocas. Y es lamentable, pues entre tantas tenía que haber algunas de valía, cuyos manuscritos, si aún existen, dormirán en cualquier desván polvoriento o en cualquier sótano húmedo de cualquier casa, posiblemente perdidos para siempre.

4. ¿Fue buen negocio la "Biblioteca Gallega"? Aún sin haber llegado a nuestro poder sus libros de cuentas, podemos afirmar que no. Es más, suponemos fundadamente que la empresa costó dinero a Martínez Salazar.

Apoyamos esa suposición en los escasos suscriptores con que contaba; en la constante lucha sostenida para que Diputaciones y Ayuntamientos gallegos adquiriesen ejemplares, lucha en que eran más las derrotas que las victorias y de la que quedan amargas y desalentadas anotaciones de Martínez Salazar; en las verdaderas batallas que tuvo que sostener para tratar de recuperar algo del importe de los libros que enviaba a La Habana y a Buenos Aires, donde eran sus infatigables valedores quienes dirigían los dos "Eco de Galicia", don Waldo Alvarez Insua y don Manuel Castro López y, prueba definitiva, en el elevado número de ejemplares que había sin vender cuando falleció Martínez Salazar ¡veinte años después de haber abandonado las actividades editoriales!

5. Mucho más podríamos escribir sobre tema para nosotros tan entrañable, pero una revista tiene insoslayables limitaciones de espacio. Quizá debiéramos terminar estas notas —con las que sólo quisimos dar a conocer algunos aspectos íntimos de la "Biblioteca Gallega"— enjuiciando el impacto de la editorial de don Andrés Martínez Salazar en el renaci-

miento espiritual de nuestro pueblo; pero ocurre que en los tres últimos cuartos de siglo se han vertido sobre su persona sobrados elogios como para no caer en la monotonía de repetirlos. Y además, aunque esa circunstancia no se diese, el vínculo de sangre que nos une a tan venerable figura nos vedaría cualquier palabra encomiástica que hubiéramos de dedicarle.

ANDRÉS MARTÍNEZ-MORÁS Y SORIA

Vigo

RAÍZ E TEMPO

Estes testos foron escritos como editoriales pra a emisión galega RAIZ E TEMPO, que "A Voz de Vigo" ven radiando todolos xoves de cada semán. Por iso, o tono lírico ou reiterativo que neles se bota de ver, foi dado adrede pra facer máis levadeiro o seu contido ós radioescoitas.

E como neles se trataron aspeitos cheos de aitualidade da nosa vida galega, reproducimos hoxe uns cantos no GRIAL, escollidos entre aqueles que poidan ter unha aitualidade menos aneidótica e máis duradeira.

Ó pé de cada ún, sinálase a data en que foron radiados.

OS PAISANOS SON O PAÍS

Nós, os galegos, somos xente con tendencia a ironizar, a ver case sempre o mundo a través da retranca, a situar as cousas ó lonxe, como si quixeramos télas un tanto distanciadas de nós. Nisto sí que somos moi sabedores. E sabemos tanto que, na maoría dos casos, ocurre que nos desentendemos tanto das cousas, que aquelas que son máis nosas, parécennos cousas do outro mundo, acontecimentos de outro tempo, feitos de outro planeta. E así ocurre tamén que nos trabucamos moitas veces; e trabucámonos tanto, que despóis, iso sí, poñémonos a laiarnos.

Pra ocultar a realidade —porque nos doe, ou porque nos acusa, ou porque queremos desentendernos déla, pois iso custa pouco traballo—, sabemos ironizala moi ben; sabemos manternos lonxe déla e cargar ós demáis con toda a responsabilidade. Somos xente cómoda, perguiceira e moi sabedora. Estamos sempre de volta de todo. Si todo se nos afunde e se nos vai, non importa: facémoslle o pranto e toda deuda queda liquidada. Somos tan sabedores, tan avisados i estamos tan de volta de todo, que nos pasamos de listos.

Non sei cántos rapaces deste tempo terían a lealtade de facer esta simple pergunta: "Qué é o que nos queda ainda de Galicia? Tampouco sei si todos os que se fixeran tal pergunta tiveron esta resposta: O que aínda nos queda de Galicia é a realidade máis ironizada que temos, o que vemos máis ó lonxe, alá noutro mundo, como si non fora nosa, como si estivera noutro planeta e que, pra chegar a ela —si é que vale a pena chegar a ela—, debemos tomar certas precaucións, adoutar outras maneiras, outra mentalidade e tamén —e máis que nada— outra fala. Ou pra decilo de outro xeito e máis craro ainda, o que ainda nos queda de Galicia son os nosos paisanos.

No fondo, todos sabemos que isto é así, pero non queremos esa realidade. É unha realidade que nos doe, que nos acusa e, por iso, queremos alon-

xala de nós. Pero tamén, por iso mesmo, irá con nosco sempre e será a nosa sombra cada día e cada hora. Velahí a gran ironía que nos xoga o destino: a forza de querer esquencela e alonxala de nós, resulta que esa realidade ironizada, é o que ainda nos queda de Galicia. Pero tamén —e iso si que xa moitos non o aturan— que esa realidade debe ser tomada en serio; que esas xentes son merecentes do meirande respeto porque soio delas poderemos adeprender a ser nós mesmos con autenticidade; que gardan ainda todo o tesouro da nosa persoalidade e temos tanto que adeprender ainda delas, que esa realidade encerra un mundo enteiro por conquistar.

Pero o destino xóganos ainda outra nova ironía. I é que resulta que despóis de tanto ocultar esa realidade, despóis de tanto fuxir dela, despóis de pensar que xa estaba moi lonxe de nós, vimos cair na conta de que nós —tan sabedores, tan listos e tan avisados, tan ironizantes e retranqueiros— non somos outra cousa que esas xentes mesmas, pero con unha fonda diferencia: sin a sua persoalidade, sin a sua riqueza sicolóxica, sin a sua esperiencia humán, sin ese mundo ilimitado e complexo que a sua esistencia encerra e contén. A final de contas, resulta que non somos máis que uns seres que viven de emprestado. E vivimos de emprestado porque non soupemos conquistarnos a nós mesmos, diñificar a nosa persoalidade propia, arrincar de nós mesmos e desenrolar a nosa propia posibilidade.

Por iso, é hora xa de que teñamos a honradez e a lealtade de tomar en serio a todas aquelas xentes que son o que ainda queda de Galicia; de que a nosa ironía se troque en respeto; de que o noso alonxamento se volva coñocemento limpo e crarificador; de que ese mundo lonxano se convirta no noso mundo de cada día. Soio así poderemos elevarnos a nós mesmos; soio así, esa realidade nosa —hoxe escura e rudimentaria, de primeiras—, se poderá volver craridade, persoalidade desenrolada con dinidade, con altura, partindo sempre dela mesma sin tér por qué ocultala con afeites i encaixes postizos. Suprimide esa realidade e veredes que non queda nada.

9 - 6 - 66.

CULTURA E AICIÓN

Galicia, a nosa terra, é un país curioso, de xente que ás veces desconcerta a calquera. En todas partes hai xente que descobre o Mediterráneo, pero entre nós háinos a máns cheas, medran como os piñeiros e multiplícanse como os peixes. Todo o mundo opina e todo o mundo ten razón. E non vos estrane que calquera un, recén chegado ás cousas da nosa terra, ainda catecúmeno en case todo e sin afondar en case nada, chegado por carambola e non por outra cousa, se poña a pontificar, sempre cheo de razón, sobre as cousas que hai que facer, sobre o presente e o porvir de Galicia, sobre onte e sobre mañán. Pode que isto non teña importancia, pero si desa maneira se cré que se está a descobrir o Mediterráneo, convén decirlle a quen tal pensa que o Mediterráneo xa está descoberto, que non faga tanto barullo e que se informe un pouco millor.

Son moitos os mediterráneos que a xente lista descobre en Galicia. Algúns deses tales andan a descobrir agora que en Galicia faise cultura por demáis e que non se fan, por exemplo, cousas práiticas, que non se aitúa, que é este un país de poetas i escritores, de xentes que viven na lúa, alá na

estratosfera. E algúns son xa tan listos que quixeran que Alvaro Cunqueiro escribira sobre a concentración parcelaria ou sobre o minifundio no agro galego. Pero deste, como son xa tan listos, non imos falar.

Parece que ainda hai moita xente que nunca poderá comprender ben que todo o problema de Galicia non é máis que un problema de cultura. E semella tamén que son ainda moitos os que se esqueneceron de que a decadencia de Galicia ocurriu cando decaíu a sua cultura, cando a sua aristocracia deixou de ser galega, cando a xente culta do país se foi pra a corte castelán e viñeron ocupar o seu sitio xentes reitoras de fora do país. E tanto foi isto así, que Galicia foi perdendo as súas élites propias e quedando reducida ó que hoxe é: un pobo de labregos e mariñeiros.

É certo que é moito o que en Galicia hai que facer; que un mundo de cousas se nos amostra diante de nós e que moitas desas cousas práiticas urxen máis cada día. Pero tamén ocurre case sempre que as cousas que semellan máis urxentes non son as máis importantes e que moitas veces a urxencia que as cousas semellan tér lévannos a non estimar na súa xusta medida as cousas verdadeiramente importantes. Por iso, si ben valoramos os feitos, veremos que todalas cousas urxentes dependen de outras máis importantes que, despóis de todo, son as que lle dan a sua razón de ser. E todas esas cousas que agora nos semellan urxentes, non nos parecerían así si non nos fora legada dende atrás unha verdadeira concencia do país.

Esta xente tan lista que anda agora polo país adiante a descobrir o Mediterráneo, inda non se decatou de que Galicia, polo de agora, pouco ou nada lle debe ós economistas, ós políticos ou ós téinicos. E máis aínda, que estes homes non pensarían como pensan si primeiro non houbera unha verdadeira concencia do país, que non a crearon os economistas, nin os políticos, nin os téinicos. Esta concencia do país como comunidade, como pobo, débeselle ós escritores, a todos aqueles que dende Rosalía pra acá soupeeron amostrarnos o ser do país e crear unha concencia coleitiva do propio país.

Por iso, díse unha gran verdade —que por ser tan crara non sempre se valora ben—, cando se dí que Galicia débelle máis a Rosalía que a cantos gobernaban ou representaban o país mentras ela lle daba ó noso idioma unha categoría universal, ó convertilo de novo en instrumento de cultura. Dende Rosalía pra acá foise creando, moi a modo, pero sempre a máis, a posibilidade de lle dar ó país a élite que perdera, de que as suas xentes representativas volvan os ollos á nosa propia realidade, de que o propio país se amostre ás xentes que están nél e que o ven como algo estrano e que non lles pertenece. Poetas i escritores son creadores de cultura e soio a cultura é o verdadeiro motor que move e dá pulo ó progreso e desenrolo dos países. De ahí que a decadencia de Galicia ocurrira parella ó decaimento da sua cultura.

Por iso, si en Galicia se fai cultura, máis se debera facer ainda cada día; si en Galicia hai moitos poetas i escritores —cousa que non é certa—, cantos máis haxa e cantos millores señan, millor. Si se fai cultura, faise moi ben, porque da cultura provén todo o demáis, e —ainda que poida semellar paradóxico— dela proveñen tamén eses propios listos e avisados que andan a descobrir o Mediterráneo e que pensan ver demasiada cultura no país, pois si non houbera esa cultura, tampouco eles andarían a pontificar polo país adiante. Velahí por qué case sempre esas cousas que semellan urxentes non son case nunca as máis importantes. Fagamos pri-

meiro as máis importantes e as outras virán de seu, de xeito natural e sin barullo, sin xesticulacións e sin teatralismos. A tarea é grande e moi fermosa tamén.

23 - 6 - 66.

OS NOVOS E OS VELLOS

Na nosa terra, o mesmo que en todas partes, hai xente moi lista que mira máis alá do que todos miran e que sempre teñen nas máns a solución de todalas cousas. E, craro é, amostran sempre nas suas afirmacións a mesma seguridade, semellante arrogancia e parello dogmatismo ó de aqueles que sempre pensan que teñen a razón. Chegados ó noso país por outros intereses, movidos por eses interses e non polos do país, e mirando as cousas por unhas antiparras que lles puxeron por ahí adiante, teñen xa dabondo pra sentar cátedra, pra sentirse seguros e pra pensar que a complexidade do mundo pode reducirse á simplicidade de catro esquemas un pouco simples.

Dividir un país en novos i en vellos, aparte de que é un pouco simple —pois moitos novos por edade están xa un pouco vellos e viceversa—, resulta bastante irreal, útópico e un pouco tonto. Pero, pra eses tales, esta división é total e leva consigo unha chea de consecuencias. Por exemplo, que os vellos fan cultura e non se entregan a ningunha aitividade e que son os tales novos quenes deben facer estas últimas cousas; que os vellos —que, por outra parte, non sabemos quenes son—, son xa do pasado e son os novos os que teñen de gañar o futuro. Como resume, o de sempre, pois nada novo non din estes "novos" que, como imos ver, están xa un pouco vellos.

Somos moitos os novos que non pensamos así; millor dito, que non podemos pensar así. E non podemos pensar así porque nos decatamos moi ben de que non viñemos a este mundo por arte de birlibirloque, sinon porque nos atopamos con unhas cantas realidás preparadas por outros que nos precederon e cós que convivimos, pois de non ser así non teríamos chegado nunca. I entre esas realidás está xustamente a realidade cultural, que é a única que fai posibles todalas demáis. Pois ocurre a paradoxa de que eses tales novos empezaron por avencellarse primeiro á realidade cultural, como todo o mundo. Despóis, ó parecer, descobiron que iso da cultura xa estaba feito e que había que facer algo máis. Velahí tedes o Mediterráneo que descobriron eses tales novos.

Como ocurre sempre con toda visión estreita do mundo, a ironía xógalles algunha mala pasada. Por exemplo, que a final de contas resulta que ese futuro que eles invocan, empeza e remata neles mesmos, mentras que eses outros que eles chaman vellos están agora mesmo a facer o futuro dos netos deses chamados novos. Pois ocurre que o dar ó país unha concencia de sí mesmo e devolverlle a sua propia dinidade, quéirase que non, será sempre o gran labor de hoxe para mañán. E o mañán, sin tales fundamentos, non chegará nunca. Por iso, facer cultura non é cousa de lunáticos sinón de realistas. E facer demagoxia sobre aitualidades pasaxeiras ou pensar nun nacionalismo africano pra Galicia —que está en

Europa, no século vinte e non en África—, é tan simple como inútil. E pensar que anda por ahí o futuro, é andar cegos e pola estratosfera.

Estes novos son xente de moita presa; teñen urxencia por facer as cousas; parécelles que o mundo se lles vai e que toda oportunidade se lles pode perder. Pensan así e teñen razón, pois saben mui ben que non fan historia; que non teñen futuro algún, ainda que por iso mesmo invoquen sempre o futuro; que con eles mesmos esgotarase o seu teatralismo e o seu barullo sin noces. Pois este é o fin inevitable das cousas que se xogan ó oportunismo, hipotecando así o verdadeiro futuro a unha apariencia valeira de todo contido real.

Tanto nós, os novos, como os vellos —que, repetimos, non sabemos quenes son—, sabemos que o futuro de Galicia está máis alá desa división simplista en novos i en vellos; cultura e aición; pasado e futuro. Porque o que realmente ocurre é que tal división non esiste na realidade, sinon na fantasía de máis de un despistado. A única historia verdadeira non foi nunca de cortes e de compartimentos estancos, sinon de lenta e traballada continuidade, de herencias anovadas e dun hoxe que tivo sempre un onte. Porque si non é así, nunca haberá mañán. E o mañán é o que nos importa ós novos que ainda non estamos vellos.

14 - 7 - 66.

A NOSA RESPONSABILIDADE

Pode que moitos rapaces deste tempo se teñan feito estas ou semellantes perguntas: ¿É Galicia algo que ainda vale a pena? ¿Cál é a nosa realidade, hoxe? ¿Non teremos chegado xa tarde por demáis? ¿Qué posibilidades temos? ¿Qué tarea agarda o país de cada ún de nós? As respostas serían, de certo, moi diversas e contrapostas. E nalgúns casos, nin siquera habería unha resposta crara, pois a contestación, por forza, é complexa e arriscada. A pesares diso, o certo é que as perguntas —esas ou semellantes— andan a bulir no maxín de cada ún, unhas veces de maneira ben manifesta e, as máis, de xeito non moi preciso, pero real.

A pouco que ún repare na nosa realidade e a pouco que afonde no ser da nosa terra, atopará sempre unha causa primeira e orixinaria, unha fonte de onde zumegan as seivas máis fondas e sotarregas do país. Esta causa primeira e orixinaria é a falta dunha concencia coleitiva do noso país como tal, que se iñora como pobo e soio ten concencia crara dunha inferioridade que case sempre se manifesta en servilismo. Desta razón profunda provén todo: a vergonza do idioma propio, a concencia de inferioridade, o non querer saber de nós mesmos, o ocultar a nosa propia persoalidade encubríndoa con outra que, por ser allea, seméllanos millor.

Velahí o grave problema de Galicia. Moi grave porque é un profundo irracionalismo arraizado na nosa concencia coleitiva que se volve unha tara da nosa persoalidade como pobo: unha eiva que nós mesmos non facemos nada por desbotala e que, por perguiza, deixamos que se adone de nós. I en vez de refugala e liberarnos dela, deixamos ir enriba o seu peso e a sua servidume, ainda sabendo como sabemos que de ahí arrincan todolos males que esmorecen a nosa persoalidade como pobo.

Isto crea unha grave situación no noso país, pois abate todo un seitor da nosa terra —o sententa por cento de país— que ainda garda e conserva a sua persoalidade propia e ningún proveito eporta ó outro seitor que xa perdeu esa persoalidade propia. sustituíndoa por outra allea. E como este seitor amóstrase como privilexiado e con siño de superioridade, o outro tómao por patrón e por guieiro. De onde resulta que a nosa terra aparece non soio divorciada en dous seitores contrapostos, sinón que ún deles —formado a costa de irse alonxando dos intereses do país— impón a sua superioridade aparente ó outro —que representa a persoalidade propia do país—, a risco de engulilo e de aniquilalo.

Non digamos —porque non é certo— que son a televisión, o cine, o ensino ou o púlpito os nemigos da nosa fala e, por iso, da nosa persoalidade. As cousas son moito máis fondas e pode que máis graves porque o seu negativismo pesa na concencia coleitiva do país. Velahí o irracionalismo profundo que aparta e alonxa a un seitor do país do outro. E velahí tamén a gran tarea que ós rapaces do noso tempo nos está reservada. Foi a gran tarea de onte. É a gran tarea de hoxe. Será tamén a grande e urxente tarea de mañán.

Unha vez máis chegamos á conclusión de sempre: nunca poderemos facer nada en Galicia si non lle devolvemos ó país a concencia perdida de si mesmo. E o único camiño que temos pra acadalo así, é a cultura. Pensar que tan fondo irracionalismo se pode arrincar da concencia coleitiva con demagoxias, con panfletos ou con folliñas escritas por nenos cursis, é quedarnos na códia das cousas sin achegarnos ó cerne máis íntimo delas. Si procedemos así, non estaremos á altura do noso tempo nin da nosa grave responsabilidade.

Pois o que a nosa terra agarda de nós, a gran urxencia que ela nos impón, a nosa responsabilidade, é xustamente espallar por tódolos seitores do país a concencia da sua singularidade como pobo, que xa non pode ser hoxe patrimonio único das nosas minorías cultas; que unha gran maoría poida decatarse de que Galicia sin a sua cultura propia, non é máis que un territorio; que esa cultura propia soio a pode ter si ten un idioma propio; que ahí é onde está a súa persoalidade como pobo; que acadando isto, todo o demáis está asegurado e virá de seu. Esta é a nosa gran tarea deste tempo. Outra aitividade que se queira antepoñer a esta nunha escala de preferencias, está condenada ó fracaso porque cairá no valeiro e non tería onde arraizar. Deixemos a unha banda as apariencias e baixemos á realidade. E a nosa realidade, por certo, non está como pra poñerse a xogar ou a destragalo tempo. Non é tarde ainda, pero pode sélo. Velahí a nosa gran responsabilidade histórica.

III - 8 - 66.

X. - L. F. G.

O ESPELLO NA SERÁN, por Ramón Otero Pedrayo [1]

Serán é masculino nos testos galegos medievás, o mesmo que en portugués moderno. No glosario das *Cantigas d'escarnho e de maldizer*, de Rodrigues Lapa, o uso da verba aparez exemplificado cun testo de Joan Vásquiz.

quen a veer quiser ao serão,

e referencia a outro de Pero García Burgalés,

conte ao serão o esfolou.

O feito de seren femeninos os termos casteláns *tarde* e *noche*, equivalentes a *serán*, debe de ser a causa do emprego moderno como femenina dista palabra galega. Trataríase, pois, dun calco. Así aparez a voz en Rosalía,

tornaba coa serán,

alternando con outra forma xenuinamente femenina *sera*, que non figura no diccionario de Rodríguez González, anque no apéndice do mesmo recóllese *seriña*, que non é máis que o seu diminutivo. Rodríguez González dá como masculinos *serán* e *seráu*, e masculino é o castelán *sarao*, portuguesismo, variante de *serão*, e o castizo *sereno*, *dormir al sereno* 'dormir ao serán'. É, pois, *serán* orixinariamente un adxetivo, que se remonta ao latín *serum*, ou vulgar *sera*, sustantivado como masculino romance. *Sera*, como en italián, tomado direitamente dun nome vulgar, sí é indiscutibremente femenino. De todos xeitos, como se ve, a moderna tradición abala no xénero do nome que figura no tiduo do derradeiro libro de Ramón Otero Pedrayo, anque ben se ve cál é o tratamento lídimo da palabra.

No serán os espellos embázanse cos bafos que se erguen do lonxano horizonte onde se ten consumado o sacrificio ritual e cotián do novelo do sol. Antre lusco e fusco as cousas perden os seus duros perfís, e a nidia visión clásica do mundo cía perante a romántica néboa orixinaria que enguerella e confonde as esencias, esvaída, ao empardecer, a realidade ouxetiva dos seres, e alumeado todo pola luz interior do home, que informando a materia coas súas poéticas categorías, crea ou descobre un mundo novo, unhas Américas suxeitivas, unhas Froridas increíbres ás que só se pode arribar no barco, bébedo de ensoño, dun lírico Rimbaud.

Iste *Espello* é libro de refrexos e de intuicións, de ensaios que desenrolan as súas liñas antre o meiguizo da néboa. Leva o seu prólogo, inda que prendido, como unha fror elegantemente esquiva, na solapa; e nil está ben definido o indefinibre, gandideiro e voluptuosamente malencónico fasquío da obra.

Libro para leer con moita calma. Compónse de pequenos cadros que integran un grande mural. Pequenos cadros, pequenas estampas, ás veces enxebres arabescos decorativos, cáxeque miniaturas, que teñen antre sí de común a inspiración compostelana. Pero cáxeque nada máis. O libro é unha coleición de pequenos estudos sobre motivos composteláns, trazados

[1] Editorial Galaxia. Vigo, 1966.

ao xeito lírico— o que non quer decir que fallen os rasgos realistas—, isolados antre sí; non orgánicamente trabados, senón xustapostos. En realidade, trátase dun poema didáctico —habería que pór "didáctico" antre aspas, pois a literatura diste autor é, por outra parte, o cume do antididactismo— sobre Compostela, resolto nunha serie de cancións —ás veces disfarzadas— que visan aspeitos diversos da cidade. É como unha epopeia de ambiente, traballada mediante a técnica impresionista ou puntillista de acumulación de pequenas pinceladas ou simpres toques de pincel, sumados sen integración orgánica. É decir, unha suma indicada, e, por suposto, chea de puntos suspensivos, que, como se advirte na solapa, permiten prolongar o libro por intercalación ou agregación de materiás, de ensoñares, de glosas, de suxestións. Só é mester, para que a unidade indefinida se manteña, que o engadido esté, na tona ou nos sangumiños, aceso pola lapa do fervor, e realizado literariamente coa tensión lírica —que non é só verbal, senón a miudo conceitual ou sentimental— do estilo do escritor de Trasalba. Un libro aberto, pois; aberto á prolongación, xa que é un movimento musical que admite infindas variacións. Está todo en calquera dos seus tiduos, capiduos ou rubros. E por iso, o mesmo que admite arrecuentamento de follas, admite a caída ou ascética renuncia delas, pois todas teñen a mesma importancia como microcosmos do macrocosmos que en conxunto son, e os ventos de outono pódennos traguer en moitas follas ou en poucas a saudade e beleza da fraga.

Libro para leer con moita calma, a fin de zugar todo a seu celme ás frases non recortadas, senón frotantes, de construcción neboenta, imaxes ceibadas nunha liberdade espontánea e sempre pulante de visión. Unha leitura rápida, que non reparara nas interquenencias dunha sintase ás veces difícil, non polo seu grao de artificio, senón precisamente polo seu grao de naturalidade —compatibre cunha forma de pensamento erixida sobre a cultura tanto como sobre a natureza—, esporía ao leitor a interpretacións trabucadas do siñificado ou á incomprensión de matices sotís, non doadamente perceitibres pola súa abondancia, e cuia aprensión esixe uns ollos esculcas e nada présbites.

Cando a glosa se afirma sobre persoaxes ou realidades históricas da cidade, os pequenos poemas que constitúen o grande poema de Compostela equilíbranse nun arrandeio de materia e forma, de necesidade e liberdade que os fixa na lembranza e os ancla no espírito con forza que non pode actuar naqueles outros onde a choiva, o silenzo, a luz son o sustento da arte do escritor, que niste caso ergue arquiteituras de ar, pazos de música, catedrás de lume, rizando o rizo do lirismo enxebre, que traballa cos materiás máis ingrávidos.

Algún dos mozos que agora empezan a sair da Universidade compostelana con tiduo de romanistas, e pra os que a obra de Otero Pedrayo é potencialmente manantial inesgotabre de investigacións, debería acometer o estudo estilístico diste libro, que pola súa unidade —homoxeneidade que non esixe organización— resulta un cómodo ouxeto de traballo. Á pequena lista de rasgos estabelecidos eiquí e alí por nós, habería que engadir, polo de pronto, outros dous niste libro presentes: o primeiro, de xinea romántica; o segundo, de torgueira clásica. Aquel dáse —i é recurso de Hugo, Junqueiro e Curros— na aposición, constituindo un xeito especial da mesma: *craridade Locke, adxetivación Montesquieu* (páx. 35). Iste consiste no emprego, pouco usual en romance, das oracións de infiinitivo non concertadas: *sabemos ser a efixie de Monroy a soia chama fúnebre* (páxina 30), *din a ela ser debido o nome de Belvís* (páx. 56), *nós coidamos disfroitárese dunha Compostela "composta"* (páx. 56), *decatáronse todos catro de chegar un dises momentos* (páx. 83).

R. C. C.

NOTAS PARA UNA ANTROPOLOGÍA DEL HOMBRE GALLEGO, por Domingo García-Sabell [1]

A vida intelectual contemporán pode caraiterizarse pola súa loita contra da crueldá. Facendo uso dun tópico, diría eu que a forza de discutir cos "comprometidos", remata ún por pertenecer a eles. Pero isto non pasa dun tópico, e dunha certa ironía. En realidá, o literato comprometido "balbucia", tenta albiscar unha situación que soio a medias comprende. Certo que a literatura non debe refugar os problemas cotiáns, certo tamén que está na obriga de prestar a súa atención ás dificultades xérales do home no seu tempo. Ista é "unha" das tareas da literatura, e de toda vida intelectual ampla. Pero nin é esclusiva, nin tampouco debe seguir os canles cáseque sempre críticos e poucas vegadas construtivos da literatura do compromiso. A forma literaria depende do tipo de intelectual que se é. "Dime que literatura escribes, e diréiche que crás de home és tí". A temática depende de situaciós obxetivas, de situaciós subxetivas, e de situaciós trascendentes, que non caben no marco nin do obxetivo, nin do subxetivo.

Pero a loita contra da crueldá, ten un orixe moi concreto, aínda que a o meu ver pouco esplicitado. De ahí que aproveite iste novo libro de Domingo García Sabell pra mostrar, a traveso dil, a esencia dista situación.

Reparemos nó conxunto do que, con decoro moi intelectual, chamá García-Sabell "Notas", cando en realidá son vizosos ensaios, algún deles xa antigo, e nembargantes pletóricos todos de actualidá. A primeira "Nota", intitúlase: "Notas sobre el hambre gallega", versión castelán dunha "nota" anterior en galego. A fame: "Velahí unha crueldá, contra da que o intelectual vai loitar. García-Sabell posee a esperencia da consulta iniciada en horas difíciles pra o país en que vive; posee a sólida formación médica adequirida non soio na praxis profesional, sinón xa dende a súa época estudiantil, cando, a o preparar o doctorado en Madrid, xa traballa sobre problemas de metabolismo, tan avencellado ás custiós da fame; ostenta a titularidá dunha ponencia oficial nun Congreso de Medicina Interna, que versaba sobre da fame en certo sentido clínico, e posee además a colosal documentación que isa actividá foi acumulando durante tantas xornadas de traballo. Recordo que cando preparaba isa ponencia pra o Congreso de Mediciña interna, tivo urxencia dunhas investigaciós cáseque esquencidas, e que il tornóu á actualidá, e pra cuia consecución tivo que solicitar uns microfilmes dunha biblioteca pública norteamericán, onde ditas investigaciós constituían un raro exemplar da bibliografía médica sobre do asunto. Con tal solvencia, revelada por ista anécdota, foi preparando as súas páxinas, e madurecendo as súas ideas.

A fame pode ser presentada como un instinto, pero sobre de todo como unha situación vital, coleitiva, e hastra certo punto, histórica. Por outra banda, hai a fame que se mira, a fame radical, e por outra banda esiste unha fame oculta, e por tanto máis iñorada. Na clínica temos un nome pra ise aspeito do organismo humán: a distrofia. Ela ocurre en persoas hipoalimentadas, persoas que non. reciben o mínimum calórico axeitado, que sinala unha correita fisioloxía do metabolismo. Tras dunhas consideraciós baseadas na documentación citada, García-Sabell prantexa o alcance global da distrofia, sobre da esfera psíquica do individuo, e, a o traveso de ela, sobre da conduta dun grupo. Recolle a "esperencia de Minnesota", realizada por 32 suxetos que durante seis meses esperimentaron os efeitos da fame, recibindo soio 1.500 calorías, cando o seu promedio era de 3.492 (máis da mitade de reducción, por tanto). Os resultados de ista hiponutrición esperimental pra os nosos efeitos, foi a seguinte: "...Las consecuencias psíquicas de la desnutrición crónica son: la de-

[1] Ediciones Península. Madrid, 1966.

presión, la apatía, la hipocondria, la introversión, los sentimientos de inseguridad, de culpabilidad, de fallo de la autoestimación y la histeria". Non hai apenas grandes trastornos da vida intelectiva, que no fondo semellóu permanecer intaita.

Compara despóis García Sabell istes resultados cos orixinados en condiciós espontáneas ou naturales, nos campos de concentración, durante a guerra. A diferencia ven dada por moitos faitores, pero destaca sobre de todo a "corrosión da persoa", comenzando pola depauperación dos valores que acostumamos considerar como da "persoalidá". O home famento, nisa situación radical, considera toda a súa vida ligada a un presente fixo, irrevocábel, que é "a comida". Pero sin certa impulsión futuricional, que nivele isa situación, o individuo esponse a fenecer, a sucumbir. De ahí que a vida do desnutrido máis que unha reacción, como podería pensar un clínico vulgar, seña "unha actitude", unha posición total, dentro da súa degradación. O famento faise desconfiado, insocial, pechado á comunicación. Vive a o seu próximo como algo que está ó seu carón, pero xa non como alguén con quen pode ter unha comunicación interpersoal.

Ollamos aquí unha situación do que chama Baruk, con certeira espresión "anestesia moral da persoalidá". Resulta curioso que máis que un neurótico, o que dá o desnutrido niste nivel profundo, seña un "psicópata", namentras que no desnutrido esprimental, que mantén aínda certa moralidá, semellan máis ben ser os síntomas filiales dunha forma máis menos clara de "neurosis" esperimental.

Tamén resulta curioso comprobar que mentras o esperimental duda máis de sí mesmo, e en todo caso solo manifesta (nun enfermo) un desenrolo paranoide de dano ou persecución nun senso amplio, o hiponutrido radical esprimenta un grande escepticismo frente da sociedá; duda de toda empresa de nivel, de alcance universal. Naturalmente, a degradación do "ego" é máis profunda, e por iso os mecanismos compensatorios nacen máis profundamente.

Deixando xa agora istas consideraciós xerales, como suposto das ideas a desenrolar, imos sinalar como moi importante, o destino eisistencial trazado xa, nunha grande maoría de casos, pra a poboación desnutrida. Eisiste "a memoria da fame", a lembranza de ter pasado fame, que condiciona un carácter, que chama García-Sabell a "obsesión" da comida. Para ise desnutrido antigo, seña un home, seña un pobo, además disa mente escéptica a os valores, créaselle unha nova necesidá, que xa non é o simple comer, sinón transformar "o acto" da comida, nunha ocasión solemne, ceremoniosa, suntuaria, a o xeito como o obsesivo vencella as súas ideas máxicas a un ritual determinado.

Por outra banda, hai a culturalización da nutrición, ligada quizáis a isas obsesiós nos seus comenzos, pero desenroladas despóis a partir do contaito dise sentimento da fame coas restantes dimensiós da cultura. O horario da alimentación, o tipo de comidas, incluso os cultivos que se fan nun determinado lugar, son xa productos culturales, e non xa biolóxicos, somente.

Isto, a o pasar ao terreo concreto da fame galega, permítenos entender ise estremismo alimentario do noso pobo: ou come moito, ou está desnutrido. Non hai a xusta medida, poisque nun caso, o segundo, arrastra unha carga de séculos de hiponutrición con tódalas consecuencias dilo (desconfianza, sentimento de inseguridá, certo individualismo, un tanto escéptico do próximo, morriña, e as distrofias conseguintes, co envellecemento prematuro, e a inadaptación a o meio, pois por comer mal, desgánase pra superar as condiciós de producción, que é o único que podería salvarlle do círculo da fame á súa curva vital degradativa.

Unha segunda consecuencia, é un análisis do lugar mesmo da producción, da terra en que traballa e se consiguen os froitos. Hai que facer que o campesiño troque a mentalidá, e non confunda, según a idea de Ortega, que García Sabell espón, entre usufructuario e propietario. Poisque o cam-

pesiño pode creer que é propietario da terra, pero si nona inserta nun sistema coherente social, entón é, diríamos, servo dila, non señor dila, e por tanto é esclavo do seu propio traballo.

De ahí que o problema da fame galega, queda concretado a os aspeitos seguintes: un pobo históricamente mal nutrido, e históricamente mal orientado respeito da forma de saír da súa deficiencia por procedimentos científicos. Isto orixina unha beatería da alimentación, unha liturxia metabólica, unha maxia da comida. Crea asimesmo, un círculo de incapacidade noutros ámbitos do desenrolo do esprito, e limita históricamente a contractual co a terra e o seu dereito, totalmente falaz, e que perturba aínda máis as posibilidades de solución.

Asín resumido ise mañífico ensaio, que perde nista síntesis ocasional toda a brilantez de estilo. de esposición que García Sabell derrama nolas páxinas da obra, miremos cómo loita o autor contra disa radical crueldá iste pobo. Por outra banda, enxendra unha imaxe da propiedá, da relación da fame: pón a o servicio de todos, a súa esperencia, non refuga o nivel intelectual do problema; chega hastra precisiós filosóficas que bastarían pra xustificar un ensaio de alto nivel. Pero se non conforma con iso. Adapta o seu saber a unha custión comunitaria, relativa á comunidá en que vive, e invita, move, sin saír da elegancia (atributo que na vida cultural galega e española García-Sabell posee en grado superlativo), que é unha das caraiterísticas do intelectual frente a os conflictos, sin caír nas estridencias demagóxicas, nin na falacia optimista de que cree que todo consiste en levantar a voz, para que todo se resolva. Finura intelectual, firmeza na liña da cultura a seguir, son as armas invencíbeles do pensador que está conscente do alcance dos problemas, e da súa participación real, e non utópica, na posibilidá das soluciós. O intelectual inieita claridá sempre, e usa, utiliza a súa facilidá pra distribuir tareas, insinuar modificaciós, pra (e ísta é a palabra eisacta), "educar" a o público e ás persoas encarregadas de dirixir os esforzos da coleitividá. Pois creo que de García Sabell poderíamos decir o mesmo que il dí de Eduardo Spranger; que é no mellor e máis profundo senso da palabra, un "educador". Dende a cátedra "total" das súas conferencias, artículos nos xornaes, ensaios, e libros, García Sabell representa o clásico tipo de intelectual que infiltra o seu pensamento e as súas ideas, polos vieiros dunha literatura por demáis artística, elegante (Marino Dónega recordábao aquí mesmo hai pouco), e vai quizáis polo camiño de se convertir nunha disas persoalidades mitolóxicas, que dende Nóvoa Santos, e co a escepción de D. Ramón Otero Pedrayo, tempo hai que Galicia anda necesitada. Pero lonxe do mito, é un ser real, positivo e eficaz, que encima, está ahí entre nós, recibe e tódolos días consulta, ou seña "traballa", na súa clínica.

Isa tendencia a facer "mitos" máis menos aparatosos, é no fondo un "mecanismo", por así falar agora, inconsciente contra o que se non desexa ver diante. O señor mítico, semella ser un tanto irreal, en todo caso, "algo raro, escaso", e que por tanto basta con aplaudir, pra anulalo. Recordemos os esforzos que na India facía Gandhi por evitar xusto o ser convertido nun mito. O inasequible é popular, pero tamén é sinxelo de eliminar do reino dos intereses materiaes. O malo é o mito vivo, encarnado: se non pode botar tan fácilmente.

O segundo ensaio, refírese a o tema espléndido do "Análisis existencial del Hombre Gallego Enfermo". En realidá, é un mañífico traballo sobre o estado aitual do concepto de enfermedá, presentado en forma de discurso, libre de aparato bibliográfico, onde Sabell espón as súas ideas sobre do asunto, xa defendidas en conferencias e en Congresos, sobre de todo nos Internacionales de Barcelona (1958) e Viena (1961). Xa noutras ocasiós insistín sobre a aitualidá e profundidá do seu pensamento médico, e agora soio quixera facer algunhas consideraciós breves, dentro do marco dista recensión.

Quixera, digo, máis ben situar a García Sabell no ambente médico contemporán, xa que o tema está esposto con tanta craridá no ensaio, que recumilo aínda máis serían amputar necesariamente unha peza demasiado fermosa e delicada pra recortalla por aquí e por alá. Non obstante, o propio comentario á persoalidá médica de García-Sabell, permitirá facer isas alusiós necesarias a o ensaio.

Distinguía Bacon, nada menos que o fundador do método esperimental, entre investigadores "lumiosos" e investigadores "fructíferos". É un distingo un tanto esquecido, e que si Unamuno o tivera sabido utilizar, quizáis poidera ter sacado mellor partido da súa espresión, pouco feliz, do ¡Qué inventen ellos! Non, inventar, temos que inventar todos, eles e nós. Pero o que fai falla é saber qué é propiamente inventar, e sobre todo "cándo" se pode inventar "fructíferamente" e cándo "lumiosamente". Un achádego fructífero, é, por exemplo a penicilina, é a estreptomicina, e tantos outros ben caraiterizados xa por istas dúas mostras, que pódense repetir indefinidamente. Pero a invención lumiosa (acaso a máis rigurosa invención "sensu strictu") opera sobre doutro ámbito ou modo formal da realidá. A invención lumiosa aporta ideas, configura problemas, traza o horizonte de futuras e previsibles soluciós. Meditemos un pouco sobre ista versión da imaxe baconiana.

O investigador fructífero, é diante de todo, empírico. Labora sobre datos que "induce", e indución tras indución, chega hastra o nivel máisimo cando atopa leises da realidá, que pola súa xeneralidá poden acadar o valor de teorías.

Si reparamos niste punto, comprendemos que aquí tamén o investigador fructífero, pódese convertir en investigador lumioso. Entón diríamos: ¿En qué consiste propiamente a distinción? Pois, respondería eu: Na forma de vida que a continxencia que a miúdo rexe os nosos destinos impón a cada quen. Para laborar, requírese un laboratorio, laborantes (entre os que agora non fallan xa as animadas "laborantiñas"), e sobre de todo, na hora aitual: aparato económico (non digamos toscamente "diñeiro", aínda que ás veces a cousa é así de triste e real). Si temos en conta que na aitualidá a maoría das investigaciós requeren isa aparatosidá técnico-económica, o tipo humán de investigador fructífero está condicioado bastante direitamente polas caraiterísticas das comunidades en que nace, vive, e transcurre o seu traballo.

O invesigador lumioso, polo primeiro, tamén está condicioado por isas razós materiales, pero hai unha diferencia: loita contra dilas, incrustándose na súa persoalidade propia. Niste mesmo número de GRIAL fago unha esplicación análoga para discutir a influencia que sobre de Hegel tivo o seu ambente. En xéral, o investigador lumioso, non acostuma ser favorecido polas circunstancias ambente, polas circunstancias que seña (contradiciós políticas, relixiosas, ou un comprexo azar, no que se non sabe ben a causa fundamental). Pero tamén inflúe "decisivamente" o tipo de mentalidá, de aspiraciós, e sobre de todo, o nivel de totalización que teña a imaxe do mundo do investigador. O "fructífero" (falamos sempre sin especificar), non é frecuente que seña un esprito rebelde, estético, místico, ou sinxelamente un intelectual preocupado por absolutos. Unamuno, por exemplo, xa que denantes o citamos negativamente, fagamos agora xusticia á súa esimia memoria, é o típico investigador lumioso, a quen, naturalmente, as pequenas cousas diste mundo pouco podían siñificar pra il. Nefeito: ¿qué pode representar frente da morte, da alma, do infinito, algo tal como a eleitricidá, o gramófono, ou o televisor?

A diferencia de temática, nace da diferencia tipolóxica humán, e mesturada co as condiciones reales (materiales) da vida, establece o dualismo nas modalidades esistenciales do investigador.

A Mediciña, durante o pasado século, influida por o senso positivista xeneral na cencia coetánea, foi creando o tipo humán do investigador fruc-

tífero "puro", que consagraba a súa vida a un dises achádegos. Incluso, había niso algo moi distinto dunha simple imaxe materialista da vida. No fondo, como mostróu Laín nun traballo recente, o sabio era no século pasado (e nos comenzos diste, por estensión) algo así como un sacerdote. E coido eu que no fondo, tras isa aparente materialidá, latexaba un esprito místico, pero solo que non era conscente a o sabio, que, un tanto despersoalizado pola imaxe material da vida, enganábase a si mesmo tras da capa de escepticismo "matemático" que caraiterizóu á derradeira centuria. Naturalmente, o home no fondo, sempre contén as mesmas dimensiós eisistenciales, soio que "transfórmaas" de xeito diferente.

Comprendendo que a Mediciña caíra na rateira esperimental onde o coello de Indias servía á Humanidá, algúns grandes médicos comprenderon que era chegada a hora de saír da gaiola da esperencia empírica, que diluía a unidá do ser humán, e era mester reconstruir isa unidá. Comenzaron así a xurdir as doctrinas. A historia pode comenzar en Freud, e proseguir con Krehl, Weizsäcker e outros que farían isto interminábel. As etapas intermeias son difusas e requeren aínda un profundo e sistemático estudo, que, por fortuna, ten entre nós grandes cultivadores, como Laín, Rof, Ibor, e o propio García-Sabell, que sempre que se refire a istes problemas, establece datas, direitrices, correntes, doctriñas, etc...., con selo propio. Concretamente acostuma asociar ista inquedanza á súa ademiración por Nóvoa Santos, de onde que paremos aquí un intre.

Galicia, xa que logo, conta tamén con figuras de releve internacional dentro dista Mediciña. Concretamente, Nóvoa tivo aportaciós "fructíferas". Bing, neurólogo de Basilea, reconoce o síndrome de Nóvoa Santos (unha afección neurovexetativa), e García Sabell lembra que unha proba para descobrir parásitos, que xéralmente leva un nome estrano, foi prevista e praiticada denantes que nadie por Nóvoa.

Pero por iso solo, e nin siquera pola Patoloxía Xéral, pasaría Nóvoa á historia da Mediciña. A Patoloxía non é unha obra creadora, sinón configuradora de conocementos, feita no soedá compostelana do segundo decenio do século XX. É investigación lumiosa, aínda que de segundo orde. Son importantes, en troques, as grandes pasiós metafísicas de Nóvoa, frustradas tamén a causa disa duda, dise titubeo entre convertirse nun "fructífero puro" ou un pensador da Mediciña, entregado, por tanto, a un tipo de vida un tanto diferente. En todo caso, Nóvoa é un exemplo ilustre disa situación fronteiriza entre o xenio e o talento, que a o meu xuicio polo menos, quedóu inédito, sin dúbida por unha disas desgracias que asoballan a Galicia: a morte prematura. Coido que tan grande home de chegar a unha meirande madureza, houbera sido unha das máis esceicionales persoalidades intelectuales do seu tempo; foino, dende logo, na España contemporánea. Quizáis lle fallóu, a parte da vida, unha sólida formación filosófica, mal dos médicos do seu tempo, incluso dos tan grandes.

Pois ben; na xeneración de García Sabell, a Mediciña perfilaba xa con trazos imborrábeles a imaxe total do home enfermo. Dúas aititudes eran lexítimas pra os médicos do seu tempo. Unha, continuar a tradición de laboratorio, empírica, do século pasado, e outra, adicarse a completar isa imaxe total do home, que non por perfilada estaba nin está preto de concluir. Razós persoales, levaron a García-Sabell a situárese nista liña.

Como vemos, ambalasdúas son formas puras de investigación. Soio que para a primeira, necesitamos hoxe do aparato técnico esperimental, e además unha modificación que Laín chama esprito deportivo ante a cencia, que ven quizáis determinado polos altos niveles competitivos alcanzados xa nos grandes laboratorios reitores da investigación realmente fructífera. De cando en cando xurde a casualidá aillada, pero históricamente a cencia ten xa "dirixentes" non no orde da doctriña soio, sinón no terreo da capacidá de producción. Para un médico español de 1930 e seguintes, España apenas ofrecía marco para isas investigaciós. Quizáis

os españoles sofriron entón o espellismo do escepticismo. Todos concordamos en que se puido e se pode facer máis, pero deixando que unha consideración rigorosa descobre que tamén se fixo moito máis do que se cree; o feito é que na "concencia histórica" do español contemporán a investigación "fructífera" é hoxe moito máis atractiva, para a xeneración digamos do ano 1950 en adiante, por poñer datas, que a que rematóu os estudos denantes da guerra. En troques, no terreo da investigación conceptuall, España ocupa polo menos o terceiro lugar do mundo, tras de Alemaña, Francia (diríamos mellor o mundo franco-xermánico) e codo a codo co as máis grandes potencias médicas aituales, rebásaas nisa erudición que dende o XVIII acompaña invariábelmente a o estudoso español. Tamén é de valorar a independencia de criterio, hastra o punto de que na Mediciña, os médicos españoles con cabeza sobre dos hombreiros, disfroitan acaso dunha situación escepcional, por suposto mellor aínda da que, por exemplo, Marías sinala na filosofía. Nefeito, agás certos núcleos (polo demáis non totales na estensión xeográfica) centroeuropeos, España ten como digo, na Mediciña conceptual, un posto privilexiado, que espero dará o seu froito máis madurecido nista hora aitual.

Necesitados agora como nunca de homes de laboratorio, non será nembargantes escesivo destacar aquí a importancia de ise precedente de ideas lumiosas que a xeneración anterior está a verquer sobre da xuventude, sobre de todo porque a tarefa creadora da Mediciña necesitará sempre moitos laborantes, e poucos pero profundos intelectuales. Nista liña, coido, e isto pódoo decir como médico tranquilamente, que temos en García Sabell un representante disa tendencia, que además, fúndase non soio na refreisión abstracta, sinón sobre de todo, na gran esperencia que lle dá o seu ésito profesional nunha cidá como Compostela.

Froito disa esperencia é o gran conocemento que mostra sobre do home galego enfermo. Cómo olla a triple actitude do galego diante da enfermedá, o seu modo de ir a o médico, e o seu modo de vivir despóis ise trato especial, inviolábel, que é a esperencia de ser asistido clínicamente. Leciós sobre dos síntomas das enfermedades, sobre biopsias ou datos de laboratorio, hai moitas; pero leciós sobre dos síntomas da aititude, do comportamento eisistencial da enfermedá como acaecer que asulaga o todo do individuo, en verdá que difícilmente atopará ninguén algunha comparábel, dentro do noso ámbito. Traballo de nivel "europeo" (por empregar un termo que soio ten senso xa acaso en España), é unha proba exemplar de ideación, de investigación lumiosa, dentro da Mediciña antropolóxica.

Rematamos agora brevemente co seu ensaio sobre "La Saudade por dentro". Xa escribín tamén noutra ocasión sobre díla, e no ensaio que aparece niste número, tamén fago un comentario que impide insistir xa niste punto. Solo apuntar, e deixar para outra oportunidá, outra faceta de García Sabell que é a súa formación filosófica, e a súa sensibilidá literaria. Ensaio escrito con verdadeiro estilo, amóstranos a capacidá refreisiva, asín como o fondo conocemento que ten Sabell do pensamento contemporáneo. Sin dúbida, isto dará que falar noutra parte, e concluo aquí, invitando a todos cantos se interesen pola antropoloxía nos seus distintos niveles, formas e espresiós, a degustar istas "Notas" como modestamente chama o autor a tan compacto grupo de ensaios, presentados pulcramente pola editora "Península", dentro da colección Ibérica, de interés xéral para todo español conscente dos seus problemas.

X. M. LÓPEZ NOGUEIRA

ELEGÍAS DEL CAUREL Y OTROS POEMAS, por Uxío Novoneira *

Novoneira acaba de pubricar o seu segundo libro. En 1955, a pubricación de "Os Eidos" abalou de raíz o mundo de lectores de poesía galega. Era o descobremento súpeto dun poeta novo, cunha voz orixinal, persoalísima, de son inaudito pra todos e incomprensible pra algúns, unha voz que semellaba non deber nada a ninguén, como si Novoneira houbera atopado o seu xeito por vieiros imprevisibles e inimitables. Con "Os Eidos", decíanos Ramón Piñeiro no limiar do libro, comenzaba a vivir na historia un mundo que era pura xeoloxía sen presencia humán; un mundo íspido, forte e tenro facíase realidade comunicativa. Era o mundo dos tesos cumes do Caurel, que accedía á xeografía lírica de Galicia co pulo con que denantes o fixeran outras privilexiadas bisbarras galegas, Salnés ou Bergantiños. "Os Eidos" eutusiasmou a algúns, foi ouxeto tamén de críticas acedas, pero a reacción diante do libro foi, por riba de todo, o desconcerto. Había no libro certamente caídas de tensión, retórica ás veces, aínda que unha retórica tamén inusitada, e sobre todo, acertos impresionantes de concisión e dramatismo, plasmado éste nun xeito tatexante de decir, nunha forma crebada polas interxeccións que rachaban aqueles poemas enxoitos, de nudez mineral, carregando de emotividade o que era un mundo irto, unha realidade ouxetiva, nidia, muda. O poeta, con perspeitiva lonxana, recreaba o seu mundo, complacíase nos xogos verbales con topónimos como adoas escintilantes. Como en toda gran obra de poeta a realidade humanizábase pola voz que lle daba vida. Interesábanos aquela realide en canto nos interesaba a sensibilidade pra cuia esoresión era pretesto. Fomos moitos, nembargantes, os que coidamos que a obra poética de tan brilante xeito encetada, era un vieiro choído, camiño sin volta nin saída. Temíamos que Novoneira, engaiolado polo descobremento dun mundo seu e ben seu, cabal xa o soño de todo poeta, a recreación dun mundo que pasaba a ser enteiro para el soio, non faría máis que repetir a obra feita, repetir "Os Eidos" en muitos volumes máis, nunha loita estéril e traballosa.

Tardou dez anos en darnos o segundo libro. Compuxo outro mentras tanto, "Caurel dos tesos cumes", aínda inédito, e que pode ser testemuña deses anos de percura nos que moitos coidamos que iba esmorecer un gran poeta. Pubricou tamén un feixe de poemas en revistas diversas: "Poesía Española", "Vida Gallega", "Airiños Aires", muitos deles inxiridos nas "Elegías del Caurel", e nos que atraveso das supresiós e correicións con relación á versión definitiva agora pubricada, podemos enxergar o esforzo desacougante dun poeta conscente. O tíduo deste libro novo fíxonos temer a insistencia de Novoneira nun tema no que non cabía anovación posible, pero apenas aberto o libro atopámonos cun poema:

Os que así nos tein
só ten noso os nosos nomes no censo,
que hasta o noso sudor sin alento pérdese na terra...

e remata:

Non, a forza do noso amor non pode ser inutle!

E o maxistral poema a Rosalía:

Poden inseguranza e desamparo
i acóllese ós bes certos:
a casa! o val! a patria homilde!
Nosa patria por quen ti cramas furando a noite!

---

* Colección Adonais. Ed. Rialp. Madrid, 1966.

Ou o poema "A Clara Otero" reconstruído tras do tempo e a lembranza. Non pasaran valdeiros os anos de silenzo —dez longos anos dende a pubricación de "Os Eidos"—. Madurecera neles unha voz nova que recollía o mellor do estremecido conceitismo, do feitío fondo e grave da súa primeira obra, e o poboaba de sombras humáns, sen desbotar o pudor espresivo e o tempero meditativo e malencónico dos seus inicios poéticos.

Novoneira é un poeta conscente, de lento e teimudo traballo, con súpetos atrancos e desespranzas, vacilacións desacougantes, inquedo facer e desfacer. Abonda comparar o poema *Rosalía* na súa versión definitiva, co que pubricou no outono do 1965 en "Airiños Aires". Ganou o poema en dramatismo ca poda de dous versos, quedou denso i enxoito, carregado de intensidade nas súas esclamacións derradeiras. Tamén no poema *O Moucho*, outro dos mellores poemas do libro, do que nos avanzou tamén unha versión máis amplia baixo o títduo *O moucho da alameda*.

Pesa en Novoneira a preocupación de fuxir da retórica, sin decatarse do risco evidente de cair na síntesis forzada, é decir noutra retórica de siño contrario. Refuga a musicalidade do poema —cousa sorprendente nun poeta que escolle as palabras con fervor de orfebre— cecáis porque teme deixarse levar da súa sensibilidade eminentemente musical, do seu esceso de emotividade, que atoparía roita doada no fácil xogo verbal, desfacendo a esencia do poema, que ve Novoneira no contido, nun celme conceitual que atopa compensación na íspida emoción das frases esclamativas. Pódese cair así tamén no xogo de ideas, e pola vía da contención chegar á nudez conceitual dalguns poemas da derradeira parte do libro, "Elexías de Madrid" (1962-65), que están ao borde da adivinalla. Pra nós, dende logo, os mellores poemas do libro son aqueles en que a concentración non está levada ao seu estremo, en que a retórica, a máis noble retórica, ten tamén o seu posto no poema, "Río Mandeo", por exemplo, "A chuvia non é miña", "Libertad", "Nada vin tan bello".

Será interesante ver a acollida que este senlleiro libro vai ter na crítica castelán —o libro vai en edición bilingüe— á que chegarán as "Elegías del Caurel" faltas do seu contesto, do que supón "Os Eidos" como apoiatura pra unha cabal comprensión. Supoñemos que esta poesía, tan alonxada dos xeitos habituás, das escolas, dos modos e das modas, vai facer difícil dar co criterio valorativo axeitado. Vai levar o desacougo a moitos. Pero supoñemos que haberá unha maioría que decataráse do valor senlleiro i heroico, illado e teimudo con que Novoneira está a construir como unha catedral ou como un penedo, é decir con tempero e con forza, a obra máis persoal da lírica galega dos nosos días.

BASILIO LOSADA

ORENSE, por Ramón Otero Pedrayo [1]

Temos riba da nosa mesa un libro pulcramente editado. Un libro onde a historia dunha cidade amósase ateigada de caletrante poesía. Nas súas páxinas advertimos o poder dunha sensibilidá refinada ó aituar sobre de todo o circundante: paisaxes, arte, cousas, almas...

Pra nós o máis ademirábel dista historia ourensá atópase no equilibrio lírico antre a imaxe e a idea, antre a paisaxe e a ialma da cidade. Os feitos, as figuras, a luz, o clima, pasan da sensación á emoción máxicamente; e miramos ó escritor achegarse arreo á realidá pra zugar dela poesía. Non percura pra isto Otero Pedrayo nin palabras estranas, nin conceitos deslocados; a súa orixinalidá desce direitamente da evocación romántica, e a mesma emotividá da súa retórica empresta valor e trasparencia a unha sensación de fondo lirismo.

[1] Ediciones de la Caja de Ahorros Provincial de Orense. 1966.

O volume encétase cunhas verbas limiares de Celso Emilio Ferreiro. Despois, o polígrafo de Trasalba vai tracexando na súa prosa caraterística a vida da cidade, dende as suas orixes. Deseña a ialba histórica de Ourense e as variaciós da súa paisaxe. Conta como a vella Auria brila no reino suevo de Galicia. Puntualiza o desenrolo da historia ourensá dende o século VIII ó século XI, vencellado ós temas da historia da catedral. Amósanos unha fermosa visión do Ourense que vai dende o renacemento ó neoclásico, a traveso do barroco. E a seguido ven ese adeus, tan espresivo, ó XVIII, e o século apaixoado. Ó cabo, Otero Pedrayo vai decindo as impresiós de cinco vagarosas paseatas a traveso do Ourense de hoxe.

Os sentidos do escritor afínanse e fanse caletrantes nistas páxinas evocadoras, e os máis enxeles estímulos da Natureza amósanselle como basmo. A cidade adequire o prestixio inmorredoiro do seu pasado, das súas sombras, dos seus aconteceres... E namentras os homes se desenten-den dunha tradición arraigañada, e as propagandas miméticas esparexen palabras descastadas, Otero Pedrayo solprende a maravilla dunha paisaxe e dunha historia, e nela descobre unha eternidá creadora.

O grande escritor ourensán ten sido decote un peleriño atente de tódolos camiños da vella Galicia. Alleo ó superficial, os seus ollos traspasan a epidermis da paisaxe xeográfica, os revestementos etnográficos e históricos, pra ir á cata do senso fondo das cousas e dos seres. Níste volume preséntanos, nunha interpretación quente i entusasta, toda a riqueza tradicioal da súa cidade natía. Nel vai xurdindo o mítico e o humán, o real e máis o irreal, o xogo das xentes e dos sucedos pretéritos. O tema sírvelle a Otero Pedrayo pra desenrolar a súa bagaxe erudita, e pra deixar, ó mesmo tempo, grácil e ceibe, a súa doada e amena de home que sabe e conta cousas con barroquizante craridá espositiva. A súa espresión é apaixoadamente xusta, poderosa como un vento. Percura os seus materiás entrando nas fondas minas da lembranza, e apalpando emociós moi velaíñas. Despois ameceos e verifícaos na ialma. Despois esponos, buídos i encruxolados, facéndoos raiolantes, evidentes, irresistíbeles.

Iste libro xunta a unha patente de masculinidá, o don de cautivar. Coa súa prosa ricaz, barroca, musical, que encobre unha vibración garridamente emotiva, Otero Pedrayo describe eiquí a vida histórica e a vida popular de Ourense. O seu talento de observador, o seu estilo ledo e vibradoiro, voltan a poñer a súa rexa nota de calidá na paisaxe dunha prosa fondamente orixinal.

Todo, nistas páxinas, irradia vitalidá criadora. O léisico é, como decote, un léisico belísimo. O escelente roupaxe retórico e a musicalidade das frases cían unha viva paixón. A pureza do estilo encaixa co tema, e o encaixe está feito cunha garrida devoción. O autor vai tecendo de vagariño a obra evocadora, trenzando sucedos e temas coa súa mestría de escritor de sólida vocación.

O íntimo sentir do libro que é, por outra banda, unha delicia de gracia e amenidá, ten a súa axeitada correspondencia nas ilutraciós. O pintor Xaime Quesada Porto deseñou unhas estampas cooreadas, nas que a xeografía lírica e humá da cidade e a vida mesma da tradición artística ourensá, aparecen interpretadas de xeito enxel. E coelas, un verdadeiro microcosmos de tipos reales ou simbólicos, apreixados na súa chea e cerne humanidá.

Como remate do volume, reprodúcese unha escolma de textos alusivos a Ourense, de escritores de tódolos tempos, indíxenas ou foráneos. Escolma na que fallan, nembargante, inesquecibres prosas do propio Otero Pedrayo. Porque é ben sabido que poucos como el viviron a historia ourensá cunha vocación tan auténtica e reveladora.

Pero as páxinas de que falamos abondan pra revelar a fonda familiaridá do escritor coa vida da súa cidade natal. Hai nelas unha incitadora

riqueza de imaxes; elegancia literaria e suxestión artística; mestría estilística e preocupación imaxinativa revestida cun consumado arte de escribir. O ordinario faise, nefeito, eiquí, materia de arte, e a obra aparez embebida de sensualidá: sensualidá na fruición da materia, e volutuosidá na elaboración, na téinica.

As lembranzas que o escritor trague á nosa atención son lembranzas acesas. No libro ábrense de par en par tódalas fiestras ó frenético goce da luz. Sempre as palabras alagadas na auga souril, recobran o seu precioso e limpo senso. Van as palabras, buídas, lostregueantes, axuntándose ó cabo do armoñoso friso. O enxel, o donairoso crean ese estilo pedrayista, tan peculiar. E o escritor, inda afincado na historia real, ten sempre na man a fantasía, como un abano, pra situalo de frente ou de perfil...

S. LORENZANA

VALLE - INCLÁN Y LA DIFICULTAD DE LA TRAGEDIA, por Ramón Sender *

Pra os lectores novos, Ramón Sender é ún dos derradeiros descobrementos da novelística castelán. A pubricación recente, en España, de "El bandido adolescente" e "Crónica del Alba", devolveunos un escritor que se nos perdera na néboa do esilio tras ter acadado nos anos da anteguerra ésitos multitudinarios —abonda con citar "Imán", crúa visión da guerra marroquí. Os críticos das novas promocións, Alborg, Marra-López, Minik, déronnos a coñecer a súa laboura narrativa, estremadamente abondosa e con acertos indubidables, nembargantes non ter acadado o interés que merescía, hastra o punto de que os máis documentados estudos de conxunto da literatura castelán iñoraban o seu nome. Novelista intuitivo, cunha fantesía indomeñable, fabulador e anárquico, tempero irreductíbele de loitador illado, Sender é un "raro" no panorama da novelística castelán de hoxe. Pero acarón desta obra narrativa atópase a laboura crítica desenrolada por Sender, moi interesante sempre polos seus persoalísimos criterios de valoración e o insobornable dos seus xuicios, disposto sempre a crebar as formulacións simplistas impostas ao longo dos anos pola perguiza mental. Xa no ano 1950 pubricara en México un estudo encol de Valle-Inclán, formando corpo con outros adicados a Unamuno e Santayana, nun libro cáseque descoñecido nesta banda do Atlántico. Agora ofrécenos a súa persoalísima visión da vida e a obra do gran escritor galego nun volume estremadamente suxestivo.

Sender tratou íntimamente a Valle-Inclán. Malia a diferencia de idade, houbo entre o novel escritor e o vello mestre unha fonda amistade, feita de confianza e comprensión, e lonxe da posición rendidamente ademirativa do discípulo. As primeiras páxinas do libro —que por certo non ten partes, nin capíduos, nin xeito algún de división: cento cincoenta páxinas dunha tirada— están adicadas a nos presentar unha visión de Valle-Inclán radicalmente alonxada da que nos ofreceran a eito outros biógrafos, máis atentos a locir o seu persoal inxenío que a esculcar a fondura humán dun persoaxe complexo e desconcertante. A visión que da persoalidade de Valle-Inclán nos ofrece Sender, sintetízase nesta frase: "Valle pasa por un fátuo del que se cuentan y se escriben sólo despropósitos, cuando entre los escritores que yo conocí —incluídos Baroja y Unamuno— era el único que tenía la discreción y cuidado de los matices en la convivencia y en el diálogo". E insiste logo: "Valle-Inclán era por naturaleza un hombre sencillo, modesto y práctico". E completa a súa visión per-

* Ed. Gredos. Madrid, 1965.

scal do gran escritor cun abondoso anecdotario radicalmente distinto do que nos presentan as biografías máis preocupadas pola leenda que polo persoaxe. Non sabemos hastra que ponto corresponde esta visión nova —na que coinciden todolos traballos pubricados con intención biográfica nesta conmemoración do centenario— co tempero real do gran escritor galego. O que sí se pode afirmar é que vai semellando que ún dos froitos da efemérides vai ser o liberar á figura de Valle-Inclán de todo esceso pintoresco, derrubar o mito, pra deixarnos, enxoita, unha figura humán ricaz e fonda, alicerce sobre o que, co tempo, poderáse refacer a biografía cabal que nos dea as claves deste que agora váisenos revelando cada vez máis "gran escritor" e menos "extravagante ciudadano". Xa Díaz-Plaja, no seu recente "Estéticas de Valle-Inclán", refugaba por adiantado toda complacencia no mito valleinclanesco pra cinguirse ao estudo téinico da obra, seguindo a cala que nos dera Benavente no prólogo ao tomo do Teatro das obras Completas de Valle-Inclán: "Sí. Valle-Inclán era tímido... la timidez es siempre delicadeza espiritual, buena educación, comedimiento y mesura, respeto para ser respetado, distancia para que al andar a nadie pisemos ni de nadie seamos pisados; es marcar una línea fronteriza contra los bárbaros jayanes...". Pra enxergar en conxunto unha persoalidade tan varia e contraditoria fáltannos aínda elementos esenciales, o epistolario por exemplo, que poida que non tarde en pubricarse.

Polo que se refire ao estudo da obra valleinclanesca, é curioso que Sender lle adique muito máis espacio —e supoñemos que elo quere decir tamén máis interés— á chamada "primeira época", á "visión mítica" e aos esperpentos ou ao Ruedo Ibérico. Tamén eiquí vai Sender a contrapelo da crítica, que cáseque unánimemente —ca esceición de Fernández de la Mora— amostra a súa crara preferencia pola derradeira producción do escritor arousán. Curioso é tamén, e poida que outro dos froitos do centenario, que hoxe coloquen xa algúns críticos a Valle-Inclán como a figura máisima da súa xeneración, por riba incluso de Unamuno ou de Baroja, sin que nengún se rache as vestiduras.

Mostra Sender unha decidida preferencia por "Flor de Santidad", e as páxinas adicadas a esta obra son o mellor, en fondura, lucidez, e galanura espositiva, de todo o libro. Resulta o estudo de Sender un pouco confuso de estroitura, como si houbera sido composto por iustaposición de materiás, conxuntados de xeito apresurado: artigos de xornal, notas de clase, estudos parciás, todo elo sin trabar e de maneira un pouco caótica. Esto, que pode semellar unha falla de "disciprina centífica" engade ao libro un enlevo especial e solprendente, sucédense os achados máis imprevisibles, os acertos brilantes, acarón das opiniós máis ou menos discutibles. Ten Sender o xenio das síntesis brilantes: "Se habla de barroquismo de las Sonatas, pero en todo caso es un barroquismo tímido, más cerca del plateresco que del churrigueresco desordenado y orgiástico". "Con las Sonatas nos decía Valle-Inclán de dónde venía. Con el Ruedo Ibérico nos dice adonde va. O a dónde habría querido ir". Sender, tan escelente escritor nas súas novelas, mostra selo tamén neste ensaio, dende a súa posición sin pretensiós eruditas, colocado diante da obra estudiada como un lector culto e intelixente, aberto nunha posición de independencia insobornable.

Polo que se refire ás raigames galegas do arte de Valle-Inclán, Sender, seguindo a Rubia Barcia, danos unha lista de precedentes, algúns deles máis que discutibles. Non considera —i é un acerto— "Los Pazos de Ulloa" como antecedente direito das "Comedias Bárbaras". Ve simplemente unha suxestión temática "pero hablar de paralelos entre Valle-Inclán y la Pardo Bazán es arbitrario y sin base. La condesa es mujer de análisis... Valle-Inclán es hombre de síntesis... las tres Comedias Bárbaras caben materialmente en un capítulo de los Pazos de Ulloa... Y sin embargo su impresión en nuestra memoria es más profunda y más indeleble". "La intención de Valle-Inclán en toda su obra, en prosa o verso, dramática o

narrativa, es una intención lírica. La de la condesa es psicológica, moral, y social". Como antecedentes galegos cita Sender a Murguía, Rosalía, Vicetto, Curros, Pastor Díaz e Pondal. Deste derradeiro, pra apoiar o seu aserto, danos a versión libérrima e prosificada do poema que comenza "¡Virgen valme!", que, atraveso de Sender, resulta efectivamente moi valleinclanesco.

A tesis central da obra de Sender é a incapacidade do español prá traxedia —pra escrebir traxedias— e presenta a Valle-Inclán como un exemplo típico. "La tragedia no tolera ni el humor, ni la ironía, ni los efectos líricos por acumulación de lo grotesco, ni otra actitud que la elemental del hombre en lucha épica con su destino... Valle-Inclán pudo haber sido un poeta trágico como no lo hemos tenido en España, con una aptitud excepcional para desenvolver y mostrar el mal que existe en las cosas en sí, y la justificación fatal del sufrimiento, y todavía, por encima de todo eso, la posibilidad de decorar ese sufrimiento con la misma grandeza de la protesta". O que en opinión de Sender empece a posibilidade de creación tráxica en Valle-Inclán son os componentes espresionistas e deformadores, líricos, da súa obra. "La verdad es que el teatro de don Ramón no es teatro. Le sobra densidad lírica y le falta plasticidad, movimiento psicológico". "El público no se engaña en una cosa que le atañe tan directamente como el teatro, y prefiere una comedia mediocre —pero comedia— a un poema espléndido que en escena no tiene virtualidad". A verdade é que tanto o teatro de Valle-Inclán como la Celestina, que é o outro exemplo que Sender pon de non-teatro, estánse a representar cun ésito certamente afalagador, do que si ben hai que considerar —polo que a Valle se refire— o que poida ter de curiosidade pola efemérides do centenario, tamén hai que ter en conta a enorme complexidade e as esixencias de toda cras que impón ao espectador. En opinión de Sender o que lle falla ao teatro de Valle pra ser verdadeiro teatro é "una inocencia que probablemente los españoles no hemos tenido desde hace muchos siglos —¿la hemos tenido alguna vez?— y que nos ha impedido compartir la ingenuidad creadora de esas grandes culturas donde, como dice Renán, la ley, la religión y la poesía, iban espontáneamente y milagrosamente juntas. En España ningún poeta cree en la iglesia ni en la ley, ningún cura en la ley ni en la poesía, ningún político en la iglesia ni en la literatura. Cuando alguién dice que cree en esas cosas, es un tonto o un pícaro".

É, en definitiva, o libro de Sender, un xeito de libro que non estamos afeitos a ver, libro de interpretación libre, con muito de creación persoal, sin vanas comprexidades, un libro persoal, discutible e intelixente, feito pra que todos cantos o lean teñan materia pra pensar e discrepar.

BASILIO LOSADA

LABOR DO CENTRO DE ESTUDOS FINGOY

A coleición de volumes do "Centro de Estudos Fingoy", que comprende ate o de agora *Versos iñorados ou esquecidos de Eduardo Pondal* e *Contos populares da provincia de Lugo*, arrequéntase co *Cancioneiro de Pero Meogo*, recén saído do prelo.

Algunhas distas pubricacións foron posibres gracias ó sistema de becas concedidas po'o Centro a graduados universitarios que fixeron as suas prácticas docentes naquela Institución. Así, o profesor Bernardino Graña ordeou os testos folklóricos recollidos polos mestres de escola da provincia de Lugo, que constituiron os referidos *Contos*, e do mesmo xeito o hoxe catedrático en Vigo, X. L. Méndez Ferrín preparóu a edición crítica de Pero Meogo que vimos de mencionar.

Outros estudosos teñen disfrutado de becas pra traballar noutras materias de interés galego. Lembraremos os casos de Xesús Cumplido, que traballóu sobre a noseoloxía de Amor Ruibal; Arcadio López-Casanova, que estudóu a poesía de Luis Pimentel; e María Victoria Carballo, cuio libro *Escultura contemporánea en el Museo de Lugo* foi editado pola Xunta do mesmo, e comentado nun número anterior da nosa revista.

Tamén recibíu asistencia de Fingoy, a licenciada en Filoloxía Románica, Carmen Santamaría, que ven de presentar na Universidade de Oviedo unha memoria de Licenciatura tiduada *La "geada" en la provincia de Lugo*. Iste traballo, realizado sobre o campo, estabelece ũn mapa da indicada particularidade fonética, que supón un importante avance sobre os estudos anteriores encol da materia, i estabelece unha área de "geada" na indicada zona, máis estensa que a reflexada na monografía de Zamora Vicente. O límite da zona de "geada" avanza cara o leste, salvando nalgúns pontos a divisoria provincial e penetrando pol'o centro da provincia con grande densidade ate a propia capital, no que, por istas latitudes, se inicia a transición cara a área que non enxordece o sonido en custión. Hai outras importantes reitificacións de detalle.

En colaboración coa Fundación Penzol, o Centro de Estudos Fingoy presta actualmente tamén a sua axuda á licenciada en Románicas pola Universidade de Santiago, María do Carmo Enríquez Salido, que anda a estudar a fala mariñeira do Grove.

POESÍA DO BRASIL

Co iste tíduo publicouse fai dous anos en Río de Janeiro, a derradeira escolma de poesía brasileira, obra dun dos millores poetas aituaes do Brasil, Manuel Bandeira, e do crítico de poesía José Guillermo Merchior.

No volume axuntáronse máis de trescentas obras dos máis outos valores da poesía brasileira de tódolos tempos, dende os seus comezos deica os nosos días. Precede a cada época ou escola poética un breve pero ouxetivo e axeitado estudo da mesma, no que se sinalan o caráiter da poesía nese tempo, os infruxos e os autores e obras máis destacadas e importantes. Asimesmo, denantes da escolma de cada autor dáse unha noticia bibliográfica díste.

Encétase a obra cos poetas anteriores ó romantismo, dende o P. José de Anchieta, nado nas illas Canarias e considerado cronolóxicamente coma o primeiro poeta do Brasil, Gregorio de Matos, fray José de Santa Rita Drão e Basilio da Gama, ate

José Bonifacio de Andrada e Silva, o patriarca da independencia brasileira, pra non nomear sinón a algús dos máis siñificativos.

Síguenos logo os románticos —un dos intres máis felices da poesía brasileira—, con poetas como Gonçalves Dias, Casimiro de Abreu, Fagundes Varela e Castro Alves.

Apagadas as derradeiras luces do romantismo xurden os parnasianos, como unha "reaición" contra da escola anterior, asegún apunta Manuel Bandeira. O parnasianismo abrangue a década do 60 i está representado nista escolma, antre outros, por Luis Delfino, Machado de Assis, Luis Guimarães Alberto de Oliveira, Raimundo Correia e Olavo Bilac.

Case deseguida, e como un reflexo tamén da escola francesa do mesmo nome de fís do século XIX, aparez o simbolismo. Antre os seus máis finos poetas moi ben representados nista escolma, están sin dúbida Cruz e Souza, Alfonso de Guimaraens, Mario Pedereneiras e Augusto dos Anjos.

Ate eiquí a escolma estivo a cárrego de Manuel Bandeira. O resto, baixo o títduo de "O modernismo", movimento que data do 1922, é obra de José Guillermo Merchior. Encétase con Manuel Bandeira, ó que siguen Guillermo de Almeida, Osvaldo de Andrade, Ronald de Carvalho, Jorge Lima, Cassiano Ricardo, Joaquín Cardoso, Ribeiro Couto, Dante Milano, Cecilia Meireles, Augusto Mayer, Carlos Drumond de Andrade, Murilo Mendes, Vinicius de Moraes e Cabral de Melo Neto.

Todo o Brasil, co seu pasado colonial, as suas verdes selvas, as suas montanas e os seus ríos, o seu litoral atlántico, o gozo e a dór dos seus fillos, vive e latexa nista escolma, feita con amor e talento: unha escolma que axuda, de certo, a conocer a poesía daquil belo e apaixoante país.

F. E.

A OBRA DE MASIDE

O dazaseis de agosto abríuse na "Galería Artes" da Cruña unha esposición da obra póstuma de Carlos Maside. Nela figuraban noventa e seis traballos de varios tipos —óleos, dibuxos, acuarelas—, que responden ó outo rigor caraiterístico diste artista esceicional, e que pertecen á temática máis definitiva do seu mundo.

A esposición foi a primeira dunha xeira proieitada e orgaizada polos albaceas testamentarios do pintor para mostrar unha obra descoñecida do púbrico e que ven rememorar e rubricar a enorme talla de Carlos Maside i o seu siñificado no arte galego, poisque o mundo artístico de Maside ten raigañas fondas no ser de Galicia. A sua pintura érguese á universalidade nunha identificación íntima coa terra nai.

A mostra da sua obra, deica hai pouco inédita, constitúe sin dúbida a millor homaxe que se podía facer á sua rexa figura: a apertura á relación íntima co país que il percurou a cotío no seu traballo sin trégoa.

GRENADOU, PAISANO FRANCÉS

Falouse muito nistes derradeiros tempos, en Francia, dun libro firmado ó mesmo tempo por un escritor de sona, Alain Prévost, e por un labrego, Ephraim Grenadou, abridor de sucos nas terras cereás de Eure-et-Loire. "Síntome arqueólogo, dixo Nourissier, desenterrando ista vida labrega das eiras de Eure-et-Loire, ista vida de ontes, unha vida gótica da que un eco, por algún miragre, ven deica nós a traveso dun libro". Pódense prantexar custiós sober da lexitimidade de libros coma íste, que consisten en coller na trapela do magnetofono, e despoixas en poñer en literatura, as imaxes i a linguaxe dunha vida desprovida doutros meios de espresión que os oraes. Pende, pois, ista literatura de quen a faga: pode ser unha verdade i unha obra mestra, ou somentes un testemoño ou unha falsedade. As confidencias de Grenadou a Prévost, semellan fuxir

ós perigos posíbeles. O tono é xusto, i as particularidades da linguaxe son notadas e non sulliñadas; en fin, e ísta é a calidade esencial do libro, o contido é apaixoante. A vida de Grenadou, paisano de Beauce, —¡o país da s pelerinaxes de Péguy—, nado no 1897, carreteiro de aluguer ós quince anos, hoxe propietario de cento setenta hectáreas, soldado na guerra d) 14-18, vítima das crisis do franco, aitor irónico de traxicomedias durante a Resistencia, cultivador prudente pro aficionado á mecanización, ista vida decabalo de dous séculos, dous mundos, perteñece ó "dossier" da Francia contemporánea, que ela crarexa maravillosamente.

Varias cousas se atopan na vida de Grenadou. Denantes que nada, un ordre antigo, riguroso, ademitido; unha especie de vida rústica, xestada no beiril mesmo da miseria; tradiciós rudas, o arcaismo das verbas e das situaciós, un xeito de vivir alá polo 1910, non moi difrente do que sería á fin do "Ancien Régime". Despoixas a guerra. Todo pasa, no dito de Grenadou, cunha estraordinaria simoicidade. Noutro plano, o relato é apaixoante: pola sua maneira de ilustrar a revolución que atravesou en meio século a condición paisana. Grenadou nasceu nun mundo e remata a sua vida noutro. Ista única razón —estabelecer sobre do grande cambio labrego de Francia, e de Europa, un testimoño irrexeitábel—, xustificaría xa a empresa de Prévost e do seu amigo, o labrego de St. Loup.

Pro ístes trece capíduos do libro constitúen outra cousa, e millor que un rapport pra uso de historiadores, sociólogos i economistas: unha especie de poemas, unha sucesión de cadros saborosos, a autobiografía de petrucio virxilián que non se paga con outras palabras que as do seu oficio e da terra. ¿Sabe alguén o que serán os paisanos industriaes de mañá? ¿Onde están os países terreás a vir? Grenadou é quizaves pasado, pasado ido; pro ó menos estase seguro de que está ahí, de que hai sucos, de que hai espigas, de que hai bois. De que hai un home que fala.

S. S.

ESTUDOS SOBRE UNAMUNO

Co tíduo "UNAMUNO Centennial Studies", o Departamento de Língoas románicas da Universidade de Texas editou hai pouco un feixe de traballos encol de Don Miguel, cun limiar de Ramón Martínez-López. Trátase de ensaios presentados ó simposio celebrado na citada Universidade no outono do 1964 con ocasión do centenario do nacemento de Unamuno.

Son autores: Carlos Blanco Aguinaga, da Universidade de San Diego de California, que escribe encol do "yoísmo" unamunián na sua relación co tradicional individualismo español; Raymond Cantel, da Universidade de Poitiers, que describe o infruxo da obra de Unamuno na literatura francesa; Manuel García Blanco, da Universidade de Salamanca, que aporta novos materiaes encol da relación de Don Miguel con xentes e homes de letras norteamericáns; Ricardo Gullón, da Universidade de Texas, que trata do "Cancionero" i o mundo poético unamuniáns; Antonio Sánchez-Barbudo, da Universidade de Wisconsin, que contribúe ó estudo da fe en Unamuno meiante o análise do Diario escrito por Don Miguel durante unha parte do ano 1897, e que non foi enteiramente pubricado.

O libro constitúe, xa que logo, unha moi apreciábel aportación ó conocemento da gran figura da cultura europea contemporán que é Don Miguel de Unamuno.

NOTAS

O LIBRO "Minas de San Francisco" ten encetado unha nova etapa na vida literaria de Fernando Namora. A crítica italiá clasificouno como "unha obra prima de arte e humanismo". Na verdade, nas páxinas desta novela, simultánemente tráxica e apicarada, o autor amplía e depura os seus procedementos estilísticos, introduz novos elementos nos métodos de trasposición artística da realidade dexergada, e mergulla ousadamente na pescuda sicolóxica dos persoaxes. Lo-

calizada nas agrestes paisaxes da Beira, a ación do libro decorre paralela ó desenrolo da derradeira guerra mundial.

NOS derradeiros meses apareceron na Francia e na Alemania traduciós da obra poética de A. E. (George William Russel); e tamén, en alemán, a versión dunha especie de autobiografía espritual, "A antorcha da visión", que cando se pubricara na fala orixinal foi saudada por algús como unha obra maestra. "Esto de que A. E. fala, non llo tiñamos ouvido a ninguén", dixo Georges Bataille, quen lle adicou un ensaio, "A mística puramente poética dun grande escritor irlandés". I é verdade; poucos poetas se preocuparon tanto de recuar, coma il, ate as fontes da inspiración, e de acosar á imaxinación nos seus dominios féericos. Con A. E., millor que con outro calisquer, tomamos consciencia da realidade poética e das suas leis, que, si aínda fican en grande parte escuras, fánnos entreollar as relaciós segredas que esisten entre unha certa forma superior de visión, as imaxes i a lingoaxe.

A EDITORIAL Bruguera, de Barcelona, comezou a pubricación dunha serie de pequenos volumes baixo do rubro de "Quaderns de Cultura". Entre os primeiros tomos editados cóntanse "Vida i obra de Joan Maragall" de M. Serrahima, e "Historia del pensament filosófic a Catalunya" de Jordi Berrio.

CO tíduo de "Xénesis das Literaturas" pubrícase o que, no seu día, foi prólogo pra unha Historia das Literaturas, editada pola Pléiade. Mircea Eliade trata da literatura oral e mística. Etiemble, das súas relaciós co sacro e da formación dunha literatura laica. Pierre Guillón fai un bo estudo encol do clasicismo grego, con novos puntos de vista. E Schawb fala das literaturas orientaes: palí, pracrit, bengalí, urdu, tamul, kannara, telegu, malalayam, etc., e dos seus temas, o social setting, épocas, influxos... En fin, por vez primeira ollamos "a coor" desas literaturas.

O INSTITUT d'Estudis Catalans ven de pubricar a obra do Prof. Sanchis Guarner "Contribució al Nomenclator geográfic del País Valenciá". Ista obra supón un esforzo fundamental cara a fixación dos nomes xeográficos de Valencia. Sanchis Guarner —que fora colaborador na tarefa lexicográfica de F. B. Moll— fai constar que somete as súas conclusiós á autoridade de Joan Corominas, que está a rematar o seu moimental "Onomasticon Cataloniae". O Nomenclator de Sanchis Guarner vai en tres colunas. Na primeira figura o nome empregado polo Instituto Nacional de Estadística; na segunda, o nome axeitado ou aconsellable; e na terceira, o nome da bisbarra.

NA súa casa de Taunton, no Somerset, finouse dun ataque cardíaco o escritor Evelyn Waugh. Tiña cumpridos sesenta e dous anos. Nun prólogo á tradución ó francés dunha das súas obras, Jean Giradoux loubou a "súa crueldade, a súa amargura, e tamén eu non sei que nova sorrisa". Ficaba ben definido o escritor que ía afirmárese no decorrer dos anos como o grande poeta do desencanto; pois aínda máis que o seu coetáneo Graham Greene, describíu un mundo condanado ó absurdo tan definitivamente, que os esforzos de algús homes intelixentes ou sensíbeles, están fadados a un fracaso ridículo.

UNHA das manifestaciós que en Portugal e no Brasil ten sinalado a celebración do cincoenta aniversario do inicio da vida literaria de Ferreira de Castro, foi a fundición en bronce dunha medalla labrada polo escultor Vasco Pereira da Conceição. O seu valor conmemorativo, aliado á proxeición do seu autor, contribuirá a lle conferir un valor numismático que interesará non só ós coleicionistas, sinón tamén a cantos desexen conservar un testimoño das conmemoraciós do cincuentenario da publicación de "Emigrantes".

NO pasado mes de xulio apareceu en Barcelona o primeiro número do semanario "Tele-Estel", pubricado enteiramente en catalán. "Tele-Estel" quere ser un semanario catalán de xeito popular, aínda que a un nivel cheo de diñidade. Trátase da primeira pubricación periódica en catalán xurdida con caráiter púbrico tras do 1939, pois a revista "Serra d'Or", de tan sólido prestixio, é unha pubricación do Mosteiro de Montserrat. Na nota de presentación de "Tele-Estel", afírmase: ..."un setmanari catalá és una victoria de tots, un pas endavant en el terreny de la mutua intelligencia".

GRIAL

revista galega de cultura

Precios de venda e suscrición

Número solto	60	ptas.
Estranxeiro	75	"
Suscrición anual, 4 números ..	200	"
Estranxeiro	240	"

REDACCION E ADMINISTRACION

Editorial Galaxia—Reconquista, 1 — V i g o

Imp. nos Talleres Gráficos de "Faro de Vigo"
Colón, 30 - Vigo — Dep. Leg.: VG - 99 - 1963


EDITORIAL
GALAXIA, SA